

Queremos agradecer a colaboración de todas as persoas
que dalgún xeito colaboraron con este proxecto de
investigación, especialmente ás mulleres de
todo o territorio municipal, e
ás nosas compañeiras
e compañeiros da
Casa de Pedra

AUTORAS:
Luzia Fernández González
Laura Montero Cardama
Axentes de Igualdade

Camariñas, Decembro de 2003

INDICE .

<u>PRIMEIRA PARTE</u>	<u>PÁXINAS</u>
<u>1.Introducción á diagnose</u>	1
1.1. A perspectiva de xénero	1
1.2. Políticas de igualdade	3
1.3. O mito do matriarcado na costa galega	3
<u>2.Metodoloxía</u>	6
2.1. Técnicas cualitativas de investigación social	6
2.2. Técnicas cuantitativas de investigación social	7
2.3. Pasos na recollida de datos	8
<u>3.Análise demográfica</u>	9
3.1. Análise poboacional de Camariñas	9
3.2. A fecundidade en Camariñas (1991-2001)	12
3.3. Análise comparativa da fecundidade en Camariñas (1991-2001)	14
3.4. Análise da mortalidade	16
3.5. Estudo das migracións en Camariñas	18
3.5.1. Análise da emigración	18
3.5.2. Inmigración	24
<u>4. Nivel de formación en Camariñas</u>	26
4.1 Educación de persoas adultas	29
<u>SEGUNDA PARTE: O TRABALLO FEMININO.</u>	
<u>5..Traballo domestico versus traballo asalariado.</u>	31
<u>6. O sector do encaixe</u>	35
PRIMEIRA PARTE:	
6.1. Historia do palillo	37
6.2. Iniciativas institucionais	39
6.3. Estructura do colectivo de palilleiras	40
6.3.1. Idades	40
6.3.2. Distribución territorial	41
6.3.3. Tipos de palilleiras en función da actividade	41
6.3.4. Clasificación en función de horas traballadas	42
6.3.5. Estimación de ingresos das palilleiras	42

SEGUNDA PARTE:

6.4. Análise do grupo de discusión	44
6.4.1. O palillo e o rol feminino	44
6.4.2. O palillo como un non traballo	46
6.4.3. Aprendizaxe: As palilladas	48
6.4.4. O cambio das nenas e mozas	48
6.4.5. Comercialización e economía do mar	50
6.4.6. As asociacións e a venda directa	53
6.4.7. Imaxe das iniciativas institucionais	54
6.4.8. Alternativas de futuro	56
6.4.9. Conclusións do grupo de discusión.	57
<u>7. As mulleres e o mar</u>	59
7.1. Metodoloxía e fontes	59
7.2. O traballo das mulleres en terra	60
7.3. A presenza das mulleres en actividades extractivas legais	62
7.3.1. As mariscadoras a pé	63
7.3.2. As mariscadoras a flote	66
7.3.3. As percebeiras	67
7.3.4. Outros colectivos	72
7.4. Estratexias de renda familiar	72
7.5. Participación e representatividade social	74
<u>8. Muller e empresa</u>	75
8.1. Papel da muller nas empresas	75
8.2. A conserveira	77
8.2.1. División sexual do traballo	78
8.2.2. Sistema de control	81
8.2.3. Condicións xerais de traballo para as mulleres da fábrica	82
8.2.4. Conclusións	83
8.3. Os obradoiros textiles	85
8.3.1. Conclusións	86.
<u>9. O Desemprego feminino en Camariñas</u>	87
9.1. Análise do desemprego femenino	87
9.2. Conclusións	92

TERCEIRA PARTE.

<u>10.A vida cotiá das mulleres</u>	94
10.1. Control social	94
10.2. As mulleres na estrutura familiar	96

10.3. O control da sexualidade feminina	97
10.4. OS tempos e espacio de ocio	98
<u>11. Violencia de Xénero</u>	100
11.1. O caso de Camariñas	100
<u>12. Consecuencias do Prestige para as mulleres</u>	103
<u>13. A participación social das mulleres</u>	107
13.1. Importancia das asociacións. O tecido asociativo hoxe.	107
13.2. As asociacións de mulleres	107
13.3. Situación do asociacionismo en Camariñas	108
13.4. Debilidades da participación feminina no mundo asociativo	109
13.5. Participación das mulleres na política	111

CUARTA PARTE.

<u>14. CONCLUSIÓNS.</u>	113
14.1. Creación do servizo de atención ás mulleres	113
14.2. As demandas expresadas polas mulleres	114
<u>15. A realidade detectada dende o punto de vista técnico</u>	117
15.1. O modelo de muller	117
15.2. No sector do encaixe	118
15.3. No mercado laboral	119
<u>16. Recomendacións para o concello</u>	121

ANEXOS E BIBLIOGRAFÍA

Taboas de demografía
Taboas de mortalidade
Taboas de Educación
Fichas das entrevistadas

Bibliografía

PRIMEIRA PARTE

INTRODUCCIÓN Á DIAGNOSE



METODOLOXÍA
ANALISE DEMOGRAFICA
NIVEL DE FORMACIÓN DAS MULLERES

1. INTRODUCCIÓN

A realización deste estudo de investigación constitúe o primeiro paso na implantación do servizo de atención especializada ao colectivo feminino en Camariñas, que ten como fin promover a igualdade de oportunidades, non só a nivel legal, senón tamén práctico, entre mulleres e homes dentro do territorio municipal.

A creación deste novo servizo, promovido dende o Concello, precisaba dun punto de partida dende o que orientar as accións que se desenvolverán no futuro. Estudos de diagnose como o que nos ocupa, teñen a finalidade de aportar unha visión de conxunto sobre un determinado colectivo, así como unhas conclusións que orienten, adapten ou modifiquen os recursos e servizos públicos que teñen como fin acadar un maior grao de benestar e integración para dito grupo social.

1.1. A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas últimas décadas do século XX, e gracias fundamentalmente ao movemento feminista, deuse unha ruptura conceptual dentro das ciencias sociais, que ata entón consideraban ao home como medida de todos os fenómenos sociais, sen ter en conta a existencia das mulleres como grupo social diferenciado. A crítica feminista ao androcentrismo metodolóxico na investigación social, deu lugar a novos conceptos teóricos e de análise, nos que destaca a definición do **sistema sexo/xénero**, do que partimos como base para analizar a situación do colectivo feminino dentro da nosa sociedade.

Este novo enfoque permite investigar sobre a **construcción cultural do xénero**, separando dous conceptos que ata entón estaban unidos. Por unha banda, está o **sexo**, que non é máis que unha categoría biolóxica que divide aos seres humanos en dous grupos, homes e mulleres, sen determinar necesariamente os comportamentos de ambos. Por outra banda, o **xénero** fai referencia á construción social e cultural que en cada sociedade otorga a cada un dos sexos unhas atribucións, obrigas, prohibicións, roles, capacidades, sentementos, etc., determinando o seu papel dentro da sociedade, á interrelación entre ambos e ás diferentes relacións de poder/subordinación en que estas

interaccións se presentan.

SEXO	XÉNERO
Características biolóxicas	Características culturais
Dado pola xenética	Aprendido
Non pode cambiarse	Pode cambiarse
Exemplo: Só as mulleres	Exemplo: mulleres e homes
poden parir	poden coidar d@s nen@s e
(Walker: 1997)	persoas maiores

Polo tanto, ser muller non é só nacer cos xenitais femininos, senón tamén acatar todo ese sistema aprendido que é o xénero, que comporta unha serie de expectativas diferenciadas dende a infancia para nenas e nenos, o que acaba dando lugar a unha situación desigual (en termos de dereitos, valores e oportunidades) e a un código complexo que organiza e regula as relacións entre os sexos.

Este sistema ten xerado historicamente *"unha situación de discriminación e marxinação das mulleres nos aspectos económicos, políticos, sociais e culturais, así como nos ámbitos público e privado, establecendo moi clara e diferenciadamente a intervención dos homes na esfera produtiva e das mulleres na reprodutiva"* (C. de la Cruz, 1998).

Mais *"o xénero non é o único eixo de diferenciación social dentro dunha sociedade, non todas as mulleres están monoliticamente subordinadas a todos os homes, nen todas as mulleres ocupan a mesma situación. As distincións de clase, ou de pertenza a grupos étnicos ou relixiosos, por exemplo, establecen distincións entre mulleres que –moitas veces– son pertinentes para comprender os distintos recursos sobre as relacións de xénero vixentes nunha sociedade e a súa interacción coas prácticas sociais"* (Moreno, 1997).

Esta investigación está realizada dende a **perspectiva de xénero**, que consiste en ter presente a vivencia diferenciada dos feitos sociais para ambos sexos, así como ter en conta as relacións de dominación e subordinación que se establecen entre os dous xéneros, nas que os homes adoitan atoparse na situación de poder.

1.2. AS POLÍTICAS DE IGUALDADE

Na actualidade, a pesar de que contamos cun marco legal igualitario para mulleres e homes, é evidente que estamos lonxe de acadar a igualdade real de oportunidades entre ambos xéneros. Para que ésta sexa efectiva, é evidente que non abonda coa lexislación, senón que se fai necesario un cambio nas actitudes, comportamentos, xeitos de vida e estruturas sociais que impiden ás mulleres o desenvolvemento da súa personalidade e a súa participación activa no mundo laboral, político, asociativo, etc.

Esta é a razón da existencia das **políticas de igualdade**, que son estratexias destinadas a implantar a igualdade de oportunidades por medio de medidas concretas que permitan corrixir discriminacións resultantes de hábitos ou prácticas sociais, incorporando á noción abstracta de igualdade, oportunidades reais e concretas para as mulleres. As políticas de igualdade constitúen sistemas de vantaxes ou compensacións que, con carácter temporal, están destinados a cubrir as carencias que, individual ou colectivamente, viven as mulleres en calquera ámbito.

O ámbito local preséntase como un contexto idóneo para poñer en práctica o principio de igualdade, xa que é a administración mais próxima á cidadanía (o que permite unha participación cidadá activa), a que mellor coñece as necesidades da poboación, é fonte de emprego e proveedora de servizos, e responsábel de asegurar a cobertura de necesidades básicas da poboación.

1.3. O MITO DO MATRIARCADO NA COSTA GALEGA

*Tecín soia a miña tea
sembrei soia o meu nabal
soia vou por leña ao monte
soia vexo arder o lar...
O meu homiño perdeuse
ninguén sabe onde vai...
(Rosalía de Castro)*

Existe un mito moi extendido sobre a existencia dun suposto **matriarcado** na Galicia costeira, entendido como sistema social no que as mulleres xogan un papel preponderante, no que exercen o poder social, e que sería produto da permanencia deste rasgo de orixe supostamente celta. Queremos romper esta falsa idea, cuxa utilidade habitual é a de rebatir as reivindicacións das mulleres, atribuíndolles certas áreas de poder que realmente non teñen. O único que ten detrás este mito é a súa utilización para xustificar a orde existente de sobreexplotación, que non poder, das mulleres. Para iso tense sustentado en distintos argumentos, normalmente por comparación con outras zonas do estado, especialmente o mundo mediterráneo, ou mesmo coa Galicia interior.

Unha destas argumentacións desenvólvese en torno a práctica social de transmisión da **herdanza** a través das mulleres, existente en toda a costa galega, onde normalmente era unha filla a que herdaba a casa familiar. Neste caso, eran os homes os que pasaban a residir en casa d@s sogr@s, en contraposición co sistema habitual de circulación de mulleres. Se comparamos este sistema co que prevalece no interior, no que as mulleres van vivir á casa do marido, podemos ver que o da costa é menos traumático para as fillas, que non abandoan a familia de orixe, nen se teñen que enfrentar á figura da sogra, reforzándose a relación nai-filla. Ata o ano 1975 (L. Méndez, 1988) as mulleres non gozaron plenamente dos seus bens herdados, xa que ata ese momento precisaban da sinatura do seu marido ou outro home para dispor dos mesmos. Segundo o antropólogo M. Gondar (1991), *"a manda matriliñal non é unha victoria sobre o home, senón un mecanismo de defensa contra o potencial desamparo"* da muller, que na costa está sempre moi presente, xa que tanto a emigración masculina como o traballo dos homes no mar conlevan en sí mesmos o perigo do non retorno: *"...o feito é que a súa permanenza en terra é practicamente nula. E o que é máis importante, o perigo de morte por naufraxio ou de esquecemento do fogar por unha permanencia prolongada noutras terras, é moi alto. O ser "viúva de mortos", ou "viúva de vivos" é un perigo que constantemente acecha ás mulleres da costa"* (Gondar, Ec. GAL).

Por outra banda, moitas mulleres galegas tiñan e aínda teñen unha forte **presenza en actividades laborais** tales como o marisqueo ou a agricultura, feito que contrasta con outras zonas do estado. Neste último caso, nas zonas costeiras tense dado normalmente unha economía de tipo mixto, que conxugaba as rendas agrarias e do mar. O feito de que o mar sexa un espazo exclusivamente masculino, que ademáis provoca a ausencia dos homes, ten propiciado que xeralmente a organización da produción agrícola, os procesos de toma de decisións, as vendas, e a organización do traballo comunitario teña recaído nas mulleres, dándose un sistema mais igualitario, que non de superioridade, entre homes e mulleres a este respecto. Asimesmo, nas zonas costeiras existe unha longa tradición de mulleres asalariadas, dende a chegada dos empresarios cataláns coas súas instalacións de salazóns e conserveiras.

Se temos en conta a distinta valoración do traballo que realizan homes e mulleres, decatáronos de que a maior parte das actividades laborais que éstas desenvolven están minusvaloradas en canto a súa importancia, cando non absolutamente invisibilizadas ou ninguneadas.

O exemplo mais evidente desto podémolo atopar na falta de valoración social do traballo doméstico e reproductivo, absolutamente necesario para a supervivencia social, e exercido ata hai ben pouco exclusivamente polas mulleres. Tamén da contribución das mulleres á agricultura ou gandeiría, onde a súa aportación é considerada como unha extensión do obrigatorio traballo doméstico, unha "axuda", e non valorado como tal.

Por último, o elevado número de **nais solteiras** ten sido utilizado para falar dunha suposta liberdade de costumes sexuais na nosa terra. Hoxe sabemos que no século XVIII, mentras Galicia tiña unha das taxas de natalidade máis baixas de Europa, o número de nais solteiras era dos máis

altos do continente europeo. Se temos en conta que tamén había unha alta taxa de solteiría, debido a que era só unha das fillas ou fillos quen herdaba a casa, que a emigración maioritariamente masculina implicaba un desequilibrio demográfico no que a taxa de mulleres era moito mais elevada do habitual, e a que tradicionalmente os fillos e fillas supoñían un seguro para a vellez da nai, este fenómeno resulta de fácil comprensión.

O estudo de M. Gondar (1991) sobre as viúvas da costa galega presenta un panorama ben diferente sobre a realidade destas mulleres. Segundo as súas conclusións, o seu papel, lonxe de moverse dentro desa liberdade sexual tan pregonada, realmente consiste en funcionar como a representación da moralidade da comunidade: *"Na maioría das sociedades, e por suposto na galega tradicional, a muller está moito máis coartada socialmente có home, ata o punto de que podíamos falar dela como símbolo do cumprimento das normas, tan poucos son os escapes que se lle permiten e tanta a dureza con que se castigan os seus deslices...E non se debe entender que esta función de símbolo da moralidade que a muller encarna é reducida ao campo do sexual ou de que con isto máis ou menos se relaciona"*. (M Gondar, 1991)

Polo tanto, partimos aquí da concepción de que existen unha serie de desigualdades entre homes e mulleres, nas que as segundas están subordinadas aos primeiros, que gozan dunha liberdade e unhas oportunidades ben superiores, estando exentos da maioría dos traballos básicos para a supervivencia (o traballo doméstico).

2. METODOLOXIA

O termo metodoloxía en Ciencias Sociais aplícase ao xeito de enfocar e plantexar unha investigación, elexindo un ou outro método segundo os nosos intereses e propósitos.

Neste estudo combínanse as análises **cuantitativa** e **cualitativa**, empregando distintas técnicas segundo a área a analizar. Coa primeira análise búscase determinar as características externas xerais dunha poboación observando moitos casos individuais; a segunda pretende comprender, o máis profundamente posíbel, unha entidade, fenómeno vital ou situación determinada.

A grande división metodolóxica en investigación social dase entre métodos de tipo cuantitativo e cualitativo. Aínda que ten habido unha forte polémica entre partidari@s de ambas, neste estudo considerámo-las como complementarias, xa que cada unha delas aporta distintos matices ás interpretacións da realidade.

2.1 AS TÉCNICAS CUALITATIVAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

Na investigación de tipo cualitativo o obxecto de análise está constituído polos **discursos** dos distintos actores sociais, partindo do feito de que cada grupo social detenta un tipo de discurso estereotipado, producindo os individuos opinións en consonancia coa ideoloxía e intereses do grupo de pertencencia. Ten que ver co xeito en que as persoas interpretan a súa propia experiencia e cómo usan esas interpretacións para guiarse na forma de vivir, xa que se parte da base de que os fenómenos sociais son producidos polas consciencias e vontades dos axentes sociais. Encádrase na perspectiva dialéctica das relacións sociais.

Polo tanto, o primeiro paso nunha investigación deste tipo consiste en producir o discurso dentro de situacións de comunicación interpersonal máis ou menos controladas pola investigadora, que posteriormente se encargará da súa transcripción, interpretación e análise.

Dentro da metodoloxía cualitativa, as técnicas de investigación máis utilizadas son a entrevista en profundidade e o grupo de discusión.

A **entrevista en profundidade**, segundo Alfonso Ortí, "*é un diálogo cara a cara, directo e espontáneo, entre a persoa entrevistada e a que investiga. Esta última orienta o discurso lóxico e afectivo en base aos obxectivos definidos, e ao transcorrer da propia entrevista*".

Aínda que o desenvolvemento desta técnica dentro das ciencias sociais xurdeu dende a Psicoloxía, que nun principio a utilizaba como técnica terapéutica, a función metodolóxica da entrevista en profundidade aplicada á investigación social consiste en reproducir o discurso motivacional dunha personalidade típica nunha situación determinada. Non se aspira a ver os

seus problemas individuais ou persoais, senón a forma social (cultural e de clase) da estrutura da súa personalidade e os seus condicionamentos ideolóxicos.

Unha vez realizada e grabada a entrevista, para o cal previamente se seleccionan as persoas entrevistadas e se elabora o guión da mesma, en función da información que se quere obter, realízase a súa transcripción e posterior análise.

O **grupo de discusión** è unha técnica moi similar á anterior, radicando a diferenza entre ambos en que neste último a información se obtén dunha situación de comunicación interpersonal, pero a nivel grupal.

Constitue un tipo especial de grupo en canto a que ten o obxectivo de obter información de carácter cualitativo sobre unha área definida de interés, sendo os seus obxectivos de investigación e non de intervención. Neste tipo de grupos existe un número mínimo de participantes (4), así como un máximo (12), por cuestións técnicas, oscilando o número ideal entre as 6 e 10 persoas, que serán seleccionadas en función do grupo social que se quera investigar.

Neste caso, a investigadora guía a conversa, que durará entre unha hora e hora e media e será grabada, creando un clima permisivo que fomente a expresión de distintas concepcións e puntos de vista, sen presionar ás participantes a chegar a un consenso, xa que non é este o obxectivo do grupo. A investigadora-moderadora ten que exercer a autoridade sen que se note, adaptando a súa linguaxe á das participantes, evitando facer xuízos de valor, e participando o mínimo posíbel, só formulando as preguntas, a non ser que se dean situacións de non participación, monopolio do discurso, fortes polémicas ou pelexas, desinterés, etc.

Unha vez realizado todo isto, transcríbese a conversa para a súa análise e interpretación. Neste momento da investigación é no que se poden atopar máis dificultades, xa que non hai modelos formais para elo, relacionando a investigadora a orientación ideolóxica dos discursos producidos polo grupo coa xénese e reprodución dos procesos sociais. A análise pragmática do discurso debe referirse aos conflitos sociais da situación histórica que o enxendra e configura, interpretándoo como un reflexo do que hai na sociedade global.

2.2. AS TÉCNICAS CUANTITATIVAS DE INVESTIGACIÓN SOCIAL

Se realizamos investigación social a través de técnicas de tipo cuantitativo, o noso obxecto de estudo xa non serán os discursos senón os feitos sociais, considerados independentemente das consciencias e vontades dos axentes sociais. Encádrase na perspectiva analítica das relacións sociais, que cuantifica para realizar a interpretación. Para elo apóiase en dous tipos de teorías: a matemática rigurosa e a de probabilidade e muestreo. Dentro deste estudo empregouse fundamentalmente a análise de documentos estatísticos, tanto de tipo primario (obtidos expresamente para esta investigación), como secundario (recollidos para investigacións anteriores).

Dentro do apartado cuantitativo, foi relevante o uso da **análise demográfica**, que é un método específico de exame, avaliación e interpretación das compoñentes e procesos de cambio da poboación, en especial os nacementos, mortes e migracións, nun momento determinado.

2.3.PASOS NA RECOLLIDA DE DATOS

Este estudo iniciouse cun achegamento á realidade sociolaboral do concello, mediante a obtención de **datos secundarios**, a partir de documentos escritos sobre as características xerais do concello e sobre a situación na que viven as mulleres en Camariñas. O motivo polo que utilizamos este tipo de datos é que para nós resultaría moi custoso, ademais de complicado, producir os nosos propios datos. Por este motivo recurrimos aos xa existentes que eran aplicábeis a este estudo concreto e que respondían á nosa estratexia metodolóxica.

Asimesmo, para achegarnos aos diversos temas tratados nesta Diagnose, realizamos unha **investigación bibliográfica** dos mesmos, na que foi moi relevante a consulta de traballos realizados por persoal municipal nas distintas áreas de traballo que desenvolven, ademais de diversas publicacións de outro tipo.

En primeiro lugar, tratamos de familiarizarnos ao máximo coa área de investigación. Para facilitar esta tarefa realizamos unha revisión bibliográfica en profundidade de dita área. Tamén empregamos a información adquirida a través dos estudos e informes municipais.

A utilización de datos secundario de tipo censal permítenos coñecer o pasado de Camariñas e comprender o presente e o futuro a través do estudio do proceso de cambio social e cultural. Gostaríanos sinalar, que á hora de recabar información tivemos moitos problemas para acceder aos datos, xa que por tratarse dun municipio de menos de 10.000 habitantes, os organismos responsábeis de tratar esta información, o INE e o IGE, non explotan os datos referidos no Padrón Municipal.

Para documentar cualitativamente este estudo, ademais da **observación participante** desenvolvida durante un ano, realizáronse varias entrevistas en profundidade, outras de carácter aberto a informantes clave, así como un grupo de discusión. Asimesmo, empregamos técnicas de tipo participativo, como GIAPs (grupos de investigación-acción-participativa), que se desenvolveron en Camelle e a Ponte entre os meses de decembro do 2002 e abril do 2003. Asimesmo, o monitorado de diversos Obradoiros de Motivación, Habilidades Sociais e Asociacionismo realizados dende novembro de 2001, ofreceunos datos máis relacionados coa vida familiar e os anxeos das mulleres.

Por último, para finalizar o noso estudo, realizouse unha "Xornada de demandas das mulleres camariñas", con técnicas participativas, nas que se recolleron as peticións de mulleres de idades comprendidas entre os 23 e os 73 anos, procedentes de todas as parroquias do concello e con diferentes ocupacións, nos ámbitos familiar, laboral e de ocio. (VER ANEXO METODOLÓXICO)

3. ANÁLISE DEMOGRÁFICA

Neste capítulo realizaremos unha análise demográfica da poboación de Camariñas. Esta análise é un método de exame, avaliación e interpretación das compoñentes e os procesos de cambio da poboación, especialmente os nacementos, mortes e migracións. A necesidade de contar con estimacións e proxeccións da poboación radica na súa importancia para a planificación de diferentes actividades. No noso caso precisamos estas cifras para planificar as demandas e necesidades da poboación feminina. En esencia, preténdese facer unha análise detallada do comportamento pasado, coa finalidade de tratar de establecer tendencias sobre o comportamento esperado para o futuro.

3.1. ANÁLISE POBOACIONAL DE CAMARIÑAS

A poboación de Camariñas no 2001 atopábase en estado estacionario, presentando a súa pirámide de poboación un estreitamento na base, como consecuencia do descenso da natalidade, e un ensanchamento na cúspide, maior na banda das mulleres, reflexando o envellecemento da poboación, que se debe fundamentalmente ás melloras das condicións hixiénicas e sanitarias. Nese ano o 19,44% das persoas eran maiores de 65 anos, 7 puntos por riba das cifras acadadas en 1991, cando representaban o 12,5%, confirmándose no noso caso a tendencia ao envellecemento, característica da poboación galega en xeral.

Se nos fixamos na **estructura por sexos**, observamos nas relacións de masculinidade que das persoas nadas, é superior o número de nenos, diferenza que desaparece no intervalo de idade de 35 a 45 anos, no que están igualados, invertíndose de novo á idade dos 80 anos, onde son as persoas de sexo feminino as que teñen un maior peso na estrutura poboacional.

Na pirámide de poboación de 1991, pódense constatar aínda os efectos da Guerra Civil Española, plasmada nun estreitamento nas franxas de idade de 50 a 54 anos, como consecuencia da redución de homes en idade de procrear, unida ás malas condicións hixiénicas, sanitarias e alimentarias que reduciron considerabelmente o número de nados e nadas. Estes efectos son os denominados "efectos secundarios", e refírense neste caso aos non nados (Rafael Puyol Antolín)

Queremos salientar as cohortes de idade que van dos 65 aos 85 anos, porque é aquí onde podemos constatar o fenómeno do **envellecemento poboacional** que sofre Camariñas, xa que nos atopamos cunha cohorte de idade (65-69) na que se concentra unha gran cantidade de poboación xa xubilada. Todo isto pode verse reflexado no **indicador de activos**, acadado para o ano 2001 o valor de 63,30% sendo inferior á media da Comunidade Autónoma, situado

en 67,08%. O **índice de remprazo da poboación activa** indícanos que houbo unha diminución, tanto na poboación de 15-19 anos coma na de 60-64, ambas en idade activa, aínda que o descenso na primeira, formada por xente moi nova, que constitúe o relevo xeracional, foi moi superior ao da segunda, que virá a engrosar en poucos anos o grupo de poboación xubilada. O **índice de vellez** vai acadando valores cada vez máis elevados, tendo pasado do 18,9% en 1991, ao 28,89% en 2001. De xeito paralelo, vaise producindo un considerábel descenso no **índice de xuventude**, que pasou de representar o 32,05% da poboación total en 1991, ao 19,68% en 2001, o que apunta un **índice de dependencia** (que mide o peso da poboación non activa sobre a activa), cada vez maior.

O problema que conleva unha poboación envellecida é o peso que terá que aturar a poboación activa ao incrementar o número de persoas maiores, debido á mellora do nivel de vida e á maior lonxevidade. Por outra banda, aínda que descendeu o número de xoves éstes cada vez persiguen unha maior calidade de vida, o que require unha maior adicación de recursos monetarios, xa que o seu período de dependencia con respecto á familia é moi superior ao de épocas pasadas.


Todo o que vimos argumentado ata agora é que a poboación foi envellecendo constantemente. Para xustificar isto apoiámonos no **índice de envellecemento**, que case se triplicou, pasando dun 59,17% no ano 1991 a un 177% no 2001.

Outro fenómeno que se reflicta na pirámide, e que nos interesa destacar, é o das **migracións**. Camariñas é un concello cunha grande tradición migratoria, por mor das dificultades económicas propias desta zona, que conta cunha economía moi pouco desenvolvida. A redución nos grupos de idade entre 35-49 anos, especialmente no lado das mulleres, sinala unha maior tendencia migratoria destas, mentras que aumento no ano 2001 na cohorte de 45-49 anos sinala un retorno da poboación emigrada.

Rematando coas idades máis xoves, que nas pirámides están situadas na base, podemos falar dun clarísimo descenso da natalidade dende o ano 1991, que chega ata o 2001 e que poderíamos aventurar que hoxe en día se mantén. O descenso da fecundidade e a maior esperanza de vida refléxanse a través de dous indicadores: o primeiro deles é o peso das persoas xoves dentro da poboación total, que pasou dun 21,25% no ano 1991 a un 13,25% no ano 2001. O segundo é o peso da terceira idade, que se incrementa en 7 puntos, pasando dun 12,5% a un 19,44% neses dez anos.


En resumo, atopámonos ante un envellecemento progresivo da poboación camariñana, que unido ao crecente descenso da natalidade, sitúanos ante unha poboación estancada.

Para os vindeiros anos poderíase proxectar unha estabilización da poboación de Camariñas, sempre que se mantivesen as pautas de fecundidade e mortalidade dos últimos anos. No ano 2010 a poboación camariñá estará aínda máis envellecida, a non ser que as mulleres que hoxe en día están en idade fértil cambiasen as súas pautas de comportamento




Fonte.: Elaboración propia co Censo de 1991


ante a emigración e a natalidade, algo que parece moi pouco probábel, dada a grave situación socioeconómica da Costa da Morte.



Fonte: Elaboración propia co Censo de 1991



Ronte: Elaboración propia a partir do Censo do 2001.



Fonte: Elaboración propia co censo de 1991

3.2. A FECUNDIDADE EN CAMARIÑAS (1991-2001)

3.2.1. Comentario dos indicadores da fecundidade no ano 2001

A caída da taxa de natalidade e o envellecemento da poboación constitúen problemas que caracterizan á maioría das sociedades occidentais, e que tentaremos analizar no presente capítulo. A natalidade depende, en primeira instancia, de tres series de factores: o número de persoas en idade de procrear dentro da poboación total e a súa estrutura por idade, o calendario de nacementos e o comportamento da fecundidade. Existen polo tanto un efecto de estrutura, un efecto de calendario e un efecto de comportamento. A análise demográfica trata de medir e aillar estas tres series de efectos.

A **taxa bruta de natalidade** reflexa que por cada 1000 habitantes naceron 4,74 nen@s ao ano, no caso de Camariñas, mentres que para a totalidade da comunidade galega a taxa foi do 7,20 por mil. En ámbolos dous casos trátase dunha taxa bastante baixa, se temos en conta que o rango de variación debería oscilar entre o 10 e o 50 por mil.

Na mesma liña, a **taxa de fecundidade xeral** reflexa que no noso caso, no 2001, por cada 1000 mulleres en idade fértil naceron 19,9 nen@s, mentres que no mesmo ano en Galicia naceron 28,98 bebés por cada 1000 mulleres en idade fértil.

Algúns autores como Puyol (1988), explican o descenso da fecundidade como consecuencia do cambio de mentalidades que se está a producir nas sociedades de países desenvolvidos, nos que se reivindica a igualdade de sexos, descende a nupcialidade, acentúase a liberdade sexual, retrásase a idade de entrada no matrimonio, exténdese o uso de métodos anticonceptivos, etc...Aínda que ésta pode ser unha explicación ao descenso da fecundidade, no caso de Camariñas debemos engadir que estamos ante unha poboación cunha economía moi deprimida, na que os escasos ingresos dificultan a existencia de familias con máis dun fillo ou filla. Ademais a fuga de poboación xove a través dos procesos migratorios, dificulta o reemprazo poboacional.

Para chegar a un estudo máis profundo da evolución da fecundidade das camariñas no 2001, utilizaremos as **taxas de fecundidade por idade** das mulleres. Esta taxa mide o número de fill@s nacid@s de nais dunha determinada idade, considerada sobre o total de mulleres desa idade. Os resultados obtidos amósan unha concentración da fecundidade feminina en torno a idades que oscilan entre os 25 e 34 anos, situándose os anos cumio no período dos 30 aos 34, cunhas taxas de fecundidade do 46,69 por 1000. Este comportamento está en consonancia co da media galega, na que os anos cumio se concentran no período dos 30 aos 34 anos, cunhas taxas de fecundidade do 69,36 por 1000, sensibelmente máis elevadas.

En todas as sociedades nas que se aprecia unha concentración da fecundidade nun determinado intervalo de idade, como ocorre en Camariñas e en toda Galicia, podemos afirmar que a natalidade está controlada, xa que de non ser así a distribución dos nacementos

repartírase de xeito máis homoxéneo ao longo de todo o intervalo fecundo das mulleres (15-49 anos). Estas taxas corroboran a existencia dunha fecundidade moi baixa nas mulleres menores de 19 anos, e nula nas de 45 anos en adiante, o que fai patente o control existente das mulleres á hora de decidiren ser nais.

Respecto desto, algúns autores afirman que cando as mozas entran no mercado laboral retrasan a idade de matrimonio e reducen conscientemente a súa fecundidade. No noso caso, ante a inexistencia de infraestructuras axeitadas de apoio á maternidade, como unha escola infantil para nen@s de 0 a 3 anos de idade, as mulleres vense obrigadas a limitar o número de fill@s, xa que precisan axuda externa para poderen traballar. Este apoio é dado xeralmente polas aboas, que exercen o papel que as administracións públicas descoidan.

Outro indicador importante neste senso é a idade media de fecundidade, que no caso das camariñas se sitúa nos 30,6 anos. Isto indica un considerábel retraso con respecto ao total de Galicia, onde a media se situa en torno aos 27,01 anos.

Por outra banda, debemos destacar o **índice sintético de fecundidade**, que indica se unha sociedade está por encima ou por debaixo do reemprazo xeracional. O seu rango oscila entre 2 e 6: 2 nen@s por muller farían referencia a unha natalidade reprimida. No caso de Camariñas este índice foi de 0,64 fill@s por muller, inferior á media autonómica (0'95) e á media estatal (1,1). Neste senso, o número de 2,1 fill@s por muller que se considera preciso para a renovación das xeracións vindeiras, está moi lonxe de darse en Camariñas.


Finalmente, compre comentar a **taxa bruta de reprodución**, que reflexa o número de fillas por muller, que resulta clave para calcular as posibilidades de reemprazo dunha determinada poboación. O mínimo necesario para asegurar esta renovación está fixado en 1,2. A taxa bruta de reprodución en Camariñas no ano 2001 foi de 0,31, o que significa que por cada nai nace menos dunha filla. É un índice excesivamente baixo, xa que é moi inferior ao mínimo establecido para que as fillas reempracen ás súas nais no labor reprodutor. Segundo isto podemos afirmar que non existirá posibilidade de reemprazo feminino, que está marcado en 1,2.

Para concluír, podemos afirmar que en Camariñas as taxas de fecundidade son moi baixas, e continúan a descender. Esta caída da fecundidade está directamente relacionada co cambio de mentalidade que se produciu en toda España e que influiu nos factores anteriormente comentados, así como na feble economía da zona, e a ausencia de unha boa parte da mocidade, que opta polo camiño da emigración.

De cara ao futuro podemos prever o mantemento desta pésima situación, polo menos a curto prazo, xa que os cambios en demografía rara vez son rápidos nen bruscos.

3.3. ANÁLISE COMPARATIVA DA FECUNDIDADE (1991-2001)

A



Fonte; Elaboraci propia cos censos de 1991 e 2001.


taxa bruta de natalidade a nivel local sufriu un forte descenso, xa que se pasou de 9,17 nacid@s por 1000 habitantes en 1991 a 4,74 no 2001. No caso de Galicia, esta taxa experimentou un descenso, aínda que moito menor, pasando dun 8,02 en 1991 a un 7,20 por mil no 2001.

O descenso da natalidade reflexado na taxa, pódese corroborar a través da redución de 18 puntos que se produciu na taxa de fecundidade xeral para os mesmos anos. No caso galego, esta redución tamén foi moito menor, de 4 puntos, xa que se pasou dun 33,32 no 1991 a un 28,98 por mil no 2001.

En canto á **taxa de fecundidade por idades**, compre resaltar que, no caso que nos ocupa, deuse unha forte caída no intervalo de 15 a 19 anos, xa que no 2001 non houbo nais nesa franxa de idade. Ese cambio pode deberse a un maior uso de métodos anticonceptivos e a un

progresivo cambio de mentalidade en xeral con respecto ao seu uso por parte d@s adolescentes.

Nas mulleres camariñas con idades comprendidas entre os 20 e 24 anos produciuse unha forte redución na taxa de fecundidade, pasando dun 65,7 a un 17,7 por mil. A nivel xeral, e fóra xa das consecuencias que a emigración ten sobre a natalidade en xeral, outra das explicacións a este feito poderíamo-la achacar ao alongamento da vida educativa das mulleres, xa que a entrada



Fonte: "Elaboración propia a partir dos censos de 1991 e 2001"

das xoves nas universidades ou outras institucións formativas retrasa o seu calendario de fecundidade. Nembargantes, no noso caso esta explicación non resulta válida, xa que este fenómeno se iniciou con bastante retraso respecto das cidades e incluso doutros pobos de Galicia. Incluso poderíamos afirmar que Camariñas leva un retraso na incorporación das mulleres ao sistema de ensino superior, de varias décadas con respecto a outras partes do país, o cal é sinal de que os roles tradicionais de xénero aínda están moi vixentes e fortes.

Tanto no ano 1991 como no 2001, observamos unha fecundidade bastante concentrada nun determinado intervalo de idade das mulleres. O que compre destacar é o cambio de intervalo de anos cumio de fecundidade que se retrasou, tanto en Galicia como en Camariñas, pasando de situarse no periodo de 25-29 anos, ao de 30-34 anos.

Mentras que no global do caso galego, as mulleres están a primar o acceso ao mercado laboral sobre a maternidade, o que fai que se vexan obrigadas a retrasar a chegada do seu primeiro bebé, retrasándose a idade de maternidade, no caso de Camariñas e outras zonas deprimidas, esta situación non se cumpre con demasiada regularidade. A causa principal deste retraso atopáramo-la na forte incidencia da emigración nas mulleres novas que está a sofrer Camariñas. Estas mulleres que emigran fan-no sobre todo en idade fértil, que se corresponde cos anos de idade activa.

En 1991 xa se observa un control da fecundidade tan acusado coma o que hai no 2001. Isto pode verse reflexado no feito de que nese último ano a fecundidade nos grupos de idade de 15 a 19 anos e de 40 en diante foi nula. É posíbel que o control da fecundidade no ano 1991 estivese máis baseado en métodos naturais, o que provoca que as mulleres maiores tivesen embarazos non desexados ou non esperados, o cal se relaciona coa falsa crenza de que no período menopáusic non se produce concepción. Neste último caso tamén nos parece axeitado destacar o cambio de mentalidade experimentado polas mulleres camariñas a este respecto, xa que no ano 2001 as mulleres de máis de 40 anos posibelmente tiveron unha actitude máis receptiva ao uso de anticonceptivos que aquelas que no ano 1991 tiñan a mesma idade. De feito, a investigación cualitativa levada a cabo neste senso revelounos que as rapazas máis novas son as máis habituais na compra de métodos anticonceptivos, fronte ás mulleres en idades máis avanzadas (35 anos en adiante). A explicación a este fenómeno é educacional.

Profesional da saúde: "O método anticonceptivo que máis vendo é a píldora na franxa de idade de 17 a 40 anos, pero sobre todo entre os 20 e 30. Os preservativos os vendo máis ás mulleres de 40 anos que xa non poden usar a píldora e a homes entre 18 e 30 anos. Ás xoves non lles da vergoña pero ás mulleres de 40 sí. Tiven que poñer un expositor de preservativos para que así puideran elas collelos sin ter que tratar directamente comigo. En xeral no pobo non hai reparos para tratar o tema".

En canto á **idade media de fecundidade**, comprobamos que se deu un ascenso bastante significativo, xa que pasamos dos 26,7 anos de idade aos 30,6.

Respecto ao **índice sintético de fecundidade**, e á posibilidade de reemprazo xeracional, destacamos que continúa en descenso progresivo, xa que pasou do 0,24 en 1991 ao 0,12 no 2001. O feito de que Camariñas teña un índice de reemprazo poboacional tan baixo revela que no futuro a poboación estará moi envellecida, con todos os problemas sociais que iso trae consigo.

Finalmente, debemos facer referencia á **taxa bruta de reprodución**: no noso caso, o índice de reemprazo no ano 1991 foi de 0,117, o que significa que en Camariñas naceu menos dunha filla por nai. No ano 2001 este índice foi de 0,05 polo que continúa en descenso progresivo. Nunha proxección futura podemos dicir que non será doado o reemprazo xeracional, xa que é moi pouco probábel que as nenas nadas neste ano superen as pautas establecidas polas súas nais.

As consecuencias demográficas deste descenso da fecundidade pódense resumir no envellecemento imparábel da poboación camariña, e polo tanto no descenso da poboación activa.

3.4. ANÁLISE DA MORTALIDADE

Neste apartado levaremos a cabo unha análise da mortalidade no Concello de Camariñas, xa que o desenvolvemento dun territorio e a mellora das condicións de vida se plasman na redución da mortalidade infantil e no incremento da esperanza de vida.

3.4.1. Mortalidade infantil

No territorio municipal a taxa de mortalidade infantil foi de cero, mais neste caso este indicador non resulta moi representativo porque Camariñas é unha poboación moi pequena e ademáis ten unha fecundidade moi baixa. O descenso da mortalidade infantil débese en última instancia á acción combinada dos progresos médicos, a mellora das condicións hixiénico- sanitarias e a disponibilidad de recursos económicos e tecnolóxicos. Neste caso atopámonos cun valor típico das sociedades desenvolvidas.

3.4.2. Mortalidade en idades avanzadas.

A hipótese que plantexamos é que o retraso da mortalidade é froito da combinación dunha serie de factores entre os que destacamos: os diferentes niveis de renda, O cambio no modo de vida, a variación do nivel cultural, os progresos médicos e sanitarios, o clima e outros aspectos ambientais, e as características biolóxicas específicas de cada persoa.

Para o estudo da mortalidade en idades avanzadas, utilizaremos a táboa de mortalidade, cuxo obxectivo fundamental é calcular o tempo promedio de vida presente (ver anexo:taboas de mortalidade). O seu principio lóxico é elemental: esta táboa describe a desaparición por defunción dunha xeración de nacid@s (non importa que sexa artificial) ata a extinción do último dos seus compoñentes.

A mortalidade dende 1991 ata 2001 sofreu un cambio nas súas pautas de comportamento, xa que se produciu un descenso constante do número de persoas falecidas nesta década, tanto durante a infancia, coma nas idades xoves e maduras, para concentrarse o groso dos falecementos nas idades avanzadas. Os datos para o total da poboación reflexan que en todas as idades, os superviventes son maiores en número no ano 2001 que no 1991. Con isto demóstrase que a capacidade de poder sobrevivir de cada idade incrementouse lixeiramente, debido ás melloras nas condicións de vida que posibelmente fan que cada vez se acumulen máis sobreviventes.

Para finalizar imos comentar a última función da taboa, que reflexa a esperanza de vida ao nacer.

Neste apartado debemos destacar dous feitos importantes: en primeiro lugar, que as mulleres gozan sempre dunha maior lonxevidade que os homes, e, en segundo, que a esperanza de vida aumentou nesta década en toda a poboación, pasando de 75 a 83 anos no caso dos homes e de 79 a 84 nas mulleres. Estas dúas pautas cúmprense non só en Camariñas e en Galicia senón tamén a nivel estatal: a esperanza de vida segue a aumentar, e as mulleres somos máis lonxevas que os homes.

3.4.3 Estandarización

A **taxa bruta de mortalidade** experimentou un lixeiro descenso, pasando de 6,34 por mil en 1991, ao 4,59 por mil no 2001.


Neste punto cremos que é clave ter en conta a estrutura por idades da poboación, que neste caso se caracteriza polo seu envellecemento.

Para verificar isto levamos a cabo unha estandarización, calculando qué taxa bruta de mortalidade teríamos no 2001 de contar coa estrutura por idades de 1991. O que se comproba con isto é que se tivéramos unha poboación máis xove, a taxa de mortalidade sería inferior ao 3,23 por mil. En definitiva, se a taxa real do 2001 é de 4,59 por mil, isto non é debido a unha mortalidade xove, senon que é consecuencia da poboación tan envellecida que ten Camariñas.

O feito de ter unha poboación tan envellecida vai provocar un maior gasto social e sanitario que si a ésta fose máis xove, xa que as persoas anciás son as que maior gasto xeneran.

En resumo, a mortalidade en Camariñas é unha cuestión básicamente de idade, xa que os falecementos se concentran nas idades máis avanzadas da poboación municipal, seguindo a tendencia natural de maior incidencia nos homes que nas mulleres.

A principal conclusión que se desprende neste apartado é o da existencia dun aumento da esperanza de vida en idades avanzadas, que pasa durante o último decenio dos 75 aos 83 anos no caso dos homes, e de 79 a 84 no caso das mulleres, debido á mellora da calidade de vida.



Fonte: Elaboración propia cos Censos de 1991 e do 2001 e cos datos obtidos no Xulgado de Paz de Camariñas


3.5. ESTUDO DAS MIGRACIONES EN CAMARIÑAS

Galicia, terra de emigración

O país galego ten sido durante séculos terra de emigrantes. Actualmente, o fenómeno migratorio en Galicia xa non responde unicamente á diáspora de galeg@s, que xa dura varios séculos, senón que tamén inclúe a distintos tipos de inmigrantes, é dicir, persoas que veñen de outros países para fixar aquí a súa residencia. A chegada de persoas procedentes do extranxeiro tense convertido nun fenómeno habitual, principalmente nas cidades e vilas máis importantes. Ambos fenómenos, emigración e inmigración, son as dúas caras dun mesmo fenómeno: os movementos migratorios.

Aínda que a priori poderíamos pensar que todas estas persoas procedentes de outros países son inmigrantes sen relación previa coa nosa terra, se nos fixamos nos seus lugares de nacemento, descubriremos que se trata, nunha boa parte, de descendentes de emigrantes galeg@s que, en moitos casos, ostentan a nacionalidade do lugar de residencia de seus pais e nais no extranxeiro. Segundo o estudo de Lamela, López de Lera e Oso (2002), existe unha clara tipoloxía da inmigración na nosa comunidade, na que destaca o fenómeno do **retorno**, mais non só de quen emigrou no seu momento a outros países latinoamericanos ou europeos, fundamentalmente, senón tamén da súa descendencia.

En toda a Costa da Morte dase unha forte incidencia da **emigración por motivos económicos**, sen que se teñan roto as cadeas migratorias propias de décadas, e mesmo, séculos anteriores. En canto á entrada de inmigrantes non asociados ao retorno, principalmente procedentes de países "subdesenvolvidos" e sen vínculos familiares, habitual noutros lugares da costa galega, por exemplo para traballar na pesca, a ausencia deste tipo de man de obra na zona evidencia a súa precariedade económica, xa que se podería ver este fenómeno como un indicador de desenvolvemento, dado que este tipo de inmigrantes ven a ocupar nichos do mercado laboral que pola súa dureza nas condicións de traballo, ou baixa rendabilidade, non están a ser ocupados pola poboación autóctona. Este fenómeno, ao que se denomina "mercado dual", está lonxe de existir na Costa da Morte, que está a perder poboación paulatinamente, ao mesmo tempo que ve desmantelarse os seus sectores productivos, que non precisan dese tipo de man de obra a baixo coste que supoñen @s inmigrantes, especialmente extracomunitarios.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos acadados pola A.D.L.

3.5.1. ANÁLISE DA EMIGRACIÓN

Un dato que resulta especialmente elocuente para achegarnos á emigración no territorio camariñán, refírese ao período que vai do ano 1996 ao 2001, no que, segundo datos da Axencia de Desenvolvemento

Local, Camariñas sofreu unha perda de **996** persoas, o que supoñía un

14% da súa poboación total, con maior incidencia nos homes que nas mulleres, e tendo maioritariamente como destino outros concellos do territorio español. A poboación emigrante está composta por grupos de idade xóvenes, entre 18 e 40 anos principalmente.



Fonte: datos proporcionados pola A.D.L.


Respecto á incidencia nos grupos de idade por sexo observamos, en xeral, pautas similares. Ámbolos dous sexos emigran maioritariamente nas franxas de idade entre 18-40 anos, inda que no caso das mulleres diminúen as saídas nas menores de 18 e no período de 40-50 anos. O número de emigrantes maiores de 50 e o mesmo nos dous sexos.

A emigración interna dá conta daquelas migracións con orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello distinto dentro da mesma Comunidade Autónoma.

Como se pode ver no gráfico 9, no caso de Camariñas, destaca o feito de que a porcentaxe máis significativa de emigración dentro da comunidade galega ten como lugar de destino a provincia de A Coruña (95,55%). A explicación a

este fenómeno migratorio ten a súa orixe na búsqueda de emprego. A Coruña especialmente, mas tamén Santiago, son as cidades máis perto de Camariñas que poden ofrecer oportunidades de emprego, permitindo o retorno á vila durante os descansos dos fins de semana. Por iso é moi frecuente que as persoas que durante os días laborábeis residen na Coruña, retornen durante o fin de semana a Camariñas. Neste caso se atopan un bo número de rapazas e rapaces que optan por ficar na cidade unha vez rematados os seus estudos superiores, dada a escasa oferta de traballo cualificado no territorio camariñán

A emigración dentro de Galicia



Fonte: taboa proporcionada pola A.D.L.

Emigración dentro do Estado Español

Outro tipo de emigración interna é o que se refire aos movementos de poboación dentro dun mesmo estado. O principal destino migratorio dentro do estado español, na última década, ten

sido o arquipélago canario, onde se teñen establecido moitas persoas camariñas, o que está en consonancia co que está a suceder coa emigración doutras partes de Galicia.



Fonte: Datos proporcionados pola A.D.L.


O destino canario absorve na actualidade perto do 32% d@s emigrantes galeg@s e o 40% d@s provintes de Camariñas. Mais tamén existen fluxos con Madrid, Cataluña e Baleares, aínda que de menor importancia cuantitativa. No que se

refire á estrutura por idades hai que salientar que a maior parte dos movementos, tanto de entrada como de saída, concéntranse na poboación activa xove (16 a 44 anos), coa consecvente sangría demográfica. O motivo principal polo que se opta por este destino é a grande oferta de traballo non cualificado, poñendo de manifesto que, coma en anteriores correntes migratorias, o principal motivo da saída segue a ser económico.

A este motivo hai que engadir a existencia dunha sólida cadea migratoria baseada en redes familiares e veciñais, que impulsa e facilita o establecemento de novos individuos, xa que lles proporciona a primeira acollida, os contactos para atoparen emprego, así como apoio para instalarse, en termos de vivenda e recursos sociais.

No caso da **emigración canaria**, estanse a experimentar cambios nas pautas de asentamento, en comparación coas migracións anteriores, caracterizadas por ser de carácter eminentemente temporal, e con idea de retorno. Neste caso non é infrecuente que marche toda a familia, e non só algún ou algúns dos seus membros, xa que non deixa de ser un destino dentro do estado, no que é moito máis sinxela, a priori, a integración dos distintos membros da unidade familiar, nomeadamente os nenos e nenas en idade escolar. Dado que a entrada de remesas económicas no noso territorio depende da permanencia aquí de parte da familia, e neste caso non existe tal, o que se produce é unha sangría demográfica que nen sequera é contrarrestada con remesas económicas.

Neste caso, e no de outros destinos españois, como as Illas Balears ou grandes cidades do tipo Madrid ou Barcelona, ademais destas familias, tamén se dá unha importante corrente de xente moza, que habitualmente vai e ven, sen chegar a residir alá definitivamente. Neste caso esta perda de xente moza é a que víamos reflexada na estrutura de poboación, caracterizada pola escasez de xóvenes.



Fonte: Datos proporcionados pola A.D.L.

A emigración cara o estranxeiro

Como vimos insistindo neste apartado, a emigración leva sendo un

fenómeno social consustancial á Costa da Morte polo menos dende os inicios do século XIX. Dende aquel momento ata os nosos días teñen cambiado os países de destino, mais nunca deixou de saír xente cara outros países máis desenvolvidos economicamente. Ata ben entrados os anos 60 do século XX, os principais destinos da emigración galega foron países situados no sul do continente americano, no noso caso, nomeadamente Arxentina e Uruguai, onde hoxe reside unha boa parte destas persoas, xa moi envellecidas, ou a súa descendencia. Outros destinos americanos teñen sido países como Cuba, Venezuela ou Brasil. A partir da década dos 60, debido á crise económica sufrida por estes países, a corrente migratoria centrouse fundamentalmente en países europeos.

Segundo os datos reflexados na gráfica anterior, podemos afirmar que hoxe aínda perdura un forte fluxo migratorio de Camariñas e outros concellos da Costa da Morte cara a países europeos, particularmente cara Suíza (74,4% da emigración cara ao extranxeiro). Isto débese á permanencia no extranxeiro das persoas que emigraron a partir dos anos 70, nos que países como este, Holanda, Bélxica ou o Reino Unido constituíron o destino principal da emigración galega. Así como en outras zonas de Galicia este tipo de emigración está practicamente extinguido, a debilidade económica estrutural da Costa da Morte fai que permaneza esta corrente migratoria, que nos sitúa no mesmo nivel que o da imigración por motivos económicos procedente dos países máis subdesenvolvidos. Non se debe esquecer que somos a periferia da periferia.

Suíza é un dos países europeos que máis emigrantes galegos ten recibido, circunstancia que podería deberse ao feito de que a partir do ano 1973 (en que nós aínda vivíamos na dictadura), se fechou a posibilidade de emigrar á Europa da CEE. A emigración galega a este país presenta un rasgo diferencial: o seu carácter non definitivo. Así, mentras que en distintos países europeos diminuíu a colonia de inmigrantes de orixe español, non só polo retorno, senón tamén polo número de nacionalizacións (especialmente en Francia), no caso suízo non se da este fenómeno, manténdose esta colonia con certa estabilidade. Unha característica da emigración de Camariñas cara estes países é o retorno da poboación emigrante unha vez rematado o período laboral.

A existencia de sólidas redes migratorias é patente no **destino suízo**, téndose convertido as áreas de Delemont e Basel, así como o cantón de Lienchestein, nos destinos principal d@s emigrantes camariñáns no país helvético. Esta corrente migratoria tense caracterizado por ser maioritariamente de tipo individual e preferentemente masculina. Tradicionalmente ten sido o home que emigraba, mantendo á familia, que fica na zona de orixe, mediante o envío periódico de remesas. Mais, aínda que a corrente migratoria europea teña sido predominantemente masculina, foron e son moitas as mulleres que partiron cara estes destinos, xeralmente xunto co seu marido ou seus pais. Os nichos de traballo feminino en Suíza localízanse nos servizos de limpeza, no sector hostelero e nas fábricas da zona de destino, sempre en postos de baixa cualificación e salario, sendo patentes as diferencias de xénero no acceso ao traballo, incluso nos destinos migratorios de países máis desenvolvidos.

No caso de Camariñas, o diñeiro gañado na emigración emprégase fundamentalmente na construción de casas unifamiliares de curiosa tipoloxía ou bloques de pisos, ou en establecementos hosteleros. A falta de inversións en medios de produción contribúe a que a emigración sexa cíclica,

é dicir, que os fillos teñan que seguir os mesmos pasos dos seus pais, xa que o seu lugar de orixe non lles oferta os medios precisos para o seu desenvolvemento económico. En consecuencia podemos afirmar que en Camariñas ao igual que en moitas zonas de Galicia a emigración é cíclica e aprendida.

consecuencias da emigración na vida das mulleres

A forte incidencia do fenómeno migratorio ten unha serie de consecuencias na vida cotiá das mulleres. Unha das principais céntra-se na vida das "**viúvas de vivos**", as mulleres que viven separadas do seus compañeiros longos períodos, durante moitos anos, sucedendo o mesmo ao caso das mulleres de mariñeiros embarcados na pesca de altura ou na mariña mercante, emigrantes do mar. Dentro de todas estas familias, as relacións son especiais pola ausencia masculina continuada, tendo as mulleres que cumprir o rol de nai e pai, enfrontándose á vida familiar sen o apoio cotiá de seus compañeiros, cuxa existencia é unha das funcións principais do matrimonio. Estas mulleres están submetidas a un forte control social, xa que se ven obrigadas a levar un modo de vida que en ningún caso poda dar pé a comentarios críticos sobre o seu comportamento en calidade de nais e esposas, o que da lugar a unha especie de afastamento das actividades sociais. Existe un discurso que, sobrevalorando o económico, as converte en "privilexiadas" unicamente polo feito de recibir as remesas que envían os seus homes periodicamente, ocultando e obviando o sufrimento que conleva esta situación de separación a nivel emocional, sobre todo en momentos problemáticos. Esta situación non é dura unicamente para as mulleres, senón tamén para os seus homes, presentando as dúas caras da moeda da emigración.

No caso das **mulleres emigrantes**, xa comentamos no apartado de demografía, que os seus postos de traballo están determinados polo seu rol de xénero. En moitos casos dase un salto xeracional na crianza d@s fill@s, que frecuentemente é realizada polas avoas e non polas nais, que se atopan emigradas. Isto ten uns fortes custos psicolóxicos e emocionais para as tres xeracións implicadas: por unha banda a nai que ten que vivir separada dos seus fillos e fillas, por outra a avoa, que volve a ter a responsabilidade de ser nai a unha idade máis avanzada, e por último @s nen@s, para quen a avoa será "mamá", que en moitos casos son levados á emigración en algún momento da súa infancia ou adolescencia. A este respecto compre comentar a dificultade de integración tanto a nivel familiar como social, escolar, etc., que se agudiza no momento da adolescencia.

No proceso de emigración de retorno reproducése de novo o ciclo da emigración, co abandono das experiencias e relacións adquiridas no país de acollida, para comezar de novo na sociedade de orixe.

No caso das **emigrantes retornadas**, especialmente dende os países europeos a partir dos anos 70, que estaban a vivir unha nova realidade en países nos que os cambios nos roles de xénero se estaban a producir moito antes que aquí, este tipo de crítica social tivo como

obxectivo ás mulleres que adoitaran cambios en aspectos da súa vida que, se ben en Suiza ou Holanda eran "normais", aquí eran considerados comportamentos exclusivamente masculinos, como o uso de pantalóns, ou o feito de fumar, que se ben hoxe parécennos habituais, sono gracias a elas.

Aínda así, o fenómeno de retorno non tivo ate agora unhas claras consecuencias cara cambios positivos no rol feminino. A pesar de que existe unha considerábel cantidade de emigrantes retornadas de países europeos, a súa volta a Camariñas non parece ter incidido neste senso. Semella como se estas mulleres, que viviron en países cun diferente sistema de xénero, voltaran ao rol estático de muller camariñán, debido sobre todo ao control social e ás ganas de vivir tranquila. O que si parece que está a suceder nalgúns casos, e que constitúe un fenómeno que habería que estudar mais profundamente, é a existencia dun cambio na educación que estas retornadas dan ás súas fillas e fillos, máis igualitaria que o habitual na zona.

No caso da **emigración masiva de mozas**, a falla de emprego non é o único factor que as move a marchar. As rapazas, que na maior parte dos casos, tentan vivir e expresarse mediante un novo modelo de muller, valoran moi positivamente o anonimato que ofrece a vida nas cidades, nas que se convirten en persoas individuais e non en parte dun agregado familiar, coa liberdade de movemento que esto comporta.

M2: "Claro! Máis que iso, e xente que venche facendo cada cousa extráñase, entendes? Cando ao millor nunha cidade é normal aquí sacanche a reputación. Eh? Que non che vexan que tal! Si che ven darlle un bico a un mozo, pois xa, que eres tal, que eres cual. Teñen unha forma de pensar moi distinta a nós"

3.5.2. A INMIGRACIÓN

A Emigración de retorno

Táboa do saldo migratorio do ano 1997

	Saldo migratorio interno			Saldo migratorio externo			Saldo total.
	Intraprovincial	Resto de Galicia	Total	Resto de España	Extranxeiro	Total	
Camariñas	-1	-1	-2	-25	42	17	15
Terra de Soneira	-58	-4	-62	-50	79	29	-33

Fonte: Elaboración propia a partir do Movemento Natural de Poboación de 1997.


Como podemos observar tanto na táboa do saldo migratorio (que representa a diferenza entre as saídas e entradas de poboación), como na gráfica XX, existe unha porcentaxe bastante alta de inmigrantes extranxeiros que chega ao noso territorio. Como xa apuntamos anteriormente, é obvio que non se trata dunha inmigración de persoas de orixe extracomunitario, senón que estamos ante **o grupo de emigrantes retornad@s**, ou os seus descendentes, que regresan ao seu lugar de orixe no momento da xubilación.

Para Camariñas, tanto o saldo migratorio intraprovincial, como co resto de Galicia foi de -1, o que significa que foron superiores as baixas de poboación que as altas no territorio municipal con destino na nosa comunidade, aínda que esta diferenza foi pequena. Por outra banda, o saldo migratorio co resto de España foi de -25. Neste caso podemos afirmar que se trata dunha emigración dirixida casi na súa totalidade a Canarias, xa que das 44 emigracións que houbo, 37 tiveron este destino (84%). Pola contra, o saldo migratorio externo con respecto ao extranxeiro, que fai referencía a diferenza entre as altas procedentes do extranxeiro e as baixas con este destino, segue a mesma tendencia que Galicia en xeral, sendo o saldo positivo (42 persoas), o que significa que as altas procedentes do extranxeiro foron superiores ás baixas con destino ao mesmo. Obviamente trátase da emigración de retorno.

Ata aquí queda claro que se ben Camariñas perde unha boa

parte da súa poboación pola emigración, maioritariamente xente moza en idade de traballar, o que contribúe ao envellecemento da poboación; ao mesmo tempo, a inmigración procedente do extranxeiro (ou emigración de retorno), contribúe tamén a ese envellecemento xeral, xa que @s emigrantes retornan en moitos casos na idade de xubilación.

Os datos recavados no padrón municipal dende 1997 ata o 2003, revelan que durante ese período de tempo retornaron un total de persoas das cales



Fonte: Elaboración propia cos datos do Movemento Natural de Poboación de 1997.

o 54,78% eran homes fronte a un 45,21% de mulleres. Os anos nos que o fluxo de retornados foi maior, foron o 2002 e 2003 nos que voltaron o 18,61% e o 21,01% do total respectivamente. Destes datos queremos destacar que, en liñas xerais, retornan máis homes ca mulleres, salvo no ano 2002 no que o retorno de ambos sexos igualouse (35 homes e 35 mulleres). O incremento de retornados nos dous últimos anos podería deberse a crise dos países sudamericanos, pero isto só é unha suposición xa que, non dispoñemos dos datos suficiente para afirmarlo.

Efectos económicos sobre as zonas de orixe

Para o país de orixe, os efectos asociados á emigración resultan da partida de poboación activa, do envío das súas remesas e do seu eventual retorno. A partida dos traballadores ten influencia sobre o emprego, xa que diminúe o paro así como o número de xoves.

Por outra banda, o envío de fondos á unidade familiar que permanece no país de orixe inflúe sobre o nivel de vida destas familias.

Por último, o retorno d@s emigrantes modifica o volume do capital humano.

A partida de traballadores ten por efecto, nun primeiro momento, aliviar o mercado de emprego sen determinar o nivel de produción. Sen embargo, as partidas implican desequilibrios de todo tipo na zona de orixe, que lonxe de amañarse tenden a agravarse.

A emigración exténdese a capas cada vez máis amplas da poboación, véndose estimulados para partir traballadores e traballadoras non marxinais e cualificad@s. Os envíos de salarios favorecen a inflación e deterioran a situación relativa das familias que non teñen emigrantes.

A emigración tende a renovarse por sí mesma, independentemente das condicións iniciais que a orixinaran. As partidas vense entonces reguladas polos factores de atracción das rexións de destino. Ao final maniféstanse penurias de man de obra, que se volven tanto máis difíciles de superar canto maior é a atracción dos salarios dos países industriais aos que se efectúa a emigración.

A análise das migracións a longo prazo amosa que é pouco probábel que transmitan o crecemento económico do país de orixe, que non teñen maior efecto positivo sobre as variables estratéxicas do desenvolvemento e que poden constituir unha desventaxa a longo prazo.


4. NIVEL DE FORMACIÓN EN CAMARIÑAS

Unha cuestión clave para incrementar e potenciar o desenvolvemento demográfico e económico dunha sociedade é a adecuación dos recursos educativos e a potencialización dos capitais humano e social.


Neste estudo queremos salientar o papel que xoga a educación no desenvolvemento das persoas, e, máis concretamente, das mulleres. Dende a perspectiva da capacitación e autonomía das mesmas, a autodependencia significa conseguir o máximo que se poda, para unha mesma, dentro do sistema actual. Dende este punto de vista, unha muller está capacitada se ten a capacidade de ler e escribir, se conta cunha educación básica, habilidades productivas, acceso ao capital e confianza en sí mesma.

No caso camariñán o nivel de estudos é moi baixo. A taxa bruta de analfabetismo é dun 5,12%, sendo sensibelmente maior a taxa bruta feminina (4,09%), que a masculina (1,03%). Este dato reflexa que se segue a primar a educación masculina fronte á feminina.

Como se pode observar neste gráfico, o analfabetismo é maior nas mulleres que nos homes, concentrándose principalmente nas idades máis avanzadas, en especial na franxa de idade de 58 anos en adiante.



Fonte: Elaboración propia cos datos do Padrón.




Fonte: Elaboración propia cos datos do Padrón

Mais este non é o único indicador que reflexa a baixa escolarización da poboación, especialmente no caso das mulleres. No eido da educación, as taxas brutas de formación máis altas concéntranse no grupo da poboación sen estudos, ou con menos de graduado escolar, que poderíamos definir como analfabetos funcionais. Neste senso, a taxa bruta de poboación con menos do graduado escolar é dun 61,63%, o

que supón máis da metade da poboación entre 10 e 76 anos.


Como podemos constatar, no eido formativo, a poboación de Camariñas atópase nunha situación bastante deficiente, baixando o nivel, principalmente no lado das mulleres.

Se seguimos aprofundando nos datos referentes ao nivel de estudos, vemos que a poboación que rematou o graduado escolar é moi baixa, situándose a taxa bruta no 15,97% , o que indica que por cada 100 persoas, só 16 posúen esta titulación básica. Neste caso a situación está moi igualada entre homes e mulleres, aínda que é sensiblemente maior no caso dos homes (8,19%), que no das mulleres (7,78%) .



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal

Para rematar, é preciso sinalar que a porcentaxe máis baixa corresponde ao caso das titulacións superiores, coma diplomaturas ou licenciaturas. No caso das primeiras, a taxa bruta foi de 0,01%, mentres que no caso das licenciaturas foi de 0,23%.



Fonte: Elaboración propia cos datos do Padrón Municipal.

Este baixo nivel formativo vai repercutir moi negativamente á hora de solicitar postos de traballo, ou máis poder no campo social ou político por parte das mulleres, que permanecen en desvantaxe fronte aos homes no acceso a estes ámbitos. Se partimos de que xa existen desigualdades e discriminacións no acceso ao mundo laboral debido ao sistema de xénero

vixente na nosa sociedade, a baixa formación é un factor importante que contribúe a agravar esta situación. A diferenza nos ingresos económicos que se deriva deste feito é considerábel, xa que as mulleres acceden maioritariamente a postos pouco cualificados. Asimesmo, a precariedade na formación, é un dos factores que repercute en que as mulleres teñan menos acceso ao poder político e económico. Como exemplo desto podemos indicar que hai moitas menos mulleres que homes presentes nos distintos poderes públicos.

Algunhas das causas do atraso educacional das mulleres camariñas, aínda que non todas, están relacionadas coas responsabilidades familiares, cuxa carga lles impide, en moitos casos, aproveitar as oportunidades para continuar a súa formación.

Outro problema persistente na educación é o da segregación de currículum de acordo a diferenzas de xénero moi estrictras:

- As mulleres seguen concentradas nas denominadas "materias suaves", que as cualifican para traballos mal pagados e de baixo nivel, como os que desempeñan no caso da conserveira ou da industria téxtil, caracterizados pola escasa formación esixida ás persoas que os desempeñan.

- Dentro do campo de profesionais con estudos de licenciatura, os homes predominan en física, mentres que as mulleres prefiren a bioloxía, as ciencias integradas, as ciencias humanas e a arte. Nos institutos de formación profesional, as mulleres adoitan agruparse en áreas non técnicas. No caso de Camariñas destaca principalmente a área de técnico administrativo.

Outros factores a ter en conta á hora de estudar a situación académica en Camariñas son as infraestructuras educativas coas que está dotada a zona. Hoxe en día no territorio municipal hai 2 escolas primarias, unha delas na Ponte do Porto e outra en Camariñas, así como 2 escolas unitarias, ubicadas en Camelle e Xaviña. Ademais existe un Instituto de Educación Secundaria na Ponte do Porto, onde estudan as rapazas e rapaces de todo o territorio municipal dos 12 aos 16 anos de idade.

Para cursar estudos de Bacharelato @s xovens teñen que desprazarse a Vimianzo (a uns 20 km de Camariñas) onde só se imparte o Bacharelato científico e o humanístico, a Cee (a uns 45 km de Camariñas) onde hai 2 centros de Bacharelato nos que se imparte o tecnolóxico, o científico e o humanista, ou á Coruña onde xa poden atopalos todos, xa sexa en centros públicos ou privados. Neste último caso xa se verían obrigad@s a un desprazamento maior.

En canto á formación profesional, os ciclos formativos máis cercanos ubícanse en Cee e Vimianzo. En Vimianzo impártense ciclos de administración e finanzas, que é un dos que adoitan facer as rapazas en maior medida que os rapaces. En Cee impártense ciclos de auxiliar de enfermería, administración, e finanzas, as tres cursadas principalmente por mulleres, e por outra banda, mecánica e electricidade, máis cursadas por homes. Estes últimos datos corroboran o dito anteriormente respecto ás diferencias de estudos entre homes e mulleres.

En liñas xerais, o persoal que se adica ao ensino observa na xente nova unha gran apatía e pouco interese polos estudos. Para obter información directa acerca deste apartado, entrevistouse a unha profesional que desenvolve o seu traballo no IES "" de Ponte do Porto. Segundo as súas palabras: *"Penso que non hai moito fracaso escolar pero o que si vexo é moito desinterese, eu te diría que máis desinterese que antes. Agora non teñen interese nin por sacar o título porque antes aínda que non tiñan moito interese por aprender si que tiñan interese por sacar o título pero agora nin eso. Hai moitos alumnos que suspenden moitas asignaturas, sobre todo rapaces máis ca rapazas"* (F1).

Mais a educación non se obtén unicamente nas distintas institucións educativas (escolas, institutos, facultades, etc.), que representan o medio de produción e reprodución das relacións de desigualdade social. Existe outro tipo de educación, de carácter informal, que se adquire ao longo da vida, fóra das institucións educativas, e comeza dende o mesmo nacemento e o proceso de socialización á que somos submetidos todos os seres humanos.

Desde esta etapa empezan a configurarse os roles específicos e diferenciados de homes e mulleres. A situación de falla de interese á que se aludía anteriormente, está influída por varios factores que se moven dentro da educación informal:

Por unha banda, está a influencia dos pais e nais, que non valoran os títulos académicos polo alto índice de parados con titulación universitaria, cuestión explicitada pola nosa informante: *"...nas casas non se estimula moito o estudio de carreiras universitarias porque ven que hai moitos parados universitarios, e por iso se cre que o título non serve para nada. Para que queren o título se non serve para gañar cartos?. Eles o que queren é que gañen cartos o máis rápido posible, e xa llo meten aos fillos dende pequenos. (...) ademais moitos non se queren privar de certos luxos para pagarlle os estudos aos fillos".* (F1).

Outro factor a ter en conta, é a cultura transmitida de pais a fillos, imperante nas zonas mariñeiras, baseada na obtención de "carto rápido". Os rapaces queren gañar cartos coa maior rapidez posíbel, e os estudos só retardan o seu obxectivo. Neste punto aparecen, por unha banda, o sector pesqueiro coma unha fonte de traballo á que poden acceder sen necesidade de ningún tipo de cualificación, e, por outra, a posibilidade de servir como man de obra non cualificada en diferentes destinos migratorios.

No caso das mulleres hai que salientar a pervivencia da idea do matrimonio a idades temperáns, visto como unha oportunidade de independencia e emancipación con respecto ao fogar e ao control paterno.

Outra das consecuencias que se desprende da falla de cualificacións son, principalmente, os problemas que isto trae consigo á hora de tentar acceder ao mercado laboral. Canto menor é a formación, menores son as posibilidades de atopar un emprego, xa que o mundo laboral é moi competitivo, e a muller aínda non se atopa nunha situación de igualdade de oportunidades fronte ao home.

Por último, a falta de formación impide tamén a creación de novas empresas e a modernización das xa existentes.

4.1. EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

Dende hai uns anos, o Concello de Camariñas ten un servizo de educación para as persoas que xa non están dentro da idade de escolarización obrigatoria, polo que atende tanto a tanto á poboación adulta como a adolescentes Estes cursos poden ser ben de alfabetización, ou ben estaren enfocados à obtención do Graduado Escolar (actualmente Graduado en ESO).

Dende o programa de Educación de persoas adultas pónense a disposición de todas as persoas que o precisen, os recursos materiais e humanos necesarios para que poidan desenvolverse dunha maneira máis axustada á realidade social, persoal e laboral nas que están inmersas. Tanto nos cursos de alfabetización como na ESO para adult@s, destaca unha maior participación feminina fronte á masculina, o que amosa un maior interese por parte das mulleres,

que pode revelar unha actitude de toma de conciencia da necesidade da formación no mundo actual.

O cambio do Graduado Escolar á ESO, supuxo un descenso xeral, en homes e mulleres, tanto na participación coma no índice de aprobados. Citando á profesora, isto foi consecuencia da dureza da ESO fronte ao anterior Graduado Escolar, que era moito máis curto e doado.

Como vimos repetindo, a educación é un factor estratéxico para acadar un mellor nivel de vida, clave para impulsar o desenvolvemento persoal e a participación plena da muller na sociedade, así como para promover relacións máis equitativas e igualitarias entre homes e mulleres. De feito, a participación da muller no ámbito educativo foi decisiva para que abandoara a súa condición de 2º sexo. Na actualidade, as nais seguen a ser as responsábeis da educación d@s seus fill@s, tanto no eido doméstico coma como na súa prolongación nos centros docentes: son as que traballan nas asociacións de pais e nais de alumnos, pero, en xeral, as que detentan menos cargos. As cartas adoitan ir dirixidas aos pais, pero son elas as que maioritariamente acoden aos centros a falar cos titores e titoras e co profesorado, así como as que se implican nas actividades extraescolares.

Aínda é preciso desterrar a idea de que a vocación primaria da muller é a función familiar, e que polo tanto, as mulleres están menos comprometidas co traballo que os homes, e teñen menos posibilidades de manter un alto nivel de coñecementos especializados. Para acadar este obxectivo é preciso fomentar o interese pola educación, que é un dos instrumentos máis axeitados para acadar un cambio nese rol feminino que se limita ao ámbito privado.

SEGUNDA PARTE

O TRABALLO DAS MULLERES



AS PALILLEIRAS
AS MULLERES E O MAR
AS MULLERES NA EMPRESA

5. TRABALLO DOMÉSTICO VERSUS TRABALLO ASALARIADO

A incorporación masiva das mulleres ao **mercado laboral** na nosa sociedade constitúe un fenómeno propio de finais do século XX. Nembargantes, as mulleres levan traballado arreo dende tempos inmemoriais, aínda que xeralmente en actividades non asalariadas, e fundamentalmente dentro da economía informal ou submerxida.

No caso da Galicia costeira, o colectivo feminino ten traballado de maneira asalariada alomenos dende o establecemento das fábricas de salazón, no século XVIII, e posteriormente nas conserveiras, que tradicionalmente se teñen nutrido de man de obra feminina.

Mais, alén deste tipo de traballo, monetarizado, hai que ter en conta tamén todo o labor que as mulleres desempeñan no **ámbito reproductivo**, non monetarizado, desenvolvendo tarefas básicas non só para a reprodución social, senón tamén para a subsistencia e benestar das persoas, que engloba un sinfín de labores que se agrupan baixo a denominación traballo doméstico.

O traballo doméstico, que se desenvolve no ámbito privado, ten sido un dos expoñentes máis claros de atribución de papeis ás mulleres en base ao seu sexo. Tanto tradicional como actualmente podemos ver unha asimetría na asunción de tarefas: a pesar de que as mulleres temos entrado masivamente na esfera produtiva, asociada xeralmente ao ámbito público ou exterior, os homes non teñen, xeralmente, entrado na esfera do traballo doméstico, que segundo algunhas autoras, é asignado ás mulleres en base ás consecuencias sociais da reprodución biolóxica (atención e coidado d@s bebés, que se ten convertido por extensión no coidado de todas as persoas).

O traballo doméstico, tradicionalmente desenvolvido por mulleres, ten sido considerado como improdutivo fronte ao traballo asalariado realizado no exterior do fogar. Cristine Delphy, dende o feminismo materialista, ten explicado este fenómeno, dándolle un significado social e económico. Esta explicación está baseada na teoría marxista do valor, do seguinte xeito: o traballo considérase como produtivo en canto que produce valores de cambio (que producen plusvalía e acadan valor no mercado). Deste xeito, o traballo doméstico non se considera como tal, posto que o que produce son valores de uso (que non teñen máis valor que o da súa utilización probada). Considera esta autora que o traballo doméstico si é produtivo, e que beneficia en última instancia ao sistema capitalista-patriarcal, que nen sequera contabiliza o traballo feminino nos indicadores ao uso, como o PIB, a porcentaxe de poboación activa, etc.. As categorías estadísticas que contemplan este tipo de traballo son as de "sus labores", ou "axuda familiar", claramente sexistas, que parecen contemplar o traballo doméstico como algo naturalmente asociado á muller, que é vista como unha cidadá de segunda en canto ao traballo, pois é unicamente o traballo desenvolvido polo home o que se considera como principal.

Este valor oculto do traballo doméstico maniféstase, sen embargo, como algo explícito e contabilizábel cando estes labores son realizados fóra do fogar, saíndo do ámbito privado, e pasando

a estar salarizados. Incluso cando acadan un valor produtivo, medíbel en diñeiro, seguen a ser desenvolvidos maioritariamente por mulleres, con excepción por exemplo da cociña, na que adoitan participar varóns, a medida que esta se vai cualificando, profesionalizando e valorizando economicamente.

Tamén se ten estudado o significado práctico do traballo doméstico, que é sumamente heteroxéneo e variábel en canto ao tipo de actividades, ritmos ou intensidade. É posíbel que sexa o seu carácter complexo o que provoque a indefinición ou infravaloración deste sinfín de tarefas, que ao longo de cada xornada son realizadas en espazos de tempo fragmentados.

M. A. Durán (1986) distingue entre catro tipos de tarefas que conforman o traballo doméstico:

As **tarefas de reprodución**, que consisten en todo aquilo que estexa relacionado coa concepción, o parto e a crianza dos e das bebés.

As **tarefas de execución**, ou traballos dirixidos directamente á manipulación de obxectos para aumentar a súa utilidade. Isto supón unha gran cantidade de actividades diferentes. As máis visíbeis e coñecidas son a limpeza, a alimentación ou o vestido, mais as tarefas deste tipo poden chegar a varias decenas dependendo de cada fogar.

As **tarefas de xestión**, que consisten na organización ou planificación de todo o relacionado co fogar, como por exemplo a economía doméstica. A medida que o nivel socioeconómico dun fogar aumenta, diminúen as tarefas de execución, aumentando as de xestión.

As **tarefas de socialización e atención afectiva**, que son as máis lonxanas á idea de traballo. Estas comprenden o coidado de nenas e nenos, ademáis do coidado de persoas ancianas ou enfermas, así como a atención que se presta ás necesidades afectivas de cada persoa do grupo doméstico, ou ás necesidades sexuais do compañeiro ou marido nas parellas heterosexuais. As mulleres, polo seu propio proceso de socialización, adoitan desenvolver a capacidade de saber detectar e cubrir estas necesidades, descoidando habitualmente as propias. Este aspecto do traballo doméstico é máis difícil de cuantificar que os anteriores, mais non por iso deixa de existir.

O traballo doméstico é, en definitiva, algo complexo, e supón unha infinidade de tarefas de distintos tipos que se poden ver máis facilmente cando se desprazan ao sector extradoméstico e son remuneradas, obtendo quen as realiza unha valorización económica.

Como se pode ver no estudo *"Economía Doméstica, Economía Social: Estrategias de Conciliación das Mulleres cooperativistas de Vigo"*, que utilizaremos como fonte para o marco teórico que seguiremos neste traballo en canto á presenza das mulleres no mercado de traballo, no estado español, a incorporación das mulleres ao mercado laboral segue o mesmo modelo que outros países do sul da Europa, que se caracteriza por unha acusada distinción entre dous tipos de mulleres traballadoras: por unha banda están as que manteñen carreiras profesionais constantes, mentras que pola outra temos ás traballadoras que se moven entre entradas e saídas en función da maternidade. É por isto que moitas mulleres, a pesar de ter unha presenza constante no mercado laboral na súa

xuventude, abandóna-no no momento de ser nais e adicarse á crianza, atopando depois dificultades para a súa reincorporación a un posto de traballo. Incluso no caso de non maternidade, a vixencia deste modelo continua, posto que as modalidades de emprego ás que as mulleres teñen acceso son maioritariamente de tipo temporal. Dahí que *“moitas mulleres leven vidas laborais itinerantes entre periodos de traballo temporal e periodos de desemprego, subvencionado ou nor”*.

Este modelo está a cambiar no caso das xoves, aínda que o prezo que deben pagar pola súa adicación profesional é en moitos casos a renuncia á maternidade.

Estes dous fenómenos están relacionados coa ausencia de protección institucional decidida ás nais traballadoras, que na maioría dos casos non contan con servizos de apoio á maternidade. O estado español é dentro da UE, o que menos medidas de protección da maternidade ten.

A partir dos anos 80, coa aplicación da perspectiva de xénero ás ciencias sociais, ten mudado o enfoque dende o que se estuda o traballo das mulleres, que ata ese momento era profundamente androcéntrico e só tiña en conta ás mulleres como categoría, mais nunca como actoras sociais.

Se anteriormente se consideraba a experiencia masculina como único modelo a seguir, actualmente e gracias ao Feminismo, o enfoque alternativo propón que se tome en conta cómo opera o xénero na esfera da produción. Para isto foi necesario producir novos conceptos que foran máis alá do enfoque androcéntrico. As aportacións máis relevantes neste campo, que seguiremos no noso estudo, son as seguintes:

A estrutura do mercado laboral é resultado da división sexual do traballo. Isto pódese ver claramente no caso da segregación sexual de determinados sectores de traballo. Asimesmo, o feito de ser home ou muller facilita ou dificulta o acceso a postos de maior ou menor responsabilidade.

Os ámbitos de produción e reprodución están ligados por relacións moi dinámicas, nas que cambios nun dos ámbitos producen á súa vez cambios no outro, nunha readaptación de ambas esferas.

O volume e calidade do seu traballo familiar segue condicionando ás mulleres en canto á súa ausencia ou presenza no mercado e ás modalidades da mesma (Balbo, 1994). Isto débese por unha banda á non asunción da responsabilidade no traballo doméstico por parte dos homes, e por outra a que o estado non ofrece medidas positivas para socializar o traballo doméstico e de coidado das persoas.

Este enfoque alternativo propón asimismo unha redefinición do concepto **traballo**, que incorpore a reprodución social na xestión dos recursos da comunidade, e non se refira só ás actividades que pasen directamente polo mercado. Bianchi define a **producción feminina** como *“un conxunto de capacidades e actitudes que configuran un modo de producir, un patrimonio de experiencias acumuladas e elaboradas polas mulleres nas súas tarefas de xestión da supervivencia”*.

Polo tanto, a actividade laboral das mulleres desenvólvese tanto na esfera da produción mercantil como na esfera reproductiva, polo que integra tanto responsabilidades laborais, como

familiares e domésticas, na práctica social do “duplo traballo”, que frecuentemente no mundo rural se podería considerar triple xornada, ao incluír traballos de tipo agrícola ou gandeiro. Isto esixe desenvolver estratexias de conciliación entre unhas e outras.

Podemos concluír este apartado sinalando que a incorporación das mulleres ao mercado de traballo non lles liberou das tarefas domésticas, que ademais son percibidas pola maioría das mulleres como o seu rol básico, mentras que o rol profesional se percibe como algo complementario. Isto débese a que o traballo familiar é asumido polas mulleres como algo propio do seu rol, aprendido no proceso de socialización, no que xoga un papel central.

Consecuentemente, o rol familiar determinará en gran medida as modalidades de traballo que as mulleres asumen no mercado laboral, no que maioritariamente ocupan posicións subsidiarias, dentro de determinadas modalidades de inserción laboral:

Traballo a tempo parcial, xa que así deixa un tempo para a súa outra adicación, a doméstica, que nunca abandoa.

Emprego de tipo temporal, actualmente en alza.

Subemprego, ou realización dun traballo por debaixo da súa titulación.

Discriminación salarial, que supón cobrar menos polo mesmo traballo, polo feito de ser muller.

Sectores feminizados, que supoñen a concentración feminina en certos tipos de ocupación ou ramas de actividade, como consecuencia da discriminación laboral. No noso caso a maioría das traballadoras camariñas que se moven no mercado laboral fan-no en sectores feminizados, como a conserveira, a hostelería, a confección téxtil ou o marisqueo a pé.

Neste estudo sobre a situación das mulleres camariñas trataremos varios sectores de traballo nos que éstas teñen unha presenza importante, estando algúns absolutamente feminizados, como o marisqueo a pé, o traballo na conserveira, os obradoiros téxtis ou o palillo; outros con escasa presenza de mulleres, en traballos considerados fundamentalmente masculinos, como a recollida de percebe.

A través do estudo pormenorizado da situación laboral destas mulleres en cada un dos sectores veremos que na maioría dos casos as estratexias que utilizan para conciliar a vida laboral doméstica e extradoméstica baséanse na súa propia autoexplotación, sen dispor dos tempos de ocio e descanso dos que sí disfrutaban os homes.

O ENCAIXE E AS PALILLEIRAS

CAMARIÑANAS



6. O SECTOR DO ENCAIXE

O palillo é unha actividade moi importante dentro da vida das mulleres camariñas, funcionando ademais como un grande atractivo turístico para o concello, xa que Camariñas é coñecida principalmente polo seu encaixe.

Ao longo de todo o traballo de investigación para esta diagnose, nas entrevistas e grupos de discusión realizados coas mulleres en torno a calquera tema, houbo sempre algo que apareceu recorrentemente, con independencia da idade, a condición laboral ou o lugar de residencia: o palillo. Podemos afirmar que o triángulo comprendido por Camariñas, Vimianzo e Muxía é o maior produtor de encaixe de Galicia, correspondendo cáseque dúas terceiras partes desta produción ao territorio camariñán.

Para abordarmos o estudo do sector encaixeiro, e o papel que nel xogan as mulleres, atopamos unha grande dificultade a nivel de cuantificación, xa que, aínda que é sabido que practicamente todas as camariñas saben palillar, e unha grande maioría das mesmas practica este labor, non existen datos fiábeis sobre o número real de palilleiras que existen e traballan no territorio municipal.

É por isto que na primeira parte do noso estudo, na que se quere ofrecer, ademais dunha contextualización do palillo, unha **visión** de tipo cuantitativo do colectivo de palilleiras, tivemos que acudir a **fontes** xa existentes, que son as seguintes:

- As "*Cartas Artesáns de Palilleira*", documento expedido pola Consellaría de Industria e Artesanía, que serven para cualificar oficialmente ás palilleiras como tales, e forman o censo oficial do que dispón a Xunta. No noso caso, a maioría das tramitacións se realizaron a través da Axencia de Desenvolvemento Local. A través destes documentos dispoñemos de información, aínda que parcial, sobre o colectivo.
- Asemade, temos consultado diversos estudos de tipo económico, en especial os realizados dende a Axencia de Desenvolvemento Local, o estudo realizado pola "Fundación Española para el Desarrollo de la Artesanía", e o estudo realizado pola consultora OBZ para a Xunta de Galicia

Na segunda parte deste capítulo, adicado ao sector máis emblemático de Camariñas, quixemos facer unha aproximación de tipo cualitativo, na que se analiza o que está por debaixo de ese entramado sociolóxico, ofrecendo unha visión de tipo antropolóxico, baseada no discurso das propias mulleres palilleiras.

1ª PARTE:

ACHEGAMENTO AO COLECTIVO DE PALILLEIRAS

6.1.HISTORIA DO PALILLO

Os primeiros antecedentes do encaixe poderían estar nas técnicas de pasamanería que xa practicaban as primeiras civilizacións urbanas de oriente.

A presenza documentada do encaixe en Galicia data do século XV, sen estaren moi claras as súas orixes. O noso encaixe mostra influencias italiana e flamenga, froito dos contactos que os navegantes italianos tiñan cos pobos costeiros do noso litoral durante as frecuentes viaxes comerciais cara Flandes.

O feito de que a práctica do encaixe quedase reducida á Costa da Morte, pode deberse a factores como o aillamento ao que estivo submetida esta parte da costa galega, factor que permitiu a pervivencia dunha economía de tipo tradicional, na que o encaixe servía de complemento á feble economía agrícola ou mariñeira desta comarca.

Ao longo do século XIX e durante a primeira metade do XX, a maior parte do encaixe que se confeccionaba na zona era exportado a diversos países de América Latina, principalmente Cuba, México e Arxentina.

Ao falarmos das orixes do palillo non podemos esquecer a importancia das **palilladas** de outrora, actualmente desaparecidas. As palilladas, cuxa existencia se remonta a moitos anos atrás, eran reunións dun grupo de mulleres que se xuntaban nunha habitación ou "sala", para producir encaixe polas noites, despois de teren realizado as múltiples tarefas diurnas. As palilladas iniciábanse no mes de setembro e extendíanse ata marzo, sendo o horario habitual de 8 do serán ata ben pasada a medianoite.

As palilladas constituían fundamentalmente un espazo de traballo, funcionando ademais como lugar de ocio, xa que no remate do labor organizábanse bailes e xogos, e mantiñanse todo tipo de relacións sociais, incluídos namoros, dado que os mozos visitaban frecuentemente ás mozas nestes lugares. A autoridade era exercida polas mulleres de maior idade, as "jefas", que velaban polo cumprimento das normas establecidas en canto ao traballo e ás relacións sociais, exercendo un férreo control sobre as mesmas.

A unha palillada asistían unhas 24 palilleiras, que se sentaban no chan coas pernas dobradas a un lado, apoiando a almofada nun banco de madeira. Esta postura, aínda que moi axeitada para o recatamento, era realmente nociva para o corpo, sofrendo as palilleiras múltiples problemas de columna, cervicais, etc. Na actualidade esta postura para traballar ten cambiado, xa que se adoita palillar sentada nunha cadeira, apoiando a almofada en outra. Nembargantes, non teñen desaparecido as doenzas asociadas ao labor.

Durante o escuro período da ditadura franquista, a "Sección Femenina" encargouse de controlar o mundo do palillo, facéndose cargo da "escola" na que as nenas aprendían este oficio. Na ideoloxía franquista, a muller era identificada co mundo e os labores domésticos e manuais, e alonxada de toda actividade intelectual. As autoridades falanxistas atoparon unha actividade que lles encaixaba perfectamente na súa concepción da muller como mero complemento do home. En palabras de Pilar Primo de Rivera *"las mujeres nunca descubren nada; les falta, desde luego, el talento creador, reservado por Díos para inteligencias varoniles; nosotras no podemos hacer nada más que interpretar, mejor o peor, lo que los hombres nos dan hecho"*.

Foi na década dos 60 cando o encaixe entrou na súa etapa máis crítica. A emigración masiva cara os países europeos, a incorporación da muller ao mundo laboral, xunto co pouco valor que se lle daba aos produtos artesáns fronte aos novos tecidos de tipo industrial, foron algunhas das causas desta crise, que se empezou a superar nos últimos anos.

No referente á **venda do encaixe**, este constitúe un dos grandes problemas aos que se enfrentan as palilleiras, xa que non se realiza dentro do tecido empresarial senón na economía submerxida, e seguindo as canles tradicionais.

O sistema de comercialización máis habitual consiste na venda do encaixe ás **intermediarias**, que logo se encargan da súa venda posterior, ben sexa no seu establecemento propio, ben sexa mediante outros establecementos. As intermediarias son mulleres que, sendo artesáns ou non, adócense exclusivamente á comercialización do encaixe. Son elas as que marcan o prezo das pezas ás palilleiras contando coa diversificada oferta de man de obra existente, que fai que teñan o poder de marcar os prezos de compra.

As **canles de venda directa**, se ben existen, ate agora teñen sido gardadas con celo por quen as utiliza para distribuir o seu encaixe, co que non existe un coñecemento apropiado das mesmas, se ben se sabe que son moi minoritarias, se pensamos no global da comercialización do encaixe. Unha nova fórmula de comercialización directa é a que se realiza dende hai algo máis dunha década a través das dúas **asociacións de palilleiras** existentes.

Aínda que actualmente a produción se realiza maioritariamente de xeito aillado, existe a tradición de palillar nun lugar común ao xeito das antigas "palilladas". Algunhas mulleres seguen a reunirse para palillar, pero agora fanno nestas asociacións, que agrupan a certo número delas nun local no que se xuntan para traballar en compañía, compartir gastos tales como o mantemento do local, ou o aprovisionamento do material (fios, alfinetes, bolillos, etc...), e comercializar os seus produtos. As asociacións teñen un local para a exposición e venda directa dos encaixes producidos polas súas socias. Para sufragar os gastos xerados pola entidade, cóbrase unha comisión do 10% sobre os produtos vendidos, así como unha cota que oscila entre os 3 e os 6 euros ao mes.

6.2. INICIATIVAS INSTITUCIONAIS

A pesar de que o encaixe é un dos sinais de identidade de Camariñas, no foi ata finais da década dos 80 que se produciu algún tipo de actuación no sector impulsado por algunha das administracións.

O Concello de Camariñas iniciou a finais da década dos oitenta diversas accións para o desenvolvemento do sector encaixeiro, mediante actuacións en tres áreas, fundamentalmente:

- **Formación das palilleiras**, para o que, alén de diversos cursos de formación, se creou unha Escola-obradoiro (1991/94), na que ademais da formación en sí se recuperaron deseños e formas tradicionais de traballo que se estaban a perder dende esa crise. Esta experiencia marcou as pautas, metodoloxías e contidos formativos das accións formativas ata a actualidade. A aprendizaxe do palillo por parte das nenas garantiuse mediante a creación das Escolas Municipais de Encaixe.
- **Dinamización** do colectivo de palilleiras para o que se promoveu o **asociacionismo**, xurdindo dúas asociacións específicas ás que aludíamos anteriormente: Rendas, que xurdiu en 1992, e Palillada, creada en 1998 como escisión da anterior. Nos últimos anos as actividades formativas pasaron de estar organizadas pola administración a depender destas asociacións, na súa maioría, mediante subvencións.
- **Reestructuración** do sector e **promoción** do encaixe, para o que se crearon a Mostra (1991) e o Museo do Encaixe (1998), que ten a finalidade de conservar e difundir a memoria desta tradición, contando para elo cunha colección de pezas antigas e actuais que se expoñen permanentemente.

Na **Mostra do Encaixe**, que se leva celebrando ininterrompidamente dende a súa creación, durante a Semana Santa, apresetáanse as palilleiras, expoñendo e vendendo os seus encaixes, e realizando demostracións da súa actividade artesán. Ademais das palilleiras camariñas, este evento reúne tamén a outras encaixeiras do resto do Estado e países europeos. Dentro deste evento quíxose dende o inicio, favorecer o encontro do encaixe coa moda actual, creando para elo unha pasarela na que se expoñen confeccións con aplicacións de encaixe creados por Xovens e Grandes deseñadores. Nela concéntranse artesáns, comerciantes, profesionais da moda, empresas de fíos e outros útiles, así como numeroso público.

A Mostra ten amosado unha grande capacidade para impulsar o sector. Os resultados máis importantes que se detectaron foron os seguintes:


- Establecemento dun novo canle de venta complementario ao das intermediarias.
- Fomento do desenvolvemento das distintas aplicacións do encaixe.
- Revalorización do produto para aumentar o seu prestixio.
- Dignificación do oficio e incremento do número de encaixeiras.
- Coñecemento dos estilos e técnicas do encaixe doutras rexións do Estado e de Europa.

Como resultado deste traballo pioneiro, o Concello de Camariñas recibiu o "Premio Plaza Mayor por labores de promoción de la mujer", otorgado pola FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias), en colaboración co "Instituto de la Mujer".

6.3. ESTRUCTURA DO COLECTIVO DE PALILLEIRAS


6.3.1. IDADES

Na actualidade no territorio municipal hai rexistradas, segundo o *Censo das cartas Artesáns*, elaborado dende 1994 ate hoxe, unhas 217 palilleiras de idades comprendidas entre os 9 e os 92 anos. Aínda que esta cifra se queda curta, xa que se estima que o número real de palilleiras é moi superior, dado que a práctica totalidade das mulleres de Camariñas saben palillar, pode darnos unha idea do colectivo en xeral.



Fonte: Censo de Cartas de Artesán. Consellería de Industria.

Como podemos observar no gráfico anterior, a porcentaxe máis elevada destas palilleiras sitúase no tramo que vai dos 35 aos 64 anos, correspondente ás mulleres de mediana idade, sendo a idade media destas mulleres 38,29 anos.



Fonte: Censo de Cartas de Artesán. Consellería de Industria


Se nos fixamos en tramos etarios máis pequenos, como os da gráfica anterior, un dato que destaca é o baixo número de palilleiras xovens, menores de 20 anos, o que pode ser un indicio do futuro incerto do palillo xa que, en base ao noso estudio cualitativo, as palilleiras novas non consideran esta actividade como unha ocupación á que podan adicarse de modo exclusivo e profesional, tanto polos baixos ingresos que produce, como pola escasa estruturación empresarial do sector. Segundo isto podemos atoparnos ante un momento de cambio dentro das pautas de evolución do palillo, que se reflicta no descenso cuantitativo das palilleiras máis xóvenes.

A este respecto, outro dato a ter en conta é o da grande cantidade de palilleiras que se atopa entre os 31 e 50 anos, tramo que agrupa ao 49,29% do total das encaixeiras censadas, case a metade.

6.3.2. DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL

Dentro do territorio municipal, as palilleiras rexistradas distribúense do seguinte xeito polas catro parroquias:

A parroquia de Camariñas agrupa ao 76,03% das palilleiras con cartas de artesán, que son 165 mulleres. O motivo de que a maior parte destas acreditacións correspondan a Camariñas, débese, posibelmente, ao feito de que a súa expedición faise nas dependencias municipais, ubicadas nesta vila, na que o número de mulleres é superior ao resto. As seguintes parroquias en orde de importancia na expedición de cartas de artesán son Ponte do Porto e Xaviña.



Fonte: Censo de Cartas de Artesán. Consellería de Industria

6.3.3. TIPOS DE PALILLERAS EN FUNCIÓN DA ACTIVIDADE

Tradicionalmente as palilleiras coñecían todo o proceso de elaboración do encaixe ata chegar ao produto final. Na actualidade, a maioría destas mulleres adícanse só a un deste labores especializados, perdendo o coñecemento sobre o proceso completo, e adicándose a labores cada vez máis especializadas e concretas. Os distintos tipos de traballo que se realizan ata chegar ao produto final, dan lugar a distintos tipos de traballadoras especializadas: Deseñadoras, picadoras, palilleiras, rematadoras e incrustadoras.

As **deseñadoras** crean a plantilla que vai seguir a palilleira para a elaboración do encaixe. Esta é unha fase fundamental no proceso, xa que nela se esbozan a composición, técnicas, calidades e complexidade da peza a realizar. Esta fase, así como a ocupación que se deriva dela, foi desaparecendo e substituíndose pola reprodución de copias, o que derivou nunha perda de calidade, de puntos e técnicas autóctonas, que implicaron a perda de sinais de identidade diferenciadoras no mercado. Tradicionalmente neste campo, que require dunhas certas habilidades e do uso de utensilios e ferramentas, é no único no que os homes realizaban tradicionalmente labores relacionadas co encaixe.

As **picadoras** son as que perforan as plantillas de cartón nas que se colocan os alfinetes para realizar o encaixe. Tanto o picado coma o deseño son partes fundamentais na elaboración do produto, xa que se estas van mal, o encaixe seguirá o mesmo camiño.

As **palilleiras** son as produtoras do encaixe mediante a técnica do bolillo. Este labor do palillado é a actividade desenvolvida por un maior número de palilleiras e na que se acadou un maior nivel de especialización. Coa desaparición da fase de deseño perdéronse progresivamente técnicas e

procesos que as palilleiras dominaban, en especial os máis complexos: puntos antigos, remates, combinacións, emprego de distintos tipos de fío, etc..

Unha vez elaborado o encaixe, se a palilleira non o fai, as **rematadoras** encárganse de rematalo para poder facer a aplicación a unha tela. A presentación do produto final queda moi desmellorada no caso dun mal remate, restándolle valor á peza.

As **incrustadoras** adícanse a montar o encaixe nunha tela para dar lugar ao produto final: mantelerías, cortinas, panos, etc...É a fase na que se lle engade maior valor ao produto, téndose perdido asimesmo técnicas complexas.

Na última década, o número de mulleres capacitadas para desenvolver estes traballos foi incrementando debido ás actividades formativas realizadas ás que antes se aludía.

6.3.4. CLASIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS HORAS TRABALLADAS

O número de horas diarias que cada muller lle adica ao palillo é un dato moi difícil de cuantificar. Isto débese a que a maioría delas palillan nas horas que lles restan, depois de rematar a xornada laboral e/ou o traballo doméstico.

En función das entrevistas realizadas, podemos estimar tres grupos de palilleiras, segundo as horas traballadas ao día:

- En primeiro lugar, o grupo formado polas que palillan máis de 40 horas semanais, que estaría formado, principalmente, por mulleres que non traballan fóra da casa, e que viven con outras mulleres que as liberan dos labores domésticos. Este grupo é o menos numeroso.
- En segundo lugar, o grupo formado polas que adican entre 20 e 40 horas semanais ao palillo. Este grupo estaría representado polas palilleiras das asociacións que se reúnen con certa asiduidade, normalmente todas as tardes, para palillar, e por amas de casa que non realizan traballos extradomésticos, adicando unha boa parte do seu tempo ao palillo.
- Por último, o grupo das palilleiras que adican menos de 20 horas semanais a este labor, e que estaría formado por mulleres que só palillan nos momentos libres que teñen ao día depois de realizar a dupla xornada de traballo extradoméstico e doméstico.

6.3.5. ESTIMACIÓN DE INGRESOS DAS PALILLEIRAS

Os ingresos das palilleiras dependen principalmente, das horas que adican a esta actividade así como da canle de venta que elixan.

O prezo fixado por cada palilleira depende do tipo de encaixe producido e da calidade do mesmo, oscilando entre 1 e 1,5 euros por hora.

Segundo a información obtida e o número de horas traballadas podemos establecer distintas categorías de facturación por intervalos. A táboa seguinte reflexa a estimación da facturación das palilleiras en base á información obtida coas nosas entrevistadas:

Intervalos de facturación mensual						
Horas semanais	0,75 euro / hora	1 euro / hora	1,05 euro / hora	1,2 euro / hora	1,35 euro / hora	Media
10	7,5 euros	10 euros	10,5 euros	12 euros	13,5 euros	10,7 euros
20	15 euros	20 euros	21 euros	24 euros	27 euros	21,4 euros
30	22,5 euros	30 euros	31,5 euros	36 euros	40,5 euros	32,1 euros
40	30 euros	40 euros	42 euros	48 euros	54 euros	42,8 euros
50	37,5 euros	50 euros	52,5 euros	60 euros	67,5 euros	53,5 euros
60	45 euros	60 euros	63 euros	72 euros	81 euros	64,2 euros
70	52,5	70 euros	73,5 euros	84 euros	94,5 euros	74,9 euros

Fonte: Elaboración propia a través de entrevistas ás palilleiras e grupos de discusión.

Un dato que nos interesa sinalar é a gran diferenza que existe entre o prezo de venda do encaixe e o que gaña a palilleira, xa que, ao tratarse dunha actividade artesanal sen un obxectivo estratéxico e comercial claro, os principais beneficios van parar ás mans das intermediarias, as tendas de venda final e os subministradores de materias primas.

Como xa dixemos antes a produción do encaixe realízase dentro da economía submerxida, nun sector caracterizado pola atomización productiva, as limitacións técnicas, a ausencia de innovación e dificultades de comercialización. O resultado desta confluencia de factores fai que a palilleira sexa a que menos ganancias obtén.

2ª PARTE :

6.4. ANÁLISE DO GRUPO DE DISCUSIÓN

Para documentar cualitativamente este apartado, realizouse un grupo de discusión no que participaron sete palilleiras, que presentaban distintas características con respecto ás idades, procedencias, vencellamento ás asociacións, horas de adicación a este labor, etc.. Usamos como criterios de selección os datos cuantitativos do censo das cartas de artesan, dentro do posíbel. Por exemplo, non fomos quen de conseguir unha palilleira xoven da parroquia de Camelle. As idades destas mulleres correspóndense coa proporción de tramos etarios das palilleiras censadas, que se comentou anteriormente.

IDADES DAS PALILLEIRA	Nº DE PARTICIPANTES
9 A 34 ANOS	2
35 A 64 ANOS	4
MÁIS DE 65 ANOS	1
TOTAL	7

Con respecto á procedencia por parroquias deste grupo, 4 participantes son de Camariñas, 2 da Ponte e 1 de Camelle. Dentro do grupo, só 2 están asociadas.

A través da análise dos discursos presentes neste grupo, podemos coñecer outro tipo de realidade: a dos discursos das palilleiras con respecto a sí mesmas e á súa actividade.

6.4.1. O PALILLO E O ROL FEMININO

Como se dixo anteriormente, a capacidade de palillar é , digamos, a característica que se atribúe por excelencia ás mulleres camariñas, que levan transmitindo esta arte de xeración en xeración, dende hai séculos, por vía exclusivamente feminina. É dicir, forma parte do **rol feminino** coa mesma forza que a atribución exclusiva do traballo doméstico e de coidados das persoas, entre outros. Polo tanto, é ensinado a todas as nenas da zona dende ben pequenas. As únicas excepcións que se poderían atopar a esta norma social teñen que ver con non ser nativa de Camariñas, ou ben que non o foran a túa nai ou aboa, que adoitaban ser as encarregadas de educarte como muller. Nembargantes, e como se pode comprobar no seguinte extracto, esa capacidade axuda á integración dentro desta sociedade, na que moitas veces o matrimonio fai que a muller cambie de actividade ou aprenda unha nova.

"...eu quería ir á palillada pero miña abuela **como non foi de aquí** nunca me deixou ir. Decía que as súas fillas nunca aprenderan a palillar e que eu non perdía nada tampouco e nunca me deixou ir á palillada. **E desde que casei xa empecei**" (P5).

O valor que se atribuíu a saber palillar foi desde sempre máis alá da súa rendabilidade económica, xa que formaba parte da mesma esencia feminina: "*miña abuela quería que souperas **inda que non cobraras nada**. Miña nai era modista e nunca se matou por aprenderme a coser*" (P1).

Polo tanto, a súa aprendizaxe era unha **obriga** para todas as nenas camariñas, sendo as súas maiores as encargadas de velar pola correcta transmisión desta actividade, gustara ou non ás aprendices.

Dada a identificación da actividade palilleira co universo feminino, a existencia de homes que se adicaran a este labor é algo inusual, non sendo máis que excepcións que confirman a norma social, que identifica o palillo coa muller. Nos poucos casos coñecidos de homes ou nenos que palillaran, a presión social que se exerce sobre os mesmos, e que se basa no cuestionamento da súa masculinidade, é tan forte que consegue que o deixen, ou ben que o practiquen ás agachadas:

"O meu fillo palillaba, pero na escola vacilábano e tivo que deixalo" (P). "Pero ese home tiña a almohada debaixo da cama e cando viñan os amigos escondía-a" (P6). "Porque non se pode palillar porque aquí como non hai ningún home pois os homes non se atreven" (P1)

A explicación que as palilleiras dan a este fenómeno de segregación sexual baséase nas outras actividades laborais que os homes realizan:

"...porque os homes teñen que ir ao mar ou a facer outros traballos, e a muller quedaba na casa. Entonces a muller compaxinaba o traballo da casa co palillo e unha hora que lle quedaba libre collía o palillo... Pola mañá non podo palillar, pero pola tarde estou sentada e estou cunha cousiña estreitiña e non é por decir vivo deso nin nada, porque xa non podes, pero fas un pouco, **os homes teñen outra clase de traballo**. As mulleres un cacho que che queda aproveitadas. E por eso e nada máis, non é porque os homes non soupesen palillar" (P5)

Desta cita se desprenden dúas consecuencias importantísimas que están na base do propio sistema de relacións de xénero vixente na sociedade. Por unha banda, a maior valoración do traballo masculino, algo habitual en sistemas patriarcais. Frente ao non-traballo do palillo, a clasificación da "outra clase de traballo" que teñen os homes, inclúe unhas garantías como o ser salarizado, con seguridade social, etc.

Por outra banda, atopámo-nos coa paradoxa de que as propias mulleres se atribúan un tempo libre do que non dispoñen, por adicar o escaso tempo libre que terían a palillar ("eu cando teño un cachiño xa me sento"- P2), fronte aos homes, que sí gozan de tempos de descanso e ocio, que se desenvolven principalmente nos espazos públicos, como a taberna ou a rúa.

6.4.2. O PALILLO COMO UN NON-TRABALLO

Circula por ahí unha historia que conta que os homes camariñáns inventaron o palillo para teren ás mulleres quietas. A verdade é que a actividade que se desenvolve no palillo comparte moitas das características do rol feminino tradicional: inmovilidade, relación co interior (casa, lugar da palillada), ...

A este conto só lle falta explicar que o incluíron dentro do **modo de produción doméstico** para que nen sequera fora considerado un traballo, ao igual que o sinfín de tarefas que compoñen este campo atribuído exclusivamente ás mulleres. O feito de que a actividade encaixeira, na maioría dos casos, se desenvolva no ámbito do traballo doméstico, ten unhas consecuencias claras en canto á súa consideración como un non-traballo polas propias palilleiras:

- Realízase no mesmo fogar, fronte aos traballos extradomésticos, co que non se desenvolve nun tempo nen nun espazo determinados: *"Pero á conserveira tes que ir alí, pero na casa sempre tes que facer e deixas a almohada"* (P7).
- Só se poden adicar ao palillo a tempo completo as que conviven con outras mulleres, que son as que se encargan do traballo doméstico: *"por exemplo, X. ten a filla na casa e dedícase ao palillo. A filla fai todo e dedícase a aquilo"* (P1), ou *"eso son a xente maior, mulleres que teñen quen lles faga as labores da casa"* (P4).
- O encaixe é unha actividade de baixa rendabilidade para as productoras, o que fai que sempre sexa visto, dentro da economía familiar, como un complemento ao salario principal masculino, e nunca ou case nunca como unha fonte de ingresos suficientes: *"Pero economicamente non é un traballo para vivir. A miña nai palillaba porque sí, porque había que manter unha familia e podía ser unha axuda para comprar unha barra de pan pero non é para vivir"* (P1). Nembargantes, familias compostas exclusivamente por mulleres, teñen conseguido saír adiante adicando interminábeis horas a este labor, que sempre funcionou como colchón amortiguador da precariedade económica: *"miña nai e miña avoa eran as dúas solías, meu abuelo morreu cando miña nai estaba na barriga e viveron deso toda a vida"* (P7).
- Non se cotiza á seguridade social, o que fai que as palilleiras estén fóra do sistema de cobertura social do estado de benestar, e dependan dos seus homes, que sí gozan desa cobertura: *"Nós non temos nin para un médico. Se queres un médico tes que depender do home ou buscar por outro lado porque polo palillo non tes"*. (P1), ou, *"Eu o vexo moi mal, porque está a situación como en tempos de María Castaña, non tes unha axuda, non tes un médico, non tes nada"* (P1). Nembargantes, o exercicio continuado desta actividade ten consecuencias na saúde das mulleres, que se centran sobre todo en lesións músculo-esqueléticas na espalda, cervicais e pescozo.
- A baixa rendibilidade do traballo non permite que ata agora as palilleiras podan afrontar o pago dun seguro, que elas só ven factíbel no caso de compaxinar o palillo con outra

actividade de tipo empresarial-comercial: *"Non é que estemos camufladas, é que non temos outro modo. Non temos un comercio de cara ó público que nos dé para pagar autónomos. Inda que queiramos pagar o seguro, non temos oportunidades pero non estamos camufladas"* (P4).

- As palilleiras non se organizan como traballadoras, xa que non se consideran como tales, polo que non existe ningunha organización sindical que vele polos seus intereses.
- Como resultado desta definición do traballo, que está profundamente enraizada nas relacións de xénero, o palillo considérase como unha actividade vencellada á ideoloxía "casa", e non ao salario, ás necesidades do grupo doméstico e non ás dunha traballadora individual.

Ao longo desta entrevista grupal quedou patente que as propias palilleiras se moven entre a consideración de se a actividade que desenvolven é un traballo ou non. O certo é que, ao igual que en outro tipo de traballos aos que adoitan acceder as mulleres camariñas, elas mesmas consideran que realizan ese labor porque non teñen outras oportunidades laborais mellores. Así, unha palilleira *"é unha artesana que ten que palillar porque non ten outro medio de traballo, non ten outra oportunidade"* (P4), ou *"unha persoa que non ten outras oportunidades de traballar fóra da casa"* (P5).

O palillo é unha profesión unicamente *"para as persoas que se levantan ás 8 da mañá e non o deixan ata as dez da noite. A persoa que está todo o día, todo o día é unha profesión"* (P4). Pero este xeito de exercer o oficio é actualmente bastante infrecuente, aínda que antes *"había señoras que se levantaban ás 8 da mañá, sentábanse no suelo e ás 12 da noite seguían no mesmo sitio. Levábanlle a comida e xa non se levantaban nin para comer"* (P5).

Destas afirmacións despréndese que as mulleres teñen unha pésima **auto-imaxe** como traballadoras, e valoran máis o traballo extradoméstico, fronte ao palillo, ao que sempre poden voltar en caso de desemprego. Aquí vemos novamente a función que cumple de colchón amortiguador da precariedade económico-laboral: *"cando están na fábrica non palillan pero cando van ao paro volven a palillar"*. (P4)

6.4.3. A APRENDIZAXE: AS PALILLADAS

Voltando á relación do palillo co rol feminino, vexamos agora como se producía esa transmisión do saber por vía feminina. A maioría das nenas aprendía coas súas aboas ou nais, mais nos casos en que isto non era posíbel, había e aínda hai, mulleres que se adican a ensinar. Así, unha das entrevistadas aprendeu *"coa miña abuela. Cando tiña 5 anos collía o palillo como si fora un xogo"* (P3).

No proceso de socialización, ao igual que sucede cos labores domésticos, as nenas aprenden por imitación das súas nais ou outras mulleres. O que ocorre co palillo, ao igual que co

traballo doméstico, é que o que comeza como un xogo acaba sendo unha obriga, o que terá consecuencias na imaxe que as rapazas teñen desta actividade.

*"Cando es piquiniña de todo queres coller a almohada e que che deixen e romper os palillos e dinche: non, que vas romperme os palillos e **cando ti non queres e cando che obrijan**" (P5).*

Aínda no caso de que as nenas aprendan a realizar outros labores, sempre queda o espazo para esa aprendizaxe obrigatoria que ata hai moi poucos anos ningunha nena podía eludir.

*"Cando eu era rapazota ía co meu pai ao monte, á herba, ás verduras, ía a sementar patacas e a sementar millo. Hoxe que non podemos sair, se colle a almohada, **hai que aprender a palillar** e o que se aprende nunca se olvida e non está de máis. Nunca está de máis saber. **Non importa que sepas doutras cousas pero esto tamén hai que sabelo**" (P1).*

Ata os anos 60, máis ou menos, existiron **as palilladas**, das que xa se falou anteriormente, e que constituían, fóra da familia, o espazo de socialización por excelencia das nenas e xoves camariñas, exercendo unha muller maior o papel de autoridade: *"Había unha xefa da palillaba que che decía hai que estar así, hai que estar ata tal hora"* (P1).

No espazo e tempo das palilladas realizábanse diversos tipos de relación social, especialmente a de mocear, sendo frecuente que depois dunhas cantas horas de palillo se permitiran outras de ocio.

"A miña nai e as miñas tias ían á palillada e as dúas da mañá arrimaban as almohadas e empezaba o baile" (P1).

Nembargantes ese tempo de ocio estaba supeditado ao da produción, co que queda patente unha vez máis, a necesidade económica subxacente a todo o sistema, que segundo algunhas opinións foi o que causou a pervivencia da actividade encaixeira na comarca fronte a outras nas que tamén se practicaba e foi desaparecendo.

*"E, ¿por qué palillaban ata as dúas da mañá? Podían empezar o baile ás 10 da noite, pero empezaban as 2 da mañá **porque había que palillar**. Había falta de palillar...Se non fixera falta economicamente, o baile non empezaba a unha da mañá. Porque tí si estabas na porta, dende, ao millor non tiñas ganas de palillar, tiñas ganas de tirar coa almohada e arrimarte a él para falar ou o que fora. Pero **a pobreza obriga a moitas cousas**" (P4).*

6.4.4. O CAMBIO DAS NENAS E MOZAS

Nos últimos tempos, cos cambios que se están a producir nas relacións de xénero gracias á loita das mulleres pola igualdade de oportunidades, as nenas poden acceder a outro

tipo de actividades de tempo libre. Segundo varias das participantes no grupo de discusión, a nova oferta de actividades é a razón pola que moitas nenas xa non aprenden a palillar como se facía ata o pasado recente:

"Antes cando tí eras pequena, ou cando a miña filla maior era pequena, miña filla ten 22 anos, non había ximnasia, non había baile, non había gaita, non había nada deso. Pero como agora hai tantas actividades entón as rapazas palillan menos porque teñen outras actividades que facer e antes non" (P5).

Aínda que o palillo sexa un non-traballo, sí que é considerado como esforzo se se compara con outro tipo de actividades de carácter máis lúdico que se ofertan na actualidade:

"É un traballo que non é un xogo. E a maioría delas di: hoxe fun a clase de ximnasia rítmica e hoxe fun a non sei que, e van todas contentas pero co palillo hai que adaptarse a sentarse e a nena non quere porque é un traballo e non é un xogo...miña abuela era a que quería que aprendera, miña nai non tanto, pero miña abuela estaba insistindo, dicíndote que tiñas que ir, que tiñas que aprender e que non podías deixar eso" (P1).

As participantes no grupo de discusión son conscientes do cambio que se está a producir no caso das nenas e rapazas, que xa non se queren adicar a esta actividade:

"Eu noto que cambiou moitísimo desde que empecei a ensinar rapazas. Levo 18 anos ensinando e cada ano noto cambios a peor, hai menos interese. Ao principio parece que viñan con máis ánimo e máis ganas de aprender, pero agora xa vexo menos interese porque os pais, marchan, teñen que marhar a Canarias, **teñen que emigrar porque non hai nada...** eu dou clase agora a 5 nenas e teño tido 28 e eramos 3 clases" (P1).

Unha das razóns ás que se apuntan como causa da falta de relevo xeracional no palillo, é a forte incidencia da emigración, que como se pode ver no apartado correspondente á demografía, está a producir graves desequilibrios na estrutura da poboación no municipio e na comarca. Se ben estes movementos migratorios antes eran maioritariamente masculinos, na actualidade a saída de xoves, especialmente mulleres, é un dato a destacar, coa consecuencia de que "agora tampouco hai rapazas" (P1).

Máis alá da falla de rapazas novas, hai outros condicionantes, como a baixa rendibilidade, para que non se queiran adicar a palillar como actividade laboral, e o vexan maioritariamente como unha fonte de ingresos extra para os seus propios gastos, e non como un salario: "Eu teño unha filla de 22 anos, vai coser a mediodía e á tarde cando lle da, por exemplo quere comprar un pantalón e si ela ten a almohada... pero nada máis. Nese sentido obliguei ás miñas fillas a aprender" (P5). "Miña sobriña ten 19 anos e está estudiando e ela ten a súa almohada e palilla o fin de semana porque ela di si fago 5 pesos pois é pa gastar ela" (P3).

As mozas atribúen unha serie de características negativas á actividade encaixeira, que probabelmente teñan un forte peso na súa decisión de non adicarse a ésta. A fuxida do rol tradicional de muller, que en Camariñas inclúe ser palilleira, é, sen dúbida, unha das razóns de fondo deste abandono da actividade por parte das xoves, que ven o palillo como "un traballo moi **aburrido...** unha cousa moi **presa**»(P6), ou "non é un hobby... é moi **atado**" (P4). Ademais, se buscan a independencia económica, algo cada vez máis frecuente nas xoves, co palillo "non se poden manter" (P6).

En resumo, a realidade das rapazas camariñas é que *"saben palillar pero non se dedican ao palillo"* (P7). As pésimas condicións "laborais" do sector fan que busquen traballo por outros camiños, incluíndose sempre a emigración como a saída máis recorrente. A falla de relevo xeracional pode resultar moi negativa de cara ás accións que se poñan en marcha para revitalizar o sector, que terán que pasar por construír unha nova identidade como traballadoras, mellorar as condicións nas que se desenvolve a actividade encaixeira, e aumentar a súa rendabilidade para as produtoras.

6.4.5. A COMERCIALIZACIÓN E A ECONOMIA DO MAR

Unha das razóns de que palillar teña unha imaxe tan negativa, e non só no caso da xoves, é a non evolución do sector: *"Este traballo artesán tan importante que parece que é, tantas cousas para as que se aplica e eu penso que non está ben levado como o traballo que é... eu non o vexo ben porque está como antigamente. Igualito que antigamente"* (P1).

Unha das cuestións que menos teñen cambiado no mundo do palillo é a forma de distribución e comercialización do encaixe, que na súa maioría se ven facendo ao xeito tradicional, a través das intermediarias, que tamén adoitan ser mulleres, que son quen lle compra o encaixe ás palilleiras, encargándose posteriormente da súa comercialización no mercado. Neste sistema de comercialización, as produtoras son o eslabón máis fráxil, e o que menos rendibilidade económica obtén da súa actividade.

"...Pero dalle máis á que manexa ou que o vende que a quen o fai. A que palilla é a que menos gana" (P4), ou *"a palilleira é a que menos gana, non gana nada"* (P4).

A pesar de que o encaixe é un produto de prezo elevado no mercado, o valor engadido deste súmaselle unha vez que xa saíu das mans da súa produtora, no espazo do mercado, sen participar as palilleiras destes beneficios: *"Da moito millón pero pa quen son?"* (P1).

A rendabilidade que se obtén por esta actividade é, dende logo, baixísima para as produtoras, constituíndo a razón fundamental da súa imaxe negativa, e do abandono xeracional.

"Inda non quitas 1 euro" (por hora) (P2), *"coa almohada tes que estar todo o día e non sacas nin 2000 pesetas"* (P6).

Este modo de comercialización tradicional, a través das intermediarias, funde as súas raigames na economía mariñeira, que segundo F. Calo Lourido (1997) diferénciase notabelmente da agrícola, xa que mentras nas economías de tipo agrario, o pan do labrego depende do traballo e do comportamento climatolóxico de todo un ano, o que da lugar a un carácter pechado e conservador; no caso do mariñeiro, a súa economía fluctúa, oscila, é imprevisíbel. Dahí *"que os gastos familiares sexan irregulares, pois tanto pasan meses de miseria, como gastan en poucos días todo aquilo que conseguiran nunha marea"* (Malpique, 1986).

Unha vez vistas estas diferencias, o sistema de venda e distribución diario do encaixe a través de intermediarias apréséntase como o máis axeitado para as economías nas que se vive ao día, como é o caso que nos ocupa.

"Tí facías un pañuelo nun día, ao día seguinte o ías vender e xa tiñas para comprar o leite e se non non desaiunabas. Pero antes vivíase como se vivía" (P4).

Así como outros aspectos teñen cambiado, a economía das familias que obteñen o seu ingreso principal do mar non ten cambiado moito con respecto á inseguridade e fluctuación das rendas percibidas, polo que o encaixe segue ser imprescindible nestas economías, co que se segue a perpetuar o sistema tradicional.

"Ao que ten un sueldo fixo ao mellor non lle fai falta pero ao que vive do mar..." (P6)

Un dos discursos máis fortes ao falar do tema da comercialización do encaixe é o que facía unha distinción entre dous tipos de intermediarias: "as de agora", que son as que teñen establecementos de venda ao público, e "as de antes", que compraban ás palilleiras para posteriormente venderlle a diversos establecementos. Poderíamos dicir que a diferenza entre ambas categorías radica en se as intermediarias son maioristas ou minoristas.

"Aquí na actualidade hai varias tendas de encaixe que antes, hai dez ou doce anos, non as había. Entón tí xa lle vendes a unha que vai vender directamente cara o público. Antes non. Vendíase a unhas señoras, na Ponte do Porto había unhas señoras que compraban e despois ás que tiñan tendas lles vendían elas. Entón pasaba por 1, 2, 3 mans e ata que chegaba á persoa por 4. Agora por exemplo non" (P5).

Segundo unha das entrevistadas, as intermediarias "de antes" non eran exactamente quen máis beneficio obtiña, xa que non eran quen vendía directamente ao público, senón que intermediaban ante as tendas, que actualmente son a maioría das compradoras.

"Eu as intermediarias que conozco non son as que ganan o capital, porque ao mellor unha mantelería son 50.000 pesetas e ti vas a comprala e cóbrancha 52 mil, pero despois vas a comprar nunha tenda e ahí si. Porque esas señoras o teñen alí, xa non teñen expuesto nin nada, teñen caixóns e ti dis mire quería unha mantelería, e te enseñan 4 ou 5 que teñen no caixón" (P5).

Nos tempos pasados, estas intermediarias constituían a única canle de venda para as palilleiras, encargándose asimesmo de proporcionarlles os fíos, alfinetes, e demais materiais básicos para producir, exercendo unha especie de monopolio na compra e distribución do encaixe, que as situaba nunha posición de poder neste entramado, no que a palilleira non tiña outro xeito de colocar os seus produtos. Polo tanto as intermediarias cumprían a función social de abastecer dos medios de produción e canalizar as producións das palilleiras.

*"Por exemplo vai G. cunha bandexa e véndella por 3000 pesetas, e vou eu e por 100 pesetas máis xa ma deixa. **As tendas non pero elas sí.** Ademais esas señoras, déase conta que aquí todo o inverno non se vende labor e esas señoras están collendo o labor de toda da xente que llo leva e teñen que ter un capital para facelo... E que din que ter que desaparecer, NON. Eu non o vexo lóxico que desapareza" (P5).*

En contraposición con este modelo, as intermediarias "actuais", ou que teñen tendas de venda de encaixe, son vistas como quen se leva os beneficios do palillo neste momento, ao pasar o produto por menos mans: "*Hoxe vas a vender o pañuelo a 1000, mañá valo comprar o mesmo e cóstache 6000*" (P6).

A defensa do sistema de antes únese á crítica polo grande número de tendas que abriron nos últimos anos: "*A palilleira de por sí... eu penso que **era mellor coma antes**, levábaslle o encaixe á intermediaria de toda a vida, a encaixeira que cho compraba e eu xa cumprín. E non había esto, porque hoxe quen máis quen menos ten a súa tendiña. Ten o seu tal, e abres incluso unha tenda para ter unha cousa e despois acabas tendo palillo tamén*" (P3).

Unha das queixas das palilleiras con respecto ao valor que obteñen do seu traballo refírese por unha banda á oscilación de prezos no mesmo produto ("*é que nos sitios os cambian, porque vas vender a un sitio e márcanlle un prezo e vas a outro e márcanche outro prezo*" -P3) e por outra, a que non se faga diferenciación no prezo para distintas calidades: "*eu o que vexo mal é que hai moi pouca diferenza de pago do mal feito ao ben feito... que me pagues a min polo meu pañuelo igual que aquel que vai como un trapo feito, por favor*" (P1).

Outra das diferencias de prezo que se dan no encaixe ten que ver coa estacionalidade, xa que no verán co turismo e as feiras de artesanía dásele máis saída ao produto, mentras que no inverno o mercado do encaixe fica máis parado: "*ao mellor no verán levas o labor e págancho máis caro, pero no inverno vas levalo e dinche aí non, que non me interesa*" (P5).

Esta situación, unida á economía do día, coloca ás intermediarias nunha posición de forza con respecto ás palilleiras, que a maior parte do ano teñen dificultades para colocar o seu produto, agravada pola necesidade económica: "*A veces tes unha persoa fixa á que lle vendes directamente pero **a intermediaria tes que ajuantar dela**, é dicir, ao mellor no verán podes vender pero ao chegar o inverno hai moito material e non tes a quen vender*" (P5), ou "*pero hai algunhas que eu teño visto, que páganllo menos que no verán. Pero a xente que o vai vender é porque necesita os cartos*" (P5).

O proceso de negociación entre a palilleira e a intermediaria á hora de realizar a venda de encaixe, funciona da seguinte maneira: "*Son un pouco un **regateo** coma as compras dos marroquís. É un pouco regateo* (P4). "*Uuuui; ti lle dis un prezo e ela che di: é moi caro. E ti lle dis: ah, pois a min fulano damas, e ela te di: se che gusta...*" (P7).

Aínda no caso de saír máis beneficiada na venda do que pensaba, a palilleira sente como se non gañara honradamente esta cantidade: "*E si gañas algo máis e **coma quen di son roubadas**, e dicir, aquela pajame 1000 pesetas máis nun xogo de cama que non é nada ao fin ao cabo pero...*" (P5).

En definitiva, nesta relación desigual "*o vas vender e non che dan o que traballaches*" (P4).

6.4.6. AS ASOCIACIÓNS E A VENDA DIRECTA

Ate agora non ten habido moitas iniciativas que tenten cambiar este modo de produción e distribución. Aínda que se sabe que existen persoas que realizan venda directa a establecementos comerciais de fóra, isto é imposible de cuantificar. A única fórmula colectiva empregada ata o momento ten sido o de organizarse en asociacións de palilleiras, existindo actualmente dúas organizacións deste tipo en Camariñas: *RENDAS* e *Palillada*, que aglutinan actualmente a unhas 120 socias. A primeira, de tipo profesional, constituíuse en 1992 contando co apoio do Concello. Poucos anos depois apareceu a segunda, de tipo cultural, como escisión da primeira, por problemas internos.

"Coas asociacións o das intermediarias un pouco eliminouse. Porque a xente que está nas asociacións non lles vai" (P4).

O cambio fundamental que supuxeron estas entidades foi a posibilidade de realizar venda directa ao público, a través dos locais-tenda dos que dispón cada unha destas asociacións, co que *"se gaña máis que coas intermediarias" (P4).*

Mais, aínda que a venda directa faga que o valor engadido fiquen en mans das palilleiras, hai varios condicionantes que fan que esta solución tampouco sexa a panacea, xa que se gaña *"un pouco máis si, pero tes que esperar a que cho compren" (P1)*, *"e se non vendes tes que levalo pa casa" (P5)*. Ademais *"no inverno non vendes" (P4)*.

Ademais, fronte á venda a través de intermediarias, na que se cobra no momento, e na que a palilleira adoita desentenderse do rematado, incruste, etc., na venda a través das asociacións *"tes que gastar os cartos en montalo, na tela e todo" (P4)*. Outra das saídas de diñeiro que supón o feito de pertencer a unha asociación é que *"ás veces témonos que apurar a pagar as cuotas para facer algo" (P4)*.

Como xa se explicou antes, nas economías mariñeiras "do día", a entrada de pequenas cantidades de diñeiro habitualmente é esencial, e *"non se pode estar tres meses sen comer" (P6)*.

Relacionado con esta necesidade cotiá de ingresos está o tipo de pezas que se poden adquirir nos locais das asociacións, onde *"podes comprar un pañuelito ou un cubre bandexas pero se queres comprar unha mantelería non tes" (P4)*, porque *"nas asociacións as mantelerías non as fan porque lévalle tres meses e non pode estar tres meses... (sen cobrar)" (P4)*.

Polo tanto, para conseguir pezas grandes do tipo dunha mantelería ou sábanas *"vala comprar ás intermediarias" (P5)*.

De todos xeitos, algunha das participantes percibe que hai certo tipo de traballos grandes, que se están deixando de facer. Tradicionalmente estes labores os facían palilleiras de fóra da vila, residentes en aldeas:

"Moita xente de vello que facían labores grandes e todo, esa xente vai morrendo e esas intermediarias vense a veces moi apretadas e teñen encargas de labores grandes e non teñen a quen darllas a facer. E eso está pasando... Quero decir que había xente de Santa Mariña e iso que facían esas mantelerías coma mundos e esa xente morreron" (P5)

Outro dos problemas aos que se enfrentan as asociacións non está relacionado coa economía senón coa falla de confianza entre as asociadas. Non podemos esquecer que unha das dúas asociacións existentes formouse como escisión da primeira por "problemas internos". Os argumentos que se esgrimen están relacionados coa falla de compañerismo: "*se tes o teu encaixe e che toca de guardia a tí, vas vender o teu antes que o do outro porque é unha asociación, non unha cooperativa*" (P6).

"Eu non son das asociacións pero penso que na asociación se hai unha encarga, hai que repartila entre as que están na asociación e non ir ás intermediarias da Ponte do Porto, que eu ... vexo a xente que vai comprar e non llo da a facer ás compañeiras da asociación. Eu eso si que o vexo fatal, e máis xa digo que non me interesa porque diso nada" (P5).

Asimesmo, as asociadas parecen ter visto estas entidades como a panacea, xa que a administración tenas alentado para agrupárense, e a realidade xa non lles parece tan positiva, sítense faltas de apoio, referíndose neste caso á Xunta: "*...que a asociación ten moitos dereitos e que non sei que non sei cantos, e que temos moitos dereitos e eu non vexo nada*" (P1).

6.4.7. IMAXE DAS INICIATIVAS INSTITUCIONAIS

O Concello de Camariñas iniciou o traballo co sector encaixeiro a finais da década dos 80. A pesar de levar tantos anos traballando este tema, e de ter impulsado iniciativas importantes, como distintos cursos de formación, a Escola-Obradoiro (92/94), a Mostra ou o Museo do Encaixe, entre outras (ver capítulo anterior), a imaxe que ten entre o grupo das palilleiras entrevistadas é ambivalente.

Mentras que algunhas manteñen que "*o concello non fai nada*" (P2), ou "*non fixo nada*" (P1), hai quen lle recoñece o feito no eido formativo, decindo que organiza "*palillo para rapazas*" (P3), e "*dá cursos*" (P6).

Unha das piores acusacións que se fixo ao labor do concello está relacionada coa percepción que se ten por parte dalgunhas palilleiras de que só beneficia ás intermediarias, que son as que ostentan o poder neste sistema, fronte ás palilleiras, que son o elemento máis feble.

*"Eu penso que o que está facendo o concello polo palillo é **perxudicial**. Porque é o que se fala, as palilleiras son as que menos están sacando e son as que teñen que ter máis oportunidades pero métese as intermediarias, con todos os dereitos que pagan, e entón as palilleiras volven a quedar abaixo"* (P3).

E esta crítica endurecese ao falaren da Mostra do Encaixe, que segundo algunhas palilleiras, foi sufrindo unha transformación dende os seus inicios en canto ás persoas que se beneficiarían desta:

"A feira foi feita para as palilleiras, pero agora na actualidade só van intermediarias...Eu por exemplo, xa vou só de acompañante, quizá fomos as únicas palilleiras que había na feira de aquí"

da Mostra. A feira ó principio foi feita só para palilleiras agora ao final é para intermediarias e para asociacións” (P5).

Outra das críticas que xurdiron en torno á Mostra baséase en que facilitou o acceso aos elementos básicos para realizar o encaixe á xente de fóra, que é vista como competencia, *“Aquí desfíxose todo, a feira destrozou todo. A xente que viña de fóra levaba os picados en fotocopias, levaban os alfileres” (P2).*

Aínda que a actividade encaixeira non sexa exclusiva de Camariñas, as palilleiras ven unha ameaza no feito de que en outras zonas de Galicia con tradición encaixeira se esté a recuperar esa actividade, aínda que na maioría dos casos sexa unicamente como actividade de ocio, e non con fins comerciais.

“E falamos de que a xente estudia por ahí e así non se pode. Eu penso que o peor foron os cursillos que se empezaron a facer nun sitio e noutro e noutro (P1), e “a xente de fora quixo aprender a palillar” (P4).

Incluso propoñen que *“xente que ven ao pueblo para aprender a palillar que lle cobren a precio de ouro” (P4).*

Ademais, algunhas destas mulleres pensa que, coa promoción da Mostra, perdeuse o “misterio” do palillo, que durante tantos anos ten sido transmitido de xeración en xeración.

“O primeiro ano non quitaban fotos a ningún estand; o segundo canto querían, o primeiro ano non había fotocopias; o segundo cartóns, fotocopias, alfileres... o que quixeran. E todo eso quitoulle o mérito ó encaixe” (P2).

“Antes pedíanche de favor para quitar unha foto, facíalles gracia ver as nenas pequeniñas palillando pero agora pasan de nós” (P6).

Este tipo de crítica cara ao aprendizaxe do palillo que se está a dar fóra de Camariñas, e á perda do “misterio” desta actividade, que poden parecer absurdas, sobre todo se se lle achaca á institución algo que está a suceder fóra del, están enraizadas no pensamento que dá identidade ás mulleres camariñas fronte ás de fóra, baseado en que son as mellores palilleiras, o que se contrapón á pésima autoimaxe que teñen como traballadoras.

O que non dubidaron en nengún momento as participantes é o feito de que a Mostra ten importantes consecuencias na súa economía, polo que a boa marcha deste evento lles beneficia.

“Se tí tes unha tenda e vas á Mostra e levas casi todo e non vendes; despois non lle vas a comprar á palilleira coa mesma facilidade que si vendeste moito. É todo unha cadena. Se a tenda vende moito vai a comprar moito se non vende comprar menos” (P4).

Algunhas das palilleiras teñen a percepción de certo favoritismo por parte do Concello á hora de contactar coas palilleiras para acudir a actos fóra do territorio municipal:

“Ás feiras de fóra o ayuntamiento chama a cada xente. Mesmo nestas fechas que estamos van a ir a Mallorca as palilleiras, e as que van son todas intermediarias. Palilleiras, palilleiras absolutamente ninguna” (P5).

Outro dos temas que se trataron neste grupo de discusión foi o das Cartas Artesanas de Palilleira, que foron tramitadas por persoal municipal, e son actualmente o único documento que as acredita a calquera nivel como tales, se exceptuamos a alta do IAE, que case ningunha ten, a non ser que se adique á venda de encaixe ou outra actividade empresarial.

A pesar de ser a única acreditación profesional da que poden dispor estas mulleres, non é moito o valor que lle atribúen, algo comprensíbel se temos en conta o que xa se expuxo anteriormente sobre a súa auto-imaxe como traballadoras ou máis ben, de non-traballadoras:

"Tí pagabas 500 pesetas e xa tiñas a carta... non vale pa nada" (P5), ou *"tíñala colgada no pasillo"* (P1).

Se conseguiron esta acreditación foi unicamente porque *"dixéronnos tendes que facer a carta porque si queredes ir ás feiras e non tendes a carta igual non podedes ir"* (P4), pero *"non se acordan de decirte hai unha celebración en tal sitio"* (P5).

6.4.8. ALTERNATIVAS DE FUTURO

Ante esta visión tan negativa sobre o seu oficio (*estamos encerradas coma di G., como uns carneiros- M1*), as palilleiras non teñen moi claro cales poden ser as alternativas para cambiar e mellorar esta situación. Algo que chama a atención é a falta de iniciativa colectiva para propor algo por sí mesmas. Máis ben, o que se pide está relacionado con figuras que "as dirixan", fomentando que alguén exerza posturas paternalistas con elas. Aínda así, o persoal municipal leva unha morea de anos traballando en colaboración con elas, sen que o evidencien no seu discurso:

"Eu penso que tiñas que ter unha persoa que che informara e que che dixera mira tes que facer esto e esto e esto. Porque nós estamos como nunha xaula... nós queríamos topar con unha persoa que nos fixera as cousas ben. Unha persoa para apoiarnos e pa eso. Non temos a nadie " (P1)

Outra das alternativas que se lles ocorre para cambiar a situación actual é a de repetir a experiencia da Escola-Obradoiro que se desenvolveu aquí hai uns dez anos con 30 alunas maioritariamente xoves. Neste caso valórase moitísimo a posibilidade de cobrar un salario mentras se realiza a formación, o que está directamente ligado coa mentalidade de *"vivir subvencionada"*, sen considerar a formación como un valor en sí.

"Poderíase poñer unha escola-taller pero pagando, porque se lles poñen a escola taller e non lles pagan... porque se lles poñen a escola taller para aprender e inda encima teñen unhas axudas económicas algo máis tiraría".

Por último, hai un discurso minoritario que defende a creación de estruturas cooperativas, por oposición ás asociacións, que aínda que ata agora teñen constituído o único intento de cambiar a situación a nivel de comercialización, como xa vimos, teñen os seus problemas

"Eu o da asociación é unha chorrada porque si teño que estar pagando non me compensa. O que compensa é unha cooperativa pero unha asociación non" (P6)

En canto ao futuro, as perspectivas seguen na tónica xeral dos discursos aquí atopados, cargados de pesimismo, o cal non é de extrañar, dada a situación que acabamos de describer.

Frases do tipo "*dentro de 50 anos non hai nada*" (P4) ou "*aquí acábase*" (P2), están relacionadas con todos os aspectos negativos xa citados, que se poden resumir en: falta de rendabilidade económica e falta de relevo xeracional. Mais a causa fundamental, xa fóra do sector, ven determinada pola propia estrutura social e laboral da Costa da Morte, que podemos presumir se agravará a medio e longo prazo como consecuencia da catástrofe do Prestige:

"Mentres non haxa traballo e a xente siga emigrando o palillo acabouse" (P4)

7. AS MULLERES E O MAR

No territorio camariñán, ao igual que sucede en tantas outras partes de Galicia, a presenza das mulleres en traballos relacionados co mar é importantísima, e non sempre valorada xustamente, debido a que moitos dos traballos que a muller desenvolve son considerados como unha extensión do traballo doméstico, ou ben como un complemento ás rendas familiares, nas que só se consideran fundamentais os ingresos masculinos.

As mulleres adícanse fundamentalmente, dentro deste sector, de forma legal, ao marisqueo a pé, á recollida de percebes, tanto a pé como a flote, e á pesca de baixura. Asimesmo, hai pequenos grupos de armadoras, redeiras, vendedoras de peixe. Ademais destes grupos, hai un número indeterminado de mulleres que se adica a realizar os labores necesarios para poder saír ao mar, pero que se desenvolven en terra.

7.1. METODOLOXÍA E FONTES

Para abordar o estudo da presenza das mulleres no sector pesqueiro, realizamos unha combinación metodolóxica, na que se utilizan tanto datos **cuantitativos** como **cualitativos**, ademais da observación.

En canto ao primeiro tipo de datos, hai que resaltar a ausencia de estudos sobre o tema, xa non a nivel local ou comarcal, senón da comunidade autónoma, polo que tivemos que acudir directamente ás fontes:

Por unha banda, á oficina do Instituto Social da Mariña (**ISM**), que se ocupa das altas na Seguridade Social. En Abril de 2003 estaban dadas de alta no pago desta nas Cofrarías de Camariñas e Camelle un total de 120 mulleres, adicándose 88 delas ao marisqueo a pé, mentras 5 cotizaban como redeiras, e 37 como enroladas. Neste último caso están englobadas as percebeiras a flote, as que teñen permiso de marisqueo a flote, algunha redeira que figura como colaboradora, e as que se adican a saír ao mar.

Por outra banda, recollimos datos específicos nesas mesmas datas nas **Cofrarías** citadas, que abarcan todo o territorio municipal: na de Camariñas hai 111 mulleres adscritas, mentras que na de Camelle son 22, facendo un total de 133 mulleres que se adican legalmente a actividades directamente relacionadas co mar. Aínda que as cifras non coinciden exactamente coas do ISM (trece destas traballadoras no momento da recollida de datos están de baixa), serán os datos obtidos das Cofrarías os que tomemos como referencia neste traballo, dado que son mais explotábeis en canto a variábeis como a idade, procedencia xeográfica ou tipo de permex que teñen.

Para documentar cualitativamente este apartado realizáronse tres **entrevistas en profundidade**, ás que corresponden os extractos que se poden atopar neste texto:

A unha percebeira de 35 anos de idade, que leva 20 exercendo esta actividade, que realiza na zona de Santa Mariña (M1).

A unha xove mariscadora a flote de 20 anos de idade, filla de percebeiro e mariscadora a pé, e neta e irmá de percebeira, adscrita á Cofraría de Camariñas (M2).

A unha muller que traballa en terra para a embarcación familiar, de 39 anos de idade, de Camelle (M3).

Asimesmo, realizáronse varias entrevistas abertas, aínda que non en profundidade:

Á presidenta da Agrupación de Mariscadoras, que tamén é 2ª Vicepatroa Maior da Cofraría de Camariñas

A unha mariscadora de Camariñas de 52 anos de idade

A un dos encargados da Lonxa de Camariñas

Aos Patróns Maiores das Cofrarías de Camariñas e Camelle, así como a traballadoras e traballadores das mesmas.

7.2. O TRABALLO DAS MULLERES EN TERRA

Hai que ter en conta, coma sempre que falamos do traballo feminino, que existe un amplo e indeterminado número de mulleres que se adica a diversas tarefas dentro da **economía submerxida**. No caso das economías mariñeiras, actividades como a manipulación, descarga e transporte do peixe e marisco, o arranxo de redes, nasas e outros aparellos, o iscado, a xestión dos papeis e contas das embarcacións, ben sexa dentro da estrutura familiar, ou como contratadas sen seguro, son habituais para as mulleres en calquera punto da costa galega. En moitos casos, o único traballo que estas mulleres non fan é o de sairen ao mar, estando presentes nas demais tarefas dentro do ciclo. O intento de cuantificación deste numeroso colectivo semella unha tarefa imposíbel, polo que nos limitaremos a realizar un achegamento de tipo cualitativo a este grupo **invisibilizado**.

Estes traballos, como sucede no traballo doméstico, están constituídos por un sinfín de tarefas diferentes, consideradas como improductivas.

"Son moitas cousas, porque, generalmente, a que traballa en axuda no mar, é porque ten unha pequena empresa, que o home vai ao mar, e ela en terra, atende ao seu negocio ... Desde os 16 anos xa empecei co meu pai. Meu pai tiña un barco, despós había que sacar carnada, recoller carnadas, lañar as xardas, pa salar, todo o que é eso. Poñer os pescados nas caixas. Despós empezou o meu home, despós, ir a vender e todo eso que che dixeran: meter o pescado, axudarlle a, cos aparellos estos de, os tramallos e eso, el recollía os aparellos, traíaos na gamela, despós había que axudar a sacar os peixes das mallas, e iscar nasas, poñelas pa baixo, cando veñen, poñelas pa riba, e sacarlle as bolsas, limpialas, e, vir a carnada, encher bolsas de carnada pa meter no

congelador, cando, despos cando vai aos ourisos, estar a punto cando él ven para axudalle a, a poñer os orisos, a transportalos, e todo eso”(M3).

Como sucede co traballo doméstico, estas actividades non son consideradas como traballo en sí, especialmente pola súa identificación co mesmo, e pola inexistencia dun salario, que ven a supor o recoñecemento social do traballo realizado:

“Normalmente a postura dos homes é que a muller non fai nada, aunque faga coma eles, porque economicamente as mulleres, o sea, como non é, non vas ao mar, non trae-los cartos, o sea, ahí, non che, non hai un sueldo, non hai, entonces, non conta, non conta”(M3).

Mais, aínda que non exista un recoñecemento social do traballo que realizan as mulleres, algunhas, senón todas, son conscientes da importancia e valor do mesmo, que repercute sen dúbida nos ingresos da pequena empresa familiar, aínda que non o faiga na súa consideración como traballadoras. Atopámonos novamente cunha interiorización das obrigas no traballo, similar á que se dá no caso do traballo doméstico.

“Si eu penso no meu home, entonces tería menos traballo, porque o que estou facendo eu, tería que facelo él. En vez de levar unha determinada cantidade de nasas para o mar, ten que levar a mitad, despós vai repercutir ca cantidade de ingresos que entran na casa. Entonces, entendes? É todo unha cadena: si non o fas, vas ter menos ingresos, pq o teu home non vai ter tempo de facer todo, si o home ten que facer traballos en terra, non pode ir no mar. E todo, e a muller faino, como fas o da casa, porque che toca face-lo, porque, pero non ganas un sueldo”(M3).

Neste terreo as mulleres atópanse cun problema engadido, aínda no caso que consigan ese permiso do home para enrolarse: a seguridade social non lles facilita cotizar como traballadoras, xa que non existe ningunha modalidade de cotización específica para estes traballos. A única posibilidade é a de cotizar como empresarias, co que isto implica en termos de cobertura social, con menores prestacións

“Enrólome, e ao mellor (o meu home) non me permite ir ao mar. Tampouco consta a muller como traballadora, para pagar a seguridade social polo traballo que fai en terra. Non consta, cando é un traballo que tá facendo. Se el vai ao mar, e ti fas o de terra, e é un traballo relacionado co mar, que podía estar feita para pagar a túa seguridade social. Anque traballe coma o meu home, e pague unha seguridade social, é lógico. O sea, a muller non ten dereito, consta que a empresa é dela, e non ten dereito ao paro, nin ten dereito, o sea, é empresaria, unha vez que se enrole co seu home é empresaria. Non ten dereito, se por calquera tipo de motivo, non vai ao mar porque chegou unha vaga coma a de onte, e quedas en terra, non?, e ela non ten dereito ao paro”(M3).

A pesar de que as leises non impiden o acceso das mulleres ás actividades pesqueiras a flote, son moi poucas as que se adican legalmente a este tipo de tarefas. Precisamente os colectivos feminizados relacionados con estas actividades, desenvolven o seu traballo en terra, como é o caso das mariscadoras a pé ou das redeiras. Pesan aquí máis a tradición cultural e a estrutura das relacións de xénero que a legalidade vixente. Como se pode oír en calquera taberna “as mulleres nunca ao mar foron”.


"A maioría dos homes non queren ás mulleres no mar, din que, a ver, din que é outra preocupación añadida... Sobre todo cando se é matrimonio, non?. E depós se non es matrimonio,... tampouco as queren, porque **deben considerar que as mulleres non traballamos tanto coma os homes, que non é real tampouco**"(M3).

Certamente, a presenza de mulleres a flote está sempre supeditada á de algún varón da súa familia, sexa seu pai, irmau, marido ou outro. Non se coñece ningún caso no que unha ou varias mulleres saísen soas ao mar, algo que estaría moi mal visto pola sociedade, ao ir contra a propia división sexual do traballo. Tampouco de que algunha muller se enrole en barcos de altura, que ata o momento constitúen un terreo exclusivamente masculino.

Incluso, dentro desa estrutura familiar ou de parella, moitos homes prefiren contratar ou enrolar a un mariñeiro de fóra para a súa embarcación, antes que á súa propia muller, aínda que esta sexa quen realiza a maior parte dos traballos complementarios, e sexa unha muller decidida e valiente á hora de contemplar a posibilidade de traballar a flote. Como se pode ver no extracto seguinte, a decisión última sobre isto corresponde unicamente ao home.

"Eu, agora ton, intentando **convencer** ao meu home, de que me leve aos ourizos, porque a él faille falta un tripulante na súa embarcación, pero él dime: ah, pero ves, se che enrolo, que che enrolo, tes que vir ao mar. Pois eu von ao mar, claro, lógico. Indo ti ao mar, ti non sabes, se fai muito mar, tes que vir con mal tempo... Pois teríame que aguantar e teríame que adaptar, coma todo o mundo. Os homes cando empezaron, non todo o mundo (estaba acostumado)... Touno intentando, porque, en vez de coller outro mariñeiro, a ver, si tes un traballo na casa, por qué vas buscalo fóra, si eu teño ahí un posto de traballo que podía ir. E tou intentando que me leve" ... "En Camelle non hai mulleres que digan: bueno, pois mira, alá vou, marchaba. Agora hai unha, que vai co seu pai, teñen un barco na casa, pero non hai esa decisión de decir: pois eu vou ao mar, e eu quero un sueldo coma ti, non. **Sí, sempre é supeditado ao do home**"(M3).

7.3. A PRESENZA DAS MULLERES EN ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE FORMA LEGAL




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Cofradía de Camariñas

Como se dixou antes, entre as dúas Cofradías suman un total de 133 mulleres adscritas: 111 delas en Camariñas, e 22 en Camelle.

No primeiro caso, no que a presenza de mulleres é moito mais elevada, hai que ter en conta o grande peso do colectivo de mariscadoras a pé, que forman parte dun sector tradicionalmente feminizado, que supón o 79% de todo este grupo. O segundo grupo en importancia numérica, a grande distancia, é o das mariscadoras a flote, seguidas dos pequenos colectivos de redeiras e armadoras. Hai que matizar que dentro do colectivo, un pequeno número de mulleres compaxina dous permisos de explotación

diferentes. Das 7 percebeiras que hai en Camariñas, 5 están no colectivo de mariscadoras a pé, e as dúas restantes no de mariscadoras a flote, polo que non figuran neste gráfico como colectivo diferenciado.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Cofraría de Camelle.

No caso da Cofraría de Camelle, o número de mulleres é claramente inferior, destacando por comparación co anterior o feito de non haber mariscadoras nen percebeiras a pé, nen tampouco redeiras.

7.3.1. AS MARISCADORAS A PÉ

O marisqueo a pé, que se desenvolve nos areais interiores da ría, supón cuantitativamente a actividade extractiva legal relacionada co mar de maior importancia para o colectivo feminino. Esta actividade, en certo xeito similar á agricultura, aínda que dentro da auga, é a máis feminizada dentro do sector, non só aquí senón en toda a Galicia costeira, na que hai actualmente 5.490 mariscadoras con permiso de explotación, que supoñen o 95% da forza de traballo nesta actividade, tradicionalmente feminizada. O horario e xornada de traballo adoitan depender dos movementos das marés, e dos distintos labores que se estean a realizar: sementeira, recollida, vixiancia, etc.

A pesar de que se poda ter a idea de que non é un traballo excesivamente duro, as condicións laborais nas que se realiza non son sempre as mellores, dependendo da variábel climatoloxía galega:

"Eso depende do que baixan as mareas. Hai veces que che dá a auga pola cintura, hai veces que che dá pola rodilla, hai veces que che dá polo cuello.(...).A última vez que fumos, e bueno, que había, que non estaba a marea baixa, claro, chovía moito, todo, e como non baixaba, nos tuvemos que meter hasta o cuello, co temporal que había, tragabas agua e todo, era unha pasada" (M2)

Esa dureza das condicións nas que se desenvolve o traballo das mariscadoras, sempre asociado á auga e á humidade, dá lugar á existencia de certas doenzas como a artrite, artrose, reuma ou tendinites, que, aínda que teñen a súa orixe no traballo, non son aínda recoñecidas como enfermidades profesionais, polo que non teñen unha cobertura da seguridade social.

Todas estas mariscadoras están adscritas á Cofraría camariñá, onde forman parte da Agrupación de Mariscadoras. No momento que comezou a catástrofe do Prestige, traballaban legalmente na recollida de moluscos un total de 87 mulleres, fronte a 6 homes. A proporción é de 14'5 mariscadoras por cada mariscador. Ou o que é o mesmo, as mulleres supoñen nesta Agrupación case o 69% do total, o que indica unha alta feminización deste traballo. Un grupo minoritario destas mariscadoras (5) compaxina esta actividade coa recollida de percebe, tamén a pé.

Durante os últimos anos, a Agrupación ten participado en distintos proxectos impulsados e tutelados dende a Consellería de Pesca. Esta andadura comezou en Novembro de 1995, co primeiro "Encontro de Mulleres Mariscadoras", celebrado en Vilagarcía, dentro dun Proxecto NOW, financiado pola UE, onde por vez primeira se definiron colectivamente os problemas do colectivo. Aínda que en Camariñas non se daban problemas como a falta de representatividade, ou non recoñecemento na Cofraría, común a outras agrupacións dentro de Galicia, sí existían certas carencias ou necesidades, como problemas de organización do traballo, falta de formación, problemas de capitalización ou preocupación pola non profesionalización desta actividade, considerada en moitos casos como complementaria, debido ás baixas rendas obtidas, que en moitos casos imposibilitaban o pago das cotas da Seguridade Social a través do ISM. En 1996 arrancou o "Plan Galicia", co obxectivo de profesionalizar o sector a través dun proceso de información e formación, que posibilitase un cambio de mentalidade nas propias mariscadoras, que ata aquel momento vían o seu traballo como algo marxinal e complementario. Foron pasando de ser recoletoras a ser tamén cultivadoras e comezaron a planificar o seu traballo a través dos Plans de Explotación.

A Agrupación de Mariscadoras, constituída dende 1997, é a encargada de organizar as tarefas oficiais, como a vixiancia, limpeza, rareo, ou sementeira de moluscos, que se realiza por turnos e cuadrillas. Ademais elabora o Plan de Explotación anual, que presenta na Cofraría para a súa aprobación na Consellería de Pesca.

Como resultado da nova organización e do traballo comunal das mariscadoras, os seus ingresos foron aumentando progresivamente. Hai que ter en conta que as rendas varían bastante en Galicia, indo dende os 2.405 euros/ano das mariscadoras do Anllóns, ate os 15.626 euros/ano que ingresan as mariscadoras de Muros (*Santasmarinas, 2003*).

A continuación preséntase unha estimación dos seus ingresos brutos, obtida a través dos datos proporcionados pola Lonxa de Camariñas, onde se comercializan a ameixa e berberecho destas mariscadoras. Nestes datos están incluídas unicamente as que teñen superado unha renda anual de 3000 euros. As restantes acadaron rendas anuais por debaixo desta cantidade.

ESTIMACIÓN DE INGRESOS MEDIOS DAS MARISCADORAS A PÉ

	ANO 2000	ANO 2001	ANO 2002
Nº productoras	62	55	76
Cifra total ano	264.489 eur	198.189 eur	352.052 eur
Promedio	4.265 eur	3.603 eur	4.633 eur


Con respecto á variación de ingresos nos tres últimos anos, hai que ter en conta, en primeiro lugar, que o ano 2001 foi moi malo por mor dos sucesivos temporais, que causaron unha grande

mortandade dos moluscos, o que explica a baixa rendabilidade acadada, en comparación cos outros anos. Asimesmo, o ano 2002 foi anormal, xa que non se realizou recollida nos meses de novembro e decembro, pola veda decretada debido ao Prestige. Non se debe esquecer que estes meses son a nivel económico os máis importantes do ano. As propias mariscadoras calculan que facilmente a media podería ter chegado a 6000 euros durante este último ano. Só na primeira quincena de novembro, antes da veda, levaban unha media mensual de 600 euros por mariscadora.

Pola contra, o ano 2000 ten sido considerado bo, gracias á aplicación dos novos métodos de explotación, á vixiancia sobre o furtivismo, e ao traballo agrupado e organizado: como mostra pódese sinalar que nun areal do que anteriormente apenas se extraía o equivalente a 5 millóns de pesetas, nese ano obtiveran arredor de 31 millóns, multiplicando por seis o seu rendemento económico.


Esta progresión nos ingresos, que ía camiño de supor a profesionalización da actividade e das súas traballadoras, deixando de ser considerada por elas mesmas como unha actividade complementaria e pouco valorada, é unha incógnita para o futuro, habendo dentro da agrupación posturas máis ou menos optimistas e politizadas ao respecto, como no resto da sociedade.

En canto á **procedencia xeográfica** das mariscadoras, case a metade reside en diferentes lugares da parroquia de Xaviña, que é a que máis areais ten no seu territorio, seguidas das de Camariñas, e en menor medida Ponte do Porto, especialmente do lugar de Dor, así como da parroquia de Leis, que pertence ao veciño Concello de Muxía pero se adscribe a esta agrupación.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Cofradía de Camariñas

Se nos fixamos nas **idades** destas traballadoras, o promedio sitúase nos 50´4 anos, estando



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Cofradía de Camariñas

a maioría delas na franxa de idade comprendida entre os 41 e 60 anos. É de resaltar, por unha banda, a ausencia de xoves, xa que as menores de 30 anos supoñen menos do 1% do total, e por outra, o envellecemento do colectivo, xa que se nos fixamos nas menores de 40, éstas non sobrepasan o 10% do total. Isto indica unha falta de relevo xeracional, que está relacionada coa imposibilidade de conseguir novos carnés de mariscadora dende hai uns anos.


7.3.2. AS MARISCADORAS A FLOTE

Ademáis do colectivo anterior, en Camariñas hai un grupo de 14 mulleres con permisos de marisqueo a flote. Dentro destas, unha ten permiso de percebeira e outra é armadora.

A actividade que desenvolven consiste en ir a mariscar aos areáis dende unha embarcación, aínda que dentro da Agrupación existe o acordo tácito de que fagan o seu labor a pé, xunto co colectivo anterior. O que cambia son os requisitos para poder facelo legalmente, que consisten en sacar diferentes títulos, e despois enrolarse nalgunha embarcación, que ten que dispor do permiso correspondente. Como nos indicaba unha das entrevistadas:

"Primeiro tes que sacar o papel de mariñeiro, a competencia de mariñeiro, tes que saber nadar, tes que ir a clases...despós fas o exame, tes que aprobalo, tes que aprender os nós e todo, tes que pasar o recoñecemento médico, e xa enrolarte, nun que teña gamela, porque si non, non che val pa nada, sacar o papel de mariñeiro. Nunha lancha con permex, non sabes?" (M2)

Este colectivo presenta unha media de idade moito mais baixa que o anterior, situándose



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Cofradía de Camariñas

nos 32 anos de idade, o que é síntoma, en contraste co grupo anterior, dun colectivo para nada envellecido. Dentro do grupo, o 50% son menores de 30 anos, como se pode ver no seguinte gráfico. Isto débese a que as novas incorporacións ao marisqueo, ao non existir dende hai anos a posibilidade de conseguir un carné de mariscadora a pé, teñen que face-lo deste xeito, para o que se enrolan na embarcación dalgún home da familia.

7.3.3. AS PERCEBEIRAS

Caso excepcional no mundo laboral feminino relacionado co mar, no que non é moi frecuente atopar mulleres fora do marisqueo a pé, é o das percebeiras, que exercen unha actividade dura e perigosa, normalmente identificada co mundo masculino. Aínda así, existen grupos de percebeiras que recollen estes crustáceos entre A Guarda e Ferrol, en zonas exteriores das rías ou ben en mar aberto. Na Costa da Morte e Bergantiños podemos atopar percebeiras en Lira, Fisterra, Muxía, Laxe, Corme, Malpica e Caión.

A recollida de percebe realízase a pé ou a flote, cuns permisos de extracción diferentes para ambas modalidades, que están recollidos na orde do 6 de marzo de 2000, da Consellaría de Pesca. Asimesmo, e fóra da legalidade, tamén se vai por debaixo da auga, a pulmón ou con osíxeno. En canto á recollida a pé, no noso territorio é practicada maiormente nos acantilados da zona de Camariñas, mentras que na de Santa Mariña (Cofradía de Camelle), é máis habitual a recollida a flote, moi pouco frecuente no caso feminino, que adoita adicarse ao percebe dende terra. É máis, actualmente parécenos que as mulleres de Santa Mariña son o único grupo en Galiza que se adica a ir ao percebe dende unha embarcación, eso si, sempre en compañía de homes.

Hai quen fala dunha "**cultura do traballo percebeira en Galicia**" (Palmón, 1997), entendendo como tal "*que o traballo ocupa unha parte importante da existencia social dos individuos e dos grupos, e que, ademais, a ideoloxía sobre o traballo, traducida ao conxunto de valores, representacións e percepcións que os individuos interiorizan na súa actividade laboral, modulan significativamente as súas prácticas sociais e a súa cosmovisión, máis alá do ámbito espacial e do marco temporal no que teñen lugar os procesos de traballo*" (Palenzuela, 1995). Esta afirmación é moi acertada para o caso de **Santa Mariña**, onde a vida cotiá xira en torno á recollida de percebe, ao horario das mareas e á climatoloxía.

O traballo d@s percebeir@s organízase dentro das Agrupacións de cada Cofraría. Nos últimos tempos trabállase todo o ano, se as condicións meteorolóxicas o permiten, e non hai nengún outro impedimento (o chapapote ten suposto a veda durante case un ano), fechando e abrindo zonas sucesivamente para que todas poidan ter a súa necesaria veda, deixando sempre algunha aberta. Cada percebeir@ ten unha cota de 6 Kg. diarios, pero é difícilísimo calcular os seus ingresos, xa que se comercializan maioritariamente fóra, non todos os días se sae ao mar, e, ao igual que en outras actividades pesqueiras, "*ninguén anda á lei*". No caso concreto do percebe, segundo unha estudiosa do tema, "*o que si podo afirmar é que non hai unha soa comunidade na que se respeten as leis a raxatabla*" (Palmón, 1997).

Hai que salientar que a recollida de percebe foi libre en toda a costa ata 1970, ano en que co Plan Marisqueiro aparece por vez primeira o termo infractor ou delincuente, mais non o de furtivo. Ata aquel momento era a propia comunidade a que autoregulaba a súa explotación. A aparición das restriccións legais convertiu en ilegais moitas das prácticas que se viñan realizando anteriormente, e que en moitos casos son necesarias para a supervivencia dos grupos domésticos ou están enraizadas no costume. De todos xeitos, existe unha definición do que é ou non "legal" en cada comunidade, que está máis relacionada coa tradicional autoregulación que se practicaba nestas que na lei en si. A compoñente de ilegalidade supón incluso un elemento de identidade dentro desa cultura percebeira á que se aludía antes (Palmón, 1997).

"É unha realidade que o marisqueo furtivo está medrando día a día; pero tamén é verdade que neste ambiente de economía mergullada...quedan poucas saídas para atopar unha vía de subsistencia minimamente digna" (Fernández, 1993).

No noso caso, atopamos percebeiras adscritas ás dúas cofrarías: mentras que na de Camariñas son 7 (das que 5 se adican á extracción a pé e 2 a flote), en Camelle son 9 as percebeiras dadas de alta, todas elas a flote, sendo a maioría de Santa Mariña. Non hai percebeiras na localidade de Camelle. O territorio das dúas cofrarías limita, facendo fronteira na Ponta da Gallada, estando recorrida pola cofraria camariñana esta división.

A media de idade das percebeiras sitúase nos 41 anos, tendo a mais nova 25, e a maior 55. Se comparamos coas mariscadoras a pé, vemos que se trata dun colectivo sensibelmente máis mozo.

No caso excepcional das **percebeiras a flote**, atópanse realizando o seu traballo dentro dun mundo totalmente masculinizado, o que constitúe un bo lugar dende o que esculcar as relación de xénero.

Aínda que en principio unha das percebeiras entrevistadas **define o seu traballo** como consistente en facer "*coma os homes, apañar percebes e listo*"; despois engade que "*é un oficio que tes que ir con muito mar siempre, eu que sei, siempre así. É o oficio máis cativo que hai. O peor que hai, pa min é o peor que hai, eu como non teño outro*"(M1).

Esta definición implica que o seu traballo constitúe a única opción posíbel de **supervivencia**, con termos claramente negativos, en alusión aos perigos e á dureza que conleva. Ademais aparece a figura do home como modelo a imitar ou co que compararse, algo sempre presente neste oficio no que parece que as mulleres se sintan como intrusas.

As percebeiras non son en ningún caso mulleres que deciden facer deste o seu medio de vida e o fan soas, senón que polo que poidemos ver ao longo do traballo de campo, existe unha forte relación co **parentesco**, sexa consanguíneo, ou ben a través do matrimonio:

"Antes, de solteira, cando era de 14 anos ou así, antes, eu tuven na fábrica de Cerdeiras, tuven 5 anos, pero despós, caseime e xa anduven ao percebe siempre, xa non vas pa ningún sitio.(...).Eu vou siempre co meu home, e máis un mariñeiro máis que teño"(M1).

Non se coñece ningún caso de mulleres que vaian a flote sen iren acompañadas de algún home da casa. Polo tanto, a súa presenza neste oficio non se debe a unha ausencia de discriminación no mercado laboral, senón á pura necesidade.

A **aprendizaxe do oficio** realízase normalmente dentro da familia, e dende a infancia ou adolescencia. Neste caso é interesante coñecer esta transmisión a través das mulleres:

" Miña irmá? Xa foi desde pequeniña cando iba miña abuela. Miña abuela era percebeira, mariscadora, de todo un pouco. E cando era a miña irmá pequena, pois levábaa, non sabes, con ela. E foi aprendendo, foi aprendendo, despós xa, sacou o carné de percebeira, que agora tampouco os dan, e xa..."(M2).

Nembargantes, **dentro de cada familia** permítese ou non exercer este duro oficio, según a que fillas:

"A min xa non me deixaron ir meus pais. Eu quería ir moitas veces, aparte de que non podes ir se non tes carné, que antes non estaba co meu pai na lancha, non me deixaba ir. Decíame: non, para percebeiros xa chegamos nós. Tú queda na casa, que está millor. Porque é moi perigoso, di meu pai"(M2).

Neste caso concreto, como en tantos outros na Galiza costeira, a filla pequena ten un papel que cumprir con respecto á familia: o coidado das persoas maiores, polo que se lle aparta dos perigos do percebeo, neste caso en contraposición coa irmá maior.

En canto ás diferencias de traballo entre homes e mulleres no percebeo, hai un elemento que en case todos os casos se atribúe a estas últimas: o **medo**, sempre asociado a elas, e mesmo interiorizado por elas, en contraposición cos homes,:

"Eles van máis abaixo que nós, porque non teñen tanto medo coma nós"(M1).

Ese medo incluso é utilizado como elemento diferenciador dentro do propio grupo de mulleres, habéndoas que baixan ás rochas máis ou menos, comparándose a súa valentía coa dos homes. Parece que se tratara de ser coma un deles:

"Eu son unha das que máis me baixo, non teño tanto medo coma elas"(M1), ou, *"miña irmá é unha delas, eh, pero hai outras que non. Non, miña irmá se se ten que tirar non o duda, eh. Onde van os homes, ve o meu pai alá, ten que estar ela"*(M2).

O medo que supostamente caracteriza ás percebeiras está directamente relacionado co **perigo**, que é consustancial ao traballo en sí, e que está relacionado directamente coa **morte**:

"Xa sabes o oficio mais ou menos como é: peligroso. Golpes como a area, levas. Tes que ir con muito mar...xa me pasaron varias cousas...Un pé, levantouseme a carne enteira, outra vez rompín esta man" (M1), ou *"a outra chavala que iba con ela, o pé pasou pa dentro da furna, o mar colleuna e tuvo sorte que a colleron, que o mar a desfixo toda, eh. Toda, toda, toda, deulle o mar unhos golpazos que a desfixo toda, non sei como está viva hoxe"*(M2).

Frente a estos perigos as mulleres semellan ser máis conscientes que os seus compañeiros, cuestión que pode estar relacionada co seu papel de nais e de sostén dentro da estrutura familiar.

O certo é que a maioría das percebeiras non vai ás pedras máis perigosas, mais isto non implica que non exista perigo para elas, nen que deixen de estar realizando o seu traballo. En moitos casos elas fican traballando nas pedras máis tranquilas, mentras que os seus compañeiros saen ás máis batidas.

Na zona está moi extendido o pensamento desvalorizador de que as mulleres non fan nada máis que aportar a súa cota de captura, que é apañada polos seus maridos, convertíndose nunha estratexia de aportación á renda familiar. Mais, as propias percebeiras quéixanse de que o seu traballo está **cuestionado** por todo o mundo, incluso polos seus propios compañeiros, vaian ou non a apañar, aínda que a imaxe que se poda ter delas fóra de aquí sexa outra, a da muller forte, representante dese falso matriarcado ao que aludíamos na introducción:

"Flipa, quen flipa, os do interior? Os do interior, porque aquí nunca fliparon. E inda che din que non fas nada, non ten mérito. Hai outros que son machistas xa, que disque as mulleres non debían ir aos percebeos..."(M1).

Como se pode interpretar das palabras desta muller, fronte aos de fóra, que nada entenden do tema, están os de aquí, nos que ela se inclúe, facendo distinción entre os seus compañeiros, que as desvalorizan continuamente, pero lles "permiten" traballar, e os "machistas", que son directamente os que negan ás mulleres a posibilidade de realizar este traballo.

Fronte a esta crítica, a estratexia que empregan para soportala é a de facer oídos xordos ou mesmo continuar a compararse con eles:

"Falar algo de nós, sí...pero nin caso facemos. Porque nós saímos, somos, xa che digo, as de Santa Mariña, ahí somos 7 ou 8, e hai algún mariñeiro que non apaña coma nós, eh?"(M1).

Unha das diferencias máis visíbeis entre homes e mulleres neste labor é o da diferente capacidade física, que se plasma na ferramenta de traballo:

*"A diferenza é a **raspa**. A miña é máis pequena que a dos homes, porque non podo con ela, non teño pulso pa eso..."(M1).*

Mais a grande **diferencia entre eles e elas** dáse unha vez se chega a terra. Como dí unha das entrevistadas:

"A nivel de traballo traballan máis as mulleres que os homes. Porque eles veñen do mar, os percebes nós collémolos todos, pero despois eles non teñen máis que facer. E eu chego dos percebes e teño que facer de comer para min e máis para él. E teño que limpiar, e...Eu non teño parada nunca, e?"(M1).

Como en tantos outros casos, a vida da muller é un contínuum de traballo, do asalariado ao doméstico, sen o descanso ou tempo de ocio do que gozan os homes, incluíndo tamén a labor asociada á muller por antonomásia en Camariñas, co que as mesmas mans que usan a rasqueta para apañar percebe, palillan os máis delicados encaixes.

En canto aos apoios que estas mulleres reciben das administracións, e ás demandas ao respecto, esta entrevistada é clara:

*"Pois axudas ao percebe, que non hai unha. Vamos ahí cun traje de rana, un traje de rana sí. Neopreno. Pero ás veces venche o mar e non che queda o traxe, nin quedas ti tampouco. Non temos nada, non, non temos nada. Unha vez chamáronnos da Coruña, que iban a **mirar por nós**, que nos iban dar material para ir máis seguras, e mira. Non vexo nada. Non vexo que fagan nada. Nada. Coas mulleres mariñeiras polo menos. Cos homes tampouco" (M1).*

Nos últimos anos tíñase mellorado a organización da extracción deste crustáceo con bos resultados. Esta mellora foise ao traste co chapapote, deixando un futuro incerto:

*"Tiñamos a costa ben agora, non sabes?. Tiñamos a asociación de percebeiros, nas cofradías todas, eu, íbao levando ben. Íbalo levando ben porque tiñas vigilantes, vigilábanche a costa, non che roubaban que non che había tanto furtivo coma antes, íbache indo ben, e **agora ven esto alá vai**" (M1).*

Cando esta percebeira veu o verquido, o seu sentimento *"foi coma cando un infarto, cando vin a costa toda, mi madre todo era negro. **Hasta chorei e todo**...Non sabías que che iban pagar, nin sabías nada, non?. E con pagar e todo..a min non me vai este rolo, che" (M1).*

Dende que se iniciou a catástrofe, estas mulleres, ao igual que os seus compañeiros, estiveron a cobrar as axudas pola parada forzosa, así como traballando para limpar as rochas nas que faenan habitualmente, sen coñecerse os posíbeis efectos secundarios da exposición continuada ao fuel. A

visión desta entrevistada foi ben crítica coa actuación da Administración autonómica, exteriorizando a situación de abandono na que se sentiu o colectivo:

*"O peor de todo son as pedras, porque Tragsa, Medio Ambiente, están nas praias, ca area. Nós non comemos das praias. A min non me importa que no vran non me poda bañar, **eu quero traballar**, entendes?. As pedras témolas coma esta radio, negras. Cómo se quita eso? E nós estamos todo o día coa paleta, quitando, pero a pedra queda negra igual. Hai sitios onde non vai poder ir a máquina limpiar. E os percebe, que hai pedras de percebe que non podemos tocar, con esta vaga de mar que hai, entón vai chegar o vran, vaise derreter todo, e aquí vai ser unha liada, e?. Mal, mal, e...A Xunta dirá que se pode ir ao mar, pero eu non creo" (M1).*

Este colectivo, un dos máis afectados polo verquido, atopábase no momento do traballo de campo cunha grande preocupación cara o seu futuro, ao non confiar que o seu presente subvencionado durase moito mais:

"Eu non sei que vai ser da nosa vida, che. Porque non van pagar sempre, eh, eso vai ser o problema. Págaranche, hasta as votacións agora, non?. E despós? Eso é o medo que temos nós agora os mariñeiros" (M1).

O colectivo de persoas que se adica á extracción do percebe reanudou a súa actividade entre setembro e outubro de 2003. Neste momento continúa a haber polémica sobre o estado das pedras onde traballan habitualmente. Haberá que esperar un tempo para coñecer realmente os efectos do chapapote neste colectivo.

7.3.4. OUTROS COLECTIVOS

Alén destes grupos de mulleres con presenza "legal" nas actividades pesqueiras, existen outros, minoritarios, que tamén pertencen a este colectivo.

Un é o das redeiras, representado por un pequeno grupo de cinco mulleres dadas de alta (Cof. Camariñas), que é superior na realidade, debido ao traballo submerxido. O traballo de coser redes, que ten sido atribuído tradicionalmente ás mulleres ou aos mariñeiros retirados, ten unha baixísima rendabilidade, o que ten dificultado a súa emerxencia á economía oficial, a pesares de estar subvencionado polo ISM o seu seguro. Actualmente, dende a Consellería de Pesca estase a iniciar un traballo similar ao que se fixo co colectivo de mariscadoras, co fin de profesionalizar este traballo.

Por outra banda está o grupo das peixeiras, que exercen unha actividade, a venda do peixe, que tradicionalmente sempre realizaron as mulleres. Mentras que unha parte delas se inclúe no colectivo do traballo submerxido, outras cotizan como tales. Por exemplo, en Camariñas son 5 as mulleres que se adican legalmente a este traballo, aínda que as cifras reais sexan moi superiores.

Para rematar, queremos facer mención a outro colectivo, o das **armadoras**, é dicir, propietarias de embarcacións. As mulleres adoitan acceder á propiedade a través de herdanzas, ou ben ao ficar viúvas. Na Galicia costeira non ten sido a norma que as mulleres herdaran os medios de

producción, mais sempre existiu esta posibilidade de non haber outra opción, xa que o sistema de herdanza sempre foi flexíbel nestes casos. Nunca foi a norma que, habendo fillos na familia, herdara unha filla, a non ser que casara cun mariñeiro, que se faría cargo de explotar a embarcación.

7.4. ESTRATEXIAS DE RENDA FAMILIAR

A pluriactividade que caracteriza ás zonas costeiras fai que as actividades ás que nos acabamos de referir, tanto as legais coa as submerxidas, adoiten darse entrelazadas, aportando todas unha parte á economía familiar, na que tamén adoitan ser importantes as remesas da emigración, as pensións da xente anciá, ou traballos dalgún membro noutro sector económico. Xa se comentou anteriormente a importancia das relacións de parentesco e da división sexual do traballo segundo o momento neste tipo de tarefas. É relativamente frecuente que dentro dunha unidade familiar se compaxinen varios tipos de permiso, que se utilizan segundo as circunstancias concretas. A oportunidade de alternar distintos labores dase maioritariamente no caso de quen exerce como mariscador/a a flote, xa que o permiso de explotación da embarcación permite adicarse tanto á recollida de moluscos a flote como á extracción de percebes, que é unha actividade máis rendíbel, a pesares do perigo que entraña. O mesmo sucede no caso de quen ten unha embarcación con distintos tipos de permex, para o uso de distintas artes de pesca.

"Home, medo. Si. Pero tamén é un traballo que sacas cartos. E que no marisqueo, ao millor, despois de que pasa a época de que che vala, pois despois ao mellor está, non está tan caro, non vas sacar tanto. En cambio se compaginas as 2 cousas, pois sacabas máis, coma meu pai. Home, non sacas tanto, tanto, pero as máis, da para vivir". "Eu (vou) co meu pai, co meu pai e máis miña nai. Porque si ven meu pai é millor. Hai unha semana que hai marisqueo, e outra que hai percebes, e nos percebes gana máis, e vamos eu e máis miña nai mariscar".(M2)

Asimesmo, hai que ter en conta que, dado o enorme peso da economía submerxida no sector, e a dificultade que en xeral teñen as mulleres que traballan para as embarcacións dende terra, de obter unha alta na seguridade social, para así asegurarse unha xubilación e unha certa cobertura económica para a vellez, non é infrecuente que existan mulleres dadas de alta en algunha actividade mariñeira só con este fin, sen realizar o traballo adscrito a ese seguro. Mais para iso, é preciso enrolarse nunha embarcación diferente á familiar, xa que nesa só terían dereito a cotizar como empresarias.

"Dereito ao paro non teñen, senón que te enrolas co veciño. Normalmente non van, normalmente non van, enrólanse co veciño, porque están pagando unha seguridade social, e teñen os dereitos. Pero iso. O teu home, anque ti quixeras facer a trampa de decir, pois enrólome contigo porque teño, tes unha seguridade social, si, pero nada máis. Máis dereitos non tes. (M3)

Con respecto ao **futuro**, a visión dunha xove mariscadora, dende un presente empapado de chapapote, tamén amosa as distintas repercusións que esta catástrofe pode ter nas diferentes persoas que compoñen a estrutura familiar en canto a unha das habituais saídas: a emigración.

*"Mal todo. Para min nada, non porque eu, **se non teño aquí futuro marchado pa outro sitio**, o malo é para meus pais, porque meu pai con 50 anos, a onde vai ir?. A ningún sitio. A nós nada, que a nós, **eu collo a maleta e marchado**. Eme igual. Porque según estuven vivindo ata agora sin, sin mariscar, pois tamén vivo agora. O malo é para meus pais, que é do que viven. Toda a sua vida viviron deso".(M2)*

7.5. PARTICIPACIÓN E REPRESENTATIVIDADE SOCIAL

A Agrupación de Mariscadoras de Camariñas existe dende 1997, exercendo actualmente a sua presidenta este mesmo cargo en AREAL, que aúna a varias agrupacións de distintas partes da comunidade autónoma. Asimesmo, esta muller é a 2ª Vicepatrona Maior da Cofraría de Camariñas, onde ademais dela están na directiva outras dúas mulleres, como vocais. Dentro da Agrupación de mariscadoras os cargos representativos están maioritariamente en mans de mulleres.

No caso da Cofraría de Camelle, a presenza de mulleres no Cabildo, que é o órgano rector da mesma, é nula. A única muller que exerce un cargo representativo é a secretaria da Agrupación de Percebeir@s.

8.MULLER E EMPRESA

Neste epígrafe, trataremos o desenvolvemento da muller dentro da empresa, dende dous ámbitos diferentes: por un lado como empresaria e por outro como operadora. Para o estudo da muller como empresaria, ademais de documentación escrita e datos proporcionados pola Axencia de Desenvolvemento Local, estudiamos unha pequena empresa de textil e no caso da muller operaria analizamos a conserveira de Camariñas, Cerdeimar.


8.1. O PAPEL DA MULLER NA EMPRESA

Como xa dixemos antes, na actualidade a poboación de Camariñas conta con máis dun 50% de mulleres das cales 2216 están en idade de traballar, o que supón o 65% do total das mulleres.


A incorporación das muller ao mercado laboral está marcada pola ausencia de formación deste colectivo, xa que a taxa de analfabetismo feminino é do 81% fronte ó dos homes que é dun 65%.

Por outra banda, a inexperiencia laboral e as cargas familiares dificultan o acceso das mulleres ao traballo asalariado provocando situacións de exclusión social, o que dificulta a creación de novas empresas.

Tras unha ollada ao censo do IAE (Imposto de Actividades Empresariais) podemos ver que na actualidade no territorio municipal, desenvólvense unhas 465 actividades empresariais, das que ao redor dunhas 190 están dirixidas por mulleres representando o 40% do total.



Fonte: Revisión do Padrón Municipal 2001. INE Base.



Fonte: Datos recollidos a través do I.A.E. (Imposto de Actividades Empresariais)

Como podemos observar as actividades nas que as mulleres teñen un maior protagonismo son:

- **Comercio:** en Camariñas existen uns 47 comercios de bebidas, xoguetes, videoclube, droguería e cordelería
- **Textil:** unhas 31 actividades relacionadas co textil (encaixe, lencería, prendas de vestir, camiserías, tintorerías, plancha).

- **Hostelería:** unhas 32 actividades relacionadas co sector hosteleiro (hostais, cafés, bares e restaurantes).
- **Servicios e profesionais especializados:** na actualidade hai unhas 11 mulleres adicadas a este tipo de actividades (graduado social, corredores de seguros, xestoras administrativas, ensinanzas, médicas, avogadas)

Dentro do colectivo de mulleres empresarias, un 24,73% adicanse a actividades relacionadas co comercio, un 16,31% ao textil e outro 17% á hostelería.


Estes son os tres sectores nos que máis destaca a presenza da muller na iniciativa empresarial.

As actividades empresariais máis masculinizadas e con menor presenza feminina son a agricultura e sobre todo a pesca, donde a presenza feminina é practicamente nula como empresaria.

A través dos datos acadados, observamos que os proxectos empresariais plantexados polas mulleres están orientados á hostelería, comercio e servicios.

Os principais atrancos cos que se atopan estas mulleres emprendedoras están relacionados coa falla de formación, de recursos económicos e experiencia laboral.

Un dato a destacar é o incremento progresivo das mulleres que desempeñan actividades empresariais: axentes e corredoras de seguros, graduadas sociais, xestoras administrativas...o que indica un cambio na formación das mulleres, xa que a porcentaxe de analfabetismo á que fixemos referencia anteriormente recolle principalmente ás mulleres en idades avanzadas.



Fonte: Datos recollidos no IAE (Imposto de Actividades empresariais).

8.2. CONSERVEIRA

Dentro do tecido empresarial do concello, destaca o caso da conserveira Cerdeimar que, como no resto de Galicia, constitúe o principal nicho de emprego para as mulleres camariñas.

Introducción

Unha das funcións típicas da muller da costa é, e foi sempre, vender o peixe. En canto o barco chegaba a porto os mariñeiros descargábano e, dende ese momento desentendíanse del. Era a muller a que tiña que vendelo, ben nas lonxas, ben indo aldea por aldea para trocalo por produtos agrícolas ou por cartos, etc.

A transformación e conservación do peixe converteuse no século XVIII nun importante factor de desenvolvemento económico nas comarcas costeiras. A implantación dos almacéns da salga, a raíz da chegada dos cataláns e dos vascos supuxo a entrada das primeiras técnicas de conservación do peixe, que logo darían lugar á implantación das conserveiras. A partir deste momento, a muller vai adquirir un novo papel, entrando a traballar sobre todo nos oficios de estibadora ou espichadora. Para Galicia a chegada das conserveiras constituiu o motor da primeira industrialización. Na actualidade Galicia posúe o 65% das empresas españolas adicadas a elaborar conservas con produtos do mar. Hoxe en día xogan un importante papel como man de obra nas conserveiras.

No caso de Camariñas, ten radicada no seu territorio a Industria Cerdeimar S.L, que é unha empresa galega adicada á fabricación e comercialización nacional e internacional de conservas de peixe e marisco. A empresa foi fundada en 1884, o que a converte nunha das fábricas con máis tradición e historia no sector. Na actualidade o 95% da súa plantilla é de Camariñas, constituindo a máis grande empresa do municipio.

Co fin de aumentar a súa produtividade, a empresa sométese a procesos de revisión e modernización da xestión en tódalas áreas da empresa para poder competir nun mercado difícil.


Para Camariñas, a conserveira constitúe o máis importante nicho de traballo feminino. No momento da extracción dos datos para esta investigación (Xaneiro 2003) tiña en plantilla 122 mulleres, cunha idade media entre os 40 e 45 anos. Isto representa o **5,63%** das mulleres do concello en idade de traballar, reflexando que unha gran parte das mulleres en idade activa de Camariñas traballa na fábrica.

Este estudo parte da existencia dunhas estruturas tradicionais da división sexual da sociedade e do traballo, nas que os homes dominan no espazo de produción e no ámbito público, mentres as mulleres son dominadas mediante a súa adscripción ao espazo de reprodución e ao ámbito doméstico. Dado que estas estruturas seguen operantes, a pesar dos cambios acaecidos nas últimas décadas con relación á situación das mulleres, convén seguir tendo presente o sistema de dominación masculina.

Neste apartado queremos analizar cómo actúan as estruturas tradicionais da división social en base ao xénero á hora de explicar, por unha banda, a feminización do emprego nas conserveiras galegas e, por outra banda, a súa organización do traballo, dende unha perspectiva de xénero. Para levar a cabo esta análise, realizamos entrevistas a unha traballadora (C₁) e unha ex-traballadora fábrica (C₂), así como a un membro da directiva da mesma (C₃). Ademais, en calquera conversa con mulleres camariñas, é doado obter información sobre este tema, xa que son poucas as que non teñen traballado nela. .

8.21. DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO

Nas dúas últimas décadas temos asistido a numerosos cambios sociais protagonizados polas mulleres, que posibilitaron a ruptura dos padróns patriarcais que as relegaban ao papel de esposas e nais. A consecuencia máis inmediata é a incorporación da muller ao mercado laboral. Na actualidade o peso da poboación activa feminina no sector secundario está a crecer en termos xerais. Nesta situación teñen influído numerosos factores, coma o retraemento da natalidade, que unida á xeralización dos electrodomésticos familiares conleva unha menor carga de traballo doméstico, e outros, como a mellora das condicións laborais, dos salarios, e o recoñecemento social do traballo nas fábricas.



Fonte: Elaboración propia cos datos da conserveira de Camariñas

A man de obra da que se nutren as conserveiras está moi feminizada e caracterízase pola concentración de mulleres en certo tipo de ocupacións e ramas de actividade e en determinadas categorías profesionais.

Dende os inicios do proceso de industrialización da costa galega, o acceso á formación separou ambos sexos: mentres que os oficios tradicionalmente masculinos, como a pesca e a Mariña Mercante, requerían unha aprendizaxe estruturada, os oficios femininos se desenvolvían nun contexto de cualificacións adquiridas informalmente, o que repercutía na discriminación salarial por xénero, e na imposibilidade de mobilidade ocupacional vertical para as mulleres, é dicir, o seu ascenso a postos de maior nivel dentro das empresas.

"As estruturas antigas de división sexual actúan a través de 3 principios prácticos que as mulleres e tamén o seu entorno poñen en práctica nas súas decisións" (Bourdieu 2000).

O primeiro destes principios establece que *"as funcións axeitadas para as mulleres son unha prolongación das funcións domésticas"*. No noso caso, este feito maniféstase na concepción do traballo e da relación salarial na empresa, que concibe o traballo da muller como un complemento do salario do home, ou ben coma unha axuda familiar. Isto tradúcese nas

modalidades de traballo discontinuo, baixo salario etc... Asimesmo, as mulleres vense na obriga de compaxinar a dupla xornada que supón o traballo da conserveira e o traballo doméstico, para o que non recibe ningún tipo de axuda, coma nos casos anteriormente citados.

C₃: "O 99% das mulleres ao saír de traballar van á casa donde lles espera máis traballo. Os homes non axudan en nada, estamos mal como no século XII. Os homes nunca van ao médico nen á escola a atender problemas dos seus fill@s".

En segundo lugar, Bourdieu afirma que *"unha muller non pode ter autoridade sobre os homes, e polo tanto, ten todas as posibilidades de verse postergada por un home nunha posición de autoridade, e de verse arrinconada a unhas funcións subordinadas de asistencia"*. Na fábrica reproducense as mesmas posicións subordinadas que ocupan, por exemplo, no traballo do mar, no que o home o que asume todo o poder de mando, mentres que a muller adoita estar relegada a tarefas subalternas.

C₁: "Eu penso que dentro da fábrica, os homes están mellor que as mulleres, porque os postos máis importantes ocúpanos homes"

Por último, o 3º principio enunciado por este sociólogo francés afirma que, as prácticas sociais confiren *"ao home a manipulación dos obxectos técnicos e das máquinas"*. O traballo na conserveira ten como compoñente principal un intenso traballo manual. O traballo de "mesa", onde se limpa e manipula o peixe, é realizado exclusivamente por mulleres. Este tipo de tarefa require unha man de obra que se pode definir como "hábil manualmente na tarefa, fina, coidadosa, detallista, meticulosa e paciente ". Moitas empresas afirman atopar este tipo de "cualidades" na man de obra feminina, polo que para esas tarefas prefiren mulleres. Nembargantes, esta "destreza feminina" non se traduce nun aumento salarial. A división do traballo nestas fábricas consume aptitudes de forza de traballo feminino sen recoñecelas a nivel de valor de cambio. Estas capacidades, que son consecuencia dunha socialización xenerizada, están ligadas ás tarefas do fogar nas que as mulleres son entrenadas dende nenas, aínda que en moitos casos se sobreentende que a habilidade das mulleres para a "tarefa fina" é unha característica propia, algo "innato".

No organigrama desta conserveira, e probabelmente de todas as deste tipo, pódese distinguir claramente na organización funcional do traballo, entre dúas esferas de funcións e ocupacións: unha feminina e outra masculina. Estas esferas están xerarquizadas, de xeito que os homes ocupan os postos de maior rango e as mulleres o de menor. Por unha banda, as mulleres atópanse maioritariamente na esfera de traballo manual, e practicamente ausentes na de traballo de concepción e control. Os postos que ocupan son rotinarios, reiterativos, sedentarios, manuais máis que mecanizados, con poucas responsabilidades e escasas posibilidades de promoción. Consisten basicamente na manipulación, enlatado e empacado do peixe. Por outra banda, os postos que requiren unha maior cualificación ou responsabilidade están ocupados por homes. Son eles os encargados da cocción, do traballo mecánico ou de conducir vehículos da fábrica.

C₁: "O traballo que realizamos na fábrica é sempre o mesmo. Primeiro estás na mesa a primeira hora da mañá, e alí escabecemos o peixe e cando rematamos pasamos á seguinte tarefa que é a do empacado. Ahí podemos quedar ata as 9 da noite, inda que teríamos que saír ás 7".

Polo tanto, vemos que as mulleres realizan traballos que non precisan cualificación, exercendo unhas tarefas duras, con xornadas de 9 horas diarias repartidas en horario de de mañá e tarde de luns a venres.

C₂: "Antes de empezar a fábrica nova había un turno de noite e outro de mañá, que non collían todas. Traballando no turno de noite entrabas ás 7 e saías ás 5 ou 6 da mañá. Depende se tiñas que quedarte despois a limpar, saías ás 7 ou ás 8, depende cando cadrara. E por iso marchei a Zaragoza e estiven nunha fábrica de cebolas que era mellor, puxéronme nun dos mellores postos e pagábanme moito máis."

Por outra banda, a formación recibida na empresa é moi escasa, e non serve en ningún caso para cambiar de posto ou para promocionarse a un superior, dado o ríxido sistema de división sexual do traballo.

C₃: "Déronse cursos de Prevención de Riscos Laborais a través da Mutua, cursos a través dos sindicatos, hai 5 anos fixemos cursos a través do INEM, coa obriga de contratar ao 75% das participantes,.. tamén tentamos facer cursos máis especializados de FORCEM. Pero o problema dos cursos é xuntar a 15 persoas, como mínimo que estén dispostas a facer un curso".

Se os cursos se realizan fóra da xornada laboral, a maioría das mulleres non ten posibilidade de acudir, debido ás cargas familiares e ao traballo doméstico afrontado en solitario. Para moitas delas, a asistencia a actividades formativas supón un problema pola falta de tempo libre, debida á sobrecarga de traballo.

De todo isto deducimos que as mulleres da conserveira están atrapadas nun círculo vicioso: por un lado non reciben capacitación e posibilidade de complexizar as súas calificacións, para así elevar os seus salarios, porque non operan procesos máis complexos, xa que non posúen os saberes necesarios.

Dada esta situación, pensamos que a formación non é o único atranco para un cambio neste senso, xa que o peso do sistema tradicional parece pesar máis na resistencia aos cambios. Pensamos que o círculo só se podería quebrar coa aplicación de medidas de discriminación positiva, que palíen o peso do costume e a tradicional división sexual do traballo, favorecendo o acceso das mulleres a postos que tradicionalmente non desempeñan neste tipo de fábricas.

C₃: "Faltan cursos de formación porque os que hai non están enfocados ao que temos aquí, é dicir, non existe nada enfocado ao traballo da fábrica".

8.2.2. SISTEMAS DE CONTROL

A estruturación desigual das funcións masculinas e femininas á que nos acabamos de referir, ten como consecuencia unha diferenciación nas liñas de produción, nas que as mulleres realizan un traballo mecánico e **taylorista**, submetido a un forte sistema de control que ten como obxectivo fomentar a produtividade.

Quén máis padece o método taylorista de xestión e control son as operarias mulleres nos procesos que esixen a execución de tarefas manuais, monótonas e repetitivas, submetidas a un férreo control do ritmo e velocidade da cadea.

Este sistema de control lévase a cabo a través da vixilancia continua e permanente por parte das "**amas**", que se encargan de manter o ritmo de traballo entre as operarias, dun xeito que lles impide desenvolver unha relación máis sosegada e pausada co seu labor, dando lugar a un ritmo de traballo estresante.

C₁: "Ti normalmente tes que ter un determinado rendemento, tes que cubrir un cupo. Por iso o traballo está moi controlado. Moitas veces non podes nin ir ao baño (...) a nós contrólannos as amas".

Isto ven a confirmar teorías como a de Hirata (1997), que sinala que a política de control da empresa se decide en función do sexo da forza de traballo, afirmando que as tarefas que se realizan baixo un forte apremio do tempo son efectuadas polas obreiras.

Neste sistema, as operarias perden toda capacidade de autonomía para regular o ritmo na execución das tarefas, así como toda posibilidade de desprazarse do seu posto de traballo.

8.2.3. CONDICIÓNS XERAIS DE TRABALLO PARA AS MULLERES DA FÁBRICA

A división sexual na organización horizontal do traballo é a base dunha serie de diferenciacións nas condicións de contratación e relación salarial para homes e mulleres:

En primeiro lugar, o **tipo de contratación** das mulleres traballadoras na conserveira é maioritariamente o de fixo discontinuo, aínda que tamén existen algúns traballos eventuais.

C₁: "Nós somos fixas discontinuas. Temos contrato indefinido cando hai traballo. Trabállase todo o ano menos os meses de xullo e decembro. "

Un elemento explicativo da adaptación das mulleres ao carácter temporario da conserveira pode estar directamente relacionado coa concepción do salario feminino como complemento do salario do home. No caso desta vila costeira, o pan de moitas familias depende do traballo e do comportamento climatolóxico de todo o ano, no que son frecuentes duros invernos nos que a flota ten que permanecer amarrada, sen posibilidades de traballo para os homes. Só neste caso, e de xeito puntual, o salario das mulleres se transforma no principal sustento do fogar, aínda que en ningún momento é valorado do mesmo xeito que o salario masculino, sempre considerado como principal. En liñas xerais, esta valoración social do salario da muller como complementario, permite e fomenta a condición temporaria do emprego.

C₂: "Aquí o único que hai é a fábrica, e tamén, páganche unha miseria e tes que traballar moito. Pero é o único que hai (...) Dentro do que cabe está ben porque é o único que hai".

En canto á realización de **horas extraordinarias**, é habitual a súa existencia, mais, por liña xeral, as mulleres non as cobran como tal, segundo estipula a lei, senón como se fosen parte da do horario habitual da xornada de traballo.

C₁: "O tema das horas extras non se cumpre tal e como está regulado, porque terían que pagalas como dobres e as pagan como normais".

O salario págase normalmente por horas, xeralmente a través dun cheque semanal, pero adoita retrasarse unhas tres semanas. As mulleres da fábrica cobran unha media de 780€ netos mensuais.

C₁: "En teoría o salario págase semanalmente pero sempre se demoran no pago ata 3 ou 4 semanas".

O tema do salario na conserveira non é motivo de queixa para as mulleres, xa que, dentro das posibilidades que poden atopar no territorio, sen emigrar, é o máis alto que poden conquistar, sempre que falemos de traballo non cualificado. Este salario, xunto coa posibilidade de cotizar á seguridade social, constitúen os elementos máis valorados polas mulleres camariñas, que, como se pode ver en outros capítulos desta investigación, adoitan ubicarse en traballos con baixa rendabilidade, e habitualmente no ámbito da economía submerxida. Aquí tamén pesa a construción social do salario, propia dunha orde tradicionalista, aínda vixente, donde segue a ser o home o que debe manter a economía familiar.

8.2.4. CONCLUSIÓNS

A situación laboral anteriormente descrita non é unha peculiaridade de Camariñas, senón que é común a practicamente, senón todas as conserveiras de Galicia e do resto de España, que seguen o mesmo modelo de organización do traballo .

Se temos en conta a situación socioeconómica de Camariñas, así como os baixos niveis de formación das mulleres, xunto coa ausencia de alternativas ocupacionais na localidade, esta fábrica ofrece as condicións de traballo máis desexadas por unha grande parte da poboación feminina, xa que aporta un salario estábel a cambio dunha xornada de traballo de 8 horas, aproximadamente, con dereito a vacacións e cotizando á Seguridade Social. Ademáis, a conserveira ofrece a posibilidade de desvincular o traballo do eido doméstico ao desenvolverse nun tempo en un espazo alleo á casa.

Se aínda hoxe as conserveiras constitúen un sector feminizado, é porque dende os seus inicios se considerou por parte destas, que a man de obra feminina é a máis flexíbel, ten un custe máis baixo, e a que as mulleres adoitan ser máis disciplinadas, submisas e dispoñíbeis, todas elas características propias do rol feminino tradicional. A súa conversión en principal nicho de traballo para as camariñas débese á ausencia de outras oportunidades laborais sen saír da zona.

A pesar desta caracterización común a todas as conserveiras, a opinión das mulleres sobre a fábrica é moi positiva, en especial coas condicións de traballo actuais, que son moito máis flexíbeis con respecto a anos atrás, debido aos esforzos de modernización do sector e a progresiva capacidade de innovación. Non hai moitos anos, as condicións de traballo eran moito piores; ata os anos 60, como mínimo, moitas rapazas comezaban a súa vida laboral nesta fábrica, a partir dos 12 anos de idade. Daquela a dispoñibilidade tiña que ser total, estando a vida cotiá destas mulleres pendente da chamada ao traballo, que se producía sempre que chegaban novas cargas de peixe para procesar. Actualmente, existen uns horarios máis ou menos delimitados (aínda que existan as horas extra), así como dous días á semana estipulados como de descanso. A implantación de representación sindical nos últimos anos ten xogado un papel chave na mellora das condicións laborais das operarias da conserveira.

C₁: "Eu penso que estamos mellor que antes. Antes, cando ti empezabas a traballar por primeira vez na fábrica, ou cando te cambiaban de posto, mentres que non te acostubrabas e non collías práctica, o mellor ías máis lenta cas outras pero era pola falta de práctica. Pero os xefes te descontaban da paga. A xente por vergonza non decía nada. Agora eso xa non pasa, porque un día nos reunimos e pedimos que non fixeran máis iso e o conseguimos".

En última instancia, o que si é certo é que a conserveira é a única empresa con capacidade para contratar a un importante número de mulleres, nunha sociedade economicamente moi deprimida e cunhas comunicacións moi deficientes. Por esta razón, constitúe practicamente a mellor saída laboral que teñen as mulleres do concello e incluso doutros pobos da comarca.

En palabras dunha muller de Arou de mediana idade, "*dentro da **esclavitude** a fábrica e o mellor que hai*".

Esta afirmación reflexa perfectamente a imaxe do traballo feminino en xeral en Camariñas, no que se engloba tamén a fábrica. As propias mulleres, como ésta, pensan que o traballo que desenvolven é mesmo comparábel á esclavitude. Mais, dadas as condicións dese traballo "escravo", a conserveira é a que mellores contrapartidas ofrece (salario, cobertura da seguridade social, horario, espazo de traballo fóra do doméstico, etc.), o que a convirte nunha das mellores alternativas.

8.3. OS OBRADOIROS TÉXTILES

Un dos principais exemplos de economía sumerxida é o sector téxtil que se desenvolve dentro das casas, tanto no ámbito rural coma no urbano. A expansión e o crecemento das grandes empresas de confección galegas basean o seu modo de produción no traballo intensivo de mulleres que sen relación directa coas empresas ou cos sindicatos, cosen nas súas casas e cobran por peza acabada. Os seus vínculos laborais establécenos cunha rede de empresas subcontractadas e con intermediarios. Este tipo de organización de produción está orientado á redución de custos sen que elo interfira no volume da produción.

O exemplo máis coñecido en Galicia deste fenómeno é o do grupo INDITEX. As relacións laborais das mulleres establécense cos intermediarios dentro da rede de subcontratos: algúns poden ter contrato mercantís de autónomos ou cooperativas, outras poden carecer de calquera tipo de contrato legal. As empresas que se serven destas redes informais de traballo están inscritas na lóxica do capitalismo baseada na redución de custos.

En Camariñas o sector téxtil, segue este sistema de produción da subcontrata. Na actualidade existen tres obradoiros de téxtil, dous na Ponte do Porto e un en Camariñas (só de plancha).

Para documentarnos sobre este tema, fixemos unha entrevista a unha propietaria dun destes obradoiros, á que citaremos ao longo deste estudo.

Este tipo de empresas son pequenas e a súa dinámica de traballo céntrase na produción para grandes empresas como INDITEX.

PT: "Nós traballamos só para Zara porque eles non queren...non lles gusta que traballemos para outras empresas. Ademais tampouco podería coller outras empresas porque faríanme falta moitas traballadoras e non teño porque xa me costa conseguí-las que necesito para Zara, imaxínate se teño que ter para dúas empresas. Ti pensa que cando é tempada de moito traballo para unha é para todas. Non podería."

O número de mulleres que pode traballar neste tipo de pequenas empresas oscila entre os 16 e as 25. Para elo non se precisa ningún tipo de formación específica nin de cualificación, e a empresa tampouco imparte cursos de formación ou aprendizaxe. Por outra banda, as posibilidades de promoción son nulas.

PT: "Non temos cursos de formación porque elas non os queren. Elas queren carto rápido, veñen aquí a traballar e gañar pero non queren aprender".

O modo de traballo destes obradoiros depende directamente da empresa para a que traballan. Esta envíanlles os deseños xa cortados, polo que só teñen que coser e planchar.

Os talleres precisan dunha gran variedade de máquinas para poder desenvolver o traballo encargado (máquinas cose-botóns, máquinas de puntada invisíbel, máquinas planas, máquinas de planchado...).

As xornadas de traballo adoitan ser de 8 horas repartidas entre mañá e tarde, ou só media xornada. Os salarios son máis ben baixos, en torno aos 700 euros ao mes. Un problema ao que se enfrontan as traballadoras neste tipo de empresa, e que é común á maior parte das mulleres que traballan fóra da casa, é o tema d@s fill@s pola falta de servizos de apoio. Isto é un problema que argumentaron moitas mulleres para xustificar a súa incapacidade de acceder a un poso de traballo.

O caso das mulleres traballadoras no téxtil constitúe un exemplo de que as mulleres concéntranse en ocupacións que se poden definir como a tempo parcial, sexa nun senso estricto ou no senso de ter un horario laboral compatible cos horarios familiares. En definitiva, a muller sempre incorpora ao posto de traballo as condicións de presenza a tempo parcial posto que nunca abandona a súa outra dedicación parcial.

P.T. "...as mulleres casadas, moitas das que eu teño, só poden vir media xornada porque non teñen con quen deixar os fillos"

Para concluír, queremos evidenciar unha vez máis a difícil situación laboral na que se atopan as mulleres do concello, agravada pola escasa formación coa que contan e coa dificultade de facer fronte á dupla xornada, que no caso de existencia de traballos a tempo parcial e a media xornada podería facer compatíbel o traballo da casa co traballo asalariado.

8.3.1. CONCLUSIÓNS

Para concluír debemos sinalar que a participación das mulleres nas actividades empresariais segundo os datos do IAE, é considerablemente alta (40%). Sen embargo, observamos

que esta participación está concentrada principalmente en 3 sectores: comercio, téxtil e hostalaría, que son sectores tradicionalmente femininos.

No sector téxtil a dinámica de traballo concéntrase na produción para grandes empresas. O número de mulleres que traballa nestes obradoiros e pequeno, e o tipo de traballo que desempeñan non require ningún tipo de formación específica.

Por outra banda, o horario que ofrecen estas empresas é flexíbel, o que permite ás mulleres con cargas familiares que poidan desempeñar este tipo de traballo a través dos contratos a media xornada.

9. O DESEMPREGO FEMININO EN CAMARIÑAS.

INTRODUCCIÓN.

A incorporación da muller á poboación activa coincide coa etapa de construción do estado de benestar, que trae consigo un aumento do consumo e do emprego.

Dende 1950 ata os nosos días, prodúcese un incremento do número de mulleres traballadoras. A razón do aumento de asalariadas hai que buscala na confluencia dunha serie de cambios, entre os que podemos destacar os seguintes:

1. Demográficos: Caída da natalidade e concentración dos nacementos nuns anos determinados, o que permite á muller reincorporarse á vida productiva cando os fillos xa están criados ou retrasar a súa concepción ata ter a súa carreira profesional consolidada.

2. Económicos: Forte desenvolvemento do sector terciario, que se acompaña dun crecente emprego de mulleres. O cambio dos estilos de vida precisan un maior aporte salarial, que fai necesaria a aportación da muller á economía doméstica.

3. Sociais: Aumenta o número de mulleres que viven soas ou que se convirten en cabezas de familia, debido aos divorcios e separacións. Nestes casos as mulleres precisan dunha actividade remunerada.

Entre outras razóns que favorecen a inserción laboral feminina debemos, destacar o fin das prohibicións legais para exercer certas profesións, así como as presións do movemento feminista.


Sen embargo, o aumento cuantitativo das traballadoras non se vai traducir nun desenvolvemento paralelo no mercado. O pensamento comúnmente extendido sobre as capacidades do sexo feminino vai a concentrar ás mulleres cara a determinadas profesións, que polo xeral son as que requiren menos cualificación.

9.1. ANÁLISE DO DESEMPREGO FEMININO.


A situación das mulleres de Camariñas no mercado laboral, está definida por unha baixa taxa de actividade, combinada cun alto índice de paro e, para colmo de males, cunha taxa de natalidade bastante baixa.

Segundo os datos obtidos do rexistro de parad@s da Xunta de Galicia de maio do 2003, o desemprego nas idades inferiores a 25 anos é igual entre homes e mulleres. Sen embargo nas persoas maiores de 25, o paro das mulleres se dispara chegando case a duplicar ao dos homes.

Se comparamos o paro rexistrado en Camariñas co paro rexistrado no conxunto de Galicia en Xuño de 2003, podemos comprobar que a situación desta vila costeira é común ao do resto de Galicia.



Fonte: Rexistro de paro da Xunta de Galicia de Maio do 2003.



Fonte: Estudios estadísticos do INEM de Xuño do 2003


O paro dispara-se nas persoas maiores de 25 anos, a idade en que moitos xoves rematan a súa etapa de formación e tentan incorporarse ao mercado de traballo.

Outro dato a destacar é que tanto a nivel local como autonómico o paro das mulleres case duplica ao dos homes, feito que revela a situación de desigualdade da muller no momento de buscar traballo.

Outra fonte de datos que empregamos para o estudo do paro feminino foi o Servicio Galego de Colocación, que nos pode indicar o nivel de interese das mulleres á hora de atopar un traballo así como as súas preferencias dentro dos distintos postos de traballo.

En primer lugar estudiamos as persoas demandantes de emprego por sexo e idade.

O grupo de idade de 18-45 anos acada ao 78% das persoas inscritas no S.G.C., sendo o




Fonte: Datos rexistrados no Servicio Galego de Colocación de Camariñas no 2003.

20% maiores de 45 anos e representando só o 2% as persoas menores de 18 anos.

Como podemos observar, as demandas de emprego das mulleres superan ás dos homes en 26 puntos. As franxas de idade nas que as diferencias entre homes e mulleres son maiores son as que van dos 26 aos 35 anos, onde as mulleres superan aos homes en 10 puntos, e as que van dos 36 a 45 anos, onde as mulleres superan aos homes en 12 puntos. Referente ao total, o 54% d@s demandantes do Servicio Galego de Colocación son mulleres, mentres que o 46% son homes.

Este comportamento do desemprego en Camariñas ven marcado por un maior peso das mulleres nesta situación, e o do desemprego dos maiores de 25 anos, tamén está marcado por unha maior presenza feminina.



Fonte: Elaboración propia cos datos do S.G.C.


O sector menos demandado por ambos sexos é o primario, no que o total das demandas só representa o 4% do total.



Fonte: Estudios estadísticos do INEM 2003


No referente ás demandas de ocupación para Camariñas e Galicia foron os seguintes

As ocupacións máis demandadas polas mulleres representando o 38,51% do total das demandas de emprego. O sector máis demandado polas mulleres é o secundario, que representa o 14,5% do total das demandas de emprego.



Fonte: Datos rexistrados no S.G.C. no 2003.

Neste sector, máis da metade das demandas das mulleres van dirixidas á industria conserveira de Camariñas. O sector menos demandado polas mulleres é o da construción, no que non hai demanda feminina, polo que podemos afirmar que se trata dun sector moi masculinizado que acapara o 18,58% das demandas totais.



Fonte: Estudos estatísticos do INEM de Xuño de 2003

A situación do desemprego en Galicia, é moi similar á de Camariñas. Como podemos ver o sector máis demandado polas mulleres segue a ser o terciario, mentres que o que ten unha menor demanda feminina é o da construción.

A maior parte das demandas de traballo feminino concéntrase no sector servicios. Neste aspecto convén sinalar o mantemento das cifras de mulleres que se adican á manufactura, o crecemento

progresivo do sector terciario e o acceso a profesións e postos superiores.

A nivel xeral, o sector da industria en Galicia amosa unha maior igualdade entre as demandas masculinas e femininas, aínda que o paro das mulleres nese sector supera ao dos homes. No caso de Camariñas, a maior densidade de demandas femininas atribúese á conserveira que, ao igual que a maioría das conserveiras galegas, constitúe un nicho de traballo feminino. Como xa dixemos no capítulo anterior.

Outro dato a ter en conta, especialmente para comprender as causas que provocan o paro feminino, son as demandas de emprego rexistradas en función do nivel de instrución.

Pódese ver que os niveis de instrución son bastante baixos, un 2,52% da poboación está sen alfabetizar e un 21,11% non rematou os estudos primarios.


Un 46% da poboación non acadou o Graduado Escolar, mentres o 27% só posúe este título.

Só un 6% da poboación posúe titulación universitaria. Deste dato debemos destacar que o

79% das persoas que teñen titulacións universitarias son mulleres.

En liñas xerais, por sexos atopamos un mellor nivel de instrución nas mulleres. A tendencia que se dá e que a maior idade, menor nivel de instrución.

A falla de formación é unha dos principais atrancos á hora de atopar



Fonte: Demandantes de emprego do S.G.C. de Xuño do 2003.

emprego. Ademais ao non teren formación específica, as mulleres quedan encasilladas en traballos de escasa cualificación, principalmente do sector terciario.

As propias mulleres de Camariñas son conscientes da súa realidade e da súa precariedade no momento de buscar un traballo. Para chegar a esta conclusión escoitamos a voz das mulleres para o que organizamos unha xornada de demandas á que acudiron mulleres de todas as idades dende os 18 ata os 75 anos e todas manifestaron a súa preocupación polo tema laboral.

Ante a pregunta "*¿Cal é a nosa realidade?*" as respostas que se repetiron con maior frecuencia foron as seguintes:

"Necesitamos máis saídas laborais".

"Tería que haber traballos a media xornada".

"Necesitamos máis empresas e máis formación".

Á luz destes datos, tanto Camariñas coma o resto de Galicia están moi lonxe de acadar a plena incorporación da muller ao mercado laboral. Esta circunstancia reflexa, en termos económicos, un verdadeiro desperdicio da capacidade económica das mulleres.

As causas que poden explicar este fenómeno son de diversa natureza.: En primeiro lugar, hai que ter en conta o que poderíamos definir como "causas históricas". En Camariñas ao igual que no resto de Galicia e España, e debido ao arraigo da mentalidade tradicional, a incorporación da muller ao mercado laboral é un fenómeno moi recente. En realidade, a imaxe reaccionaria da muller como "esposa e nai" aínda persiste na mentalidade de homes e mulleres que, en moitas actividades e profesións tiñan vetado o acceso ata datas moi recentes.

En segundo lugar, tanto en Camariñas como en moitas outras zonas de Galicia, inda non se resolveu a incompatibilidade entre o exercicio dunha profesión e a maternidade. De feito, aínda que se fala dunha maternidade compartida seguen sendo as mulleres as únicas responsables do coidado dos fill@s, inxustiza evidente, xa que tod@ fill@ é concebido tanto polo home como pola muller.

Ademais, no caso de Camariñas, non existe unha escola infantil para deixar @s nen@s menores de 3 anos, polo que a alternativa que se plantexa ante esta situación é que un dos cónxuxes deixe de traballar para quedar na casa e coidar deles.

Nesta alternativa o cónxuxe que se sacrifica é a muller.

Mulleres da xornada de demandas: "Necesitamos garderías e residencias de ancianos para poder traballar".

"Necesitamos un reparto o 50% das labores da casa e u maior apoio por parte das nosas familias."

"Necesitamos apoio moral das nosas familias, parellas e fill@s".

9.2. CONCLUSIÓNS.

Como podemos observar, a pesar dos progresos acaecidos nas últimas décadas, a situación de mulleres e homes no mercado laboral de Camariñas e de Galicia en xeral, segue a presentar diferencias.

A afluencia das mulleres ao mercado laboral non estivo acompañado dunha desconcentración sectorial nin profesional. A segregación horizontal e vertical persisten como rasgos dominantes da estrutura do emprego das mulleres, agrupandoos no sector terciario en un reducido número de ramas de actividades e nos niveis xerárquicos inferiores na estrutura de todo tipo de organizaciónes.

Por outra parte, existe o problema do traballo reproductivo, que ao non ser remunerado tampouco se valora.

Este feito oculta a importancia deste traballo, imprescindible para o normal funcionamento dunha sociedade.

En moitas ocasións a incorporación das mulleres ao mercado laboral tradúcese nunha sobrecarga de traballo, ao ter que complementar as horas de traballo cunha dedicación importante nas tarefas do fogar. É dicir, o acceso das mulleres ao mercado laboral non vai sempre acompañado por un maior desentendemento das labores do fogar. Así en moitas ocasións o tempo das mulleres caracterízase por unha dedicación importante tanto á actividade profesional como ás actividades domésticas.

Actualmente, o marco normativo é favorable á igualdade de oportunidades no emprego e o mundo económico. Atopámonos nun escenario en que a consecución da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres converteuse nunha tarefa prioritaria, considerada como unha das claves para a cohesión económica e social da Unión Europea.

En Camariñas, os cambios demográficos e o envellecemento da poboación, converte ás mulleres nun activo positivo para a economía dende o punto de vista da utilización óptima de recursos humanos, é dicir, dende a perspectiva do pleno aproveitamento da creatividade, cualificación e capacidade do total da cidadanía con respecto á sociedade xeral.

Creemos que a óptima utilización do capital humano e, polo tanto, a incorporación das mulleres ao mercado laboral e revalorizando o traballo das mulleres vai a ser un dos principais

factores para o crecemento e desenvolvemento de calquera sociedade, e polo seu posto, tamén de Camariñas.

Deste xeito a consecución do principio de igualdade, convírtese nun obxectivo extratécnico do poderes públicos e para elo é imprescindible a adopción da perspectiva de xénero como liña prioritaria en todas as súas propostas e actuacións.

TERCEIRA PARTE

A VIDA COTIÁ DAS MULLERES



VIOLENCIA DE XÉNERO
CONSECUENCIAS DO PRESTIGE PARA AS MULLERES
PARTICIPACIÓN SOCIAL DAS MULLERES

10. A VIDA COTIÁ DAS MULLERES

Ao falar da vida das mulleres, non podemos esquecer a cantidade de **obrigas e prohibicións** ás que se enfrontan ao longo da súa vida, e que están relacionadas fundamentalmente co rol de xénero, é dicir, cos comportamentos que se esperan delas polo feito de seren mulleres. Xa falamos na introducción da importancia que terá ao longo da vida das persoas o feito de naceren cun ou outro sexo.

En todos os grupos humanos, a través do proceso de socialización, nenos e nenas aprenden e interiorizan os diversos elementos da cultura na que viven, tales como valores, normas, códigos simbólicos e regras de conducta, integrándoos na súa personalidade co fin de adaptárense e integrárense na vida social. A desigualdade entre homes e mulleres comeza pola diferente educación que recibemos, que, aínda que suxeita actualmente a un proceso de cambio, mantén moitos dos valores tradicionalmente asociados a cada sexo, que son máis ou menos interiorizados polas persoas.

No caso que nos ocupa, atopamos unha clara interiorización, por exemplo, con respecto ao traballo doméstico, e quen debe e non debe realiza-lo, de xeito que a maioría das mulleres asumen psicoloxicamente que é ese o seu primeiro deber na vida, mentres que os homes teñen asumido que realizar este tipo de tarefas fainos menos homes. Isto implica que moitas mulleres se atopen nunha situación de atadura ao fogar e ás súas necesidades, que, como xa dixemos anteriormente, as limita para outro tipo de actividades.

10.1. O CONTROL SOCIAL

Nas sociedades non urbanas, como a que nos ocupa, os vínculos comunitarios teñen un grande peso na vida das persoas, fronte ao modelo urbano, fondamente individualista. *“Se algo caracteriza á Galicia costeira, a pesar da omnipresente dinámica de cambio, é a fonda presenza do que nomearemos “transcendencia” e “grupalidade”. O sentir que o horizonte da natureza non se esgota no empírico, e que a persoa se define como membro do grupo familiar e veciñal máis que pola súa individualidade son as dúas notas fundamentais do xeito de estar aquí perante a vida” (Gondar, 1991).*

Todas as sociedades practican diversos mecanismos que aseguran que as persoas que forman parte dela se comporten axeitadamente, seguindo as pautas culturais establecidas: o **control social**. Podemos definilo como o conxunto de mecanismos reguladores da vida social (institucionais ou non), que apuntan a que os membros dun grupo ou sociedade actúen segundo as pautas establecidas, e que dispón de distintos medios que cumpren a función de

axustar, limitar ou modificar a conducta, é dicir, o comportamento dos seus membros. Todos os grupos sociais empregan o control social como mecanismo para desenvólense dun xeito harmónico. Isto implica que dende que se formaron os primeiros grupos sociais xurdiu a necesidade de exercer un control que mantivera a orde social en función duns fins.

Na nosa sociedade o control social empeza no seo da familia, cando baixo a autoridade paterna se regula a conducta dos fillos e fillas no proceso socializador. Este control social continúa na escola, institución que transmite o tipo de coñecemento que é considerado válido e imprescindible para os membros desa sociedade.

O tipo de control social máis coñecido é o de tipo **coactivo**, exercido polos estados, e fundamentado no conxunto de leis e normas que a sociedade impón aos seus membros, e nos castigos previstos a quen non as cumpra. Nas sociedades occidentais o Dereito Penal constitúe o máis visíbel e aterrorizador mecanismo de control social, que contempla a privación de liberdade, e incluso nalgunhas a pena de morte, como máximo castigo. Neste caso, trátase dun control social de tipo formal.

Mais nós queremos incidir aquí noutro tipo de control social, que se ben ven a ter a mesma función de coartar o non cumprimento das leis sociais, non se atopa escrito en ningún libro de Dereito. Falamos dun control de tipo informal, que se exerce sobre todo con respecto a leis que tampouco están escritas, senón que veñen dadas polo costume. Máis concretamente, queremos por de manifesto o control que se exerce sobre os roles de xénero, tanto masculino como feminino, e que se orienta a impedir cambios nos mesmos.

Este tipo de presión atópase fóra das institucións, e dos castigos que estas impoñen, e maniféstase sobre todo a través do "cotilleo", as críticas, ou control do "qué dirán", que se exerce xeralmente entre e sobre as mulleres, en especial en todo o relativo á súa vida pública. Este tipo de control social informal é tremendamente efectivo e paralizador á hora de establecer relacións sociais, introducindo un elemento de tensión nas relacións con outras persoas, xa que as mulleres sempre terán presente o medo a ser criticadas, e polo tanto feridas pola desaprobación das e dos demáis.

Esas críticas adoitan estar relacionadas con rupturas no rol da muller, entendido na súa versión máis tradicional, e presentan grande resistencia aos cambios neste. Exemplos desta crítica poden escoitarse a cotío acerca de temas como a presenza feminina en espazos que tiñan sido exclusivamente masculinos (bares e cafeterías), por saír de noite, nos casos de divorcio e recomposición dunha nova vida de parella, por ter varias parellas consecutivas, por ser nai solteira, por ser viúva e sair da casa, polo "abandono" dos labores domésticos para realizar outras actividades, aínda que sexan para o seu desenvolvemento persoal, e así un longo etcétera.

O castigo que sofren as mulleres nestes casos consiste en estar en boca da xente, en que sexa cuestionada a súa reputación, a súa calidade de nai ou esposa; en definitiva, unha especie de aillamento na esfera social, na que non serán positivamente valoradas. O medo a esa expulsión do grupo débese a que supón tamén a perda da súa protección e apoio, que en

sociedades con fonda presenza da grupalidade, como comentamos antes, conleva unha especie de "morte social".

10.2. AS MULLERES NA ESTRUCTURA FAMILIAR

No contexto en que vivimos, e se falamos en xeral, podemos afirmar que ata hai poucos anos os roles de homes e mulleres eran marcadamente diferentes, e ademais non intercambiábeis. Se ben se pode constatar nas últimas décadas, gracias ao movemento feminista e á loita de moitas mulleres, unha serie de cambios nos roles de masculino e feminino, tendentes a unha maior semellanza, e incluso a poder ser intercambiábeis (por exemplo, no caso dos homes que se encargan do coidado de fillas e fillos), nesta zona este tipo de cambios van, se cadra, algo máis debagar que no caso das cidades ou grandes vilas. É patente a resistencia aos cambios de rol en ambos sexos, nomeadamente polo control social que se exerce neste sentido, nunha sociedade non individualista como a camariñá.

A forza e importancia do rol de nai e sostén da familia segue condicionando ás mulleres non só neste ámbito, senón tamén no acceso a outros campos, en especial ao mundo laboral-formativo e ao disfrute de tempo para si mesmas, que poderían adicar a actividades extradomésticas. De feito, no traballo desenvolvido directamente con mulleres de todo tipo e condición a través de Obradoiros e dos GIAP, a maioría das participantes se teñen auto-definido en canto ao papel que desempeñan dentro da estrutura familiar, sendo moi infrecuente que o fagan en base a outras categorías, por exemplo como traballadoras. As mulleres teñen conceptualizado o seu papel como de "*pareda medianera*", dentro da familia, xa que son quen se ocupa de manter a harmonía entre os distintos membros da familia, o que as converte en solucionadoras dos conflitos que poidan xurdir dentro dela. Algo que moitas mulleres teñen claro é que, ante un conflito coa parella, se elas son pasivas e lle dan a razón ao home, ese conflito non se chega a producir. O desexo que as mulleres teñen de paz familiar, fai que en moitas ocasións deixen pasar oportunidades de definir os cambios que a maioría delas quereda.

As mulleres son bastante conscientes deste feito, sendo frecuente certa auto-crítica cara o seu propio papel, ben por non utilizar o poder que poderían ter como nais na educación de seus fillos e fillas, ou ben como esposas incapaces de forzar a seus compañeiros cara un reparto de roles máis igualitario e menos inxusto.

Nas últimas décadas, á par que os cambios nos roles de xénero aos que nos estamos a referir, a estrutura familiar tradicional tamén está a mudar cara novos modos de convivencia. Neste punto hai que destacar que as mulleres coas que se ten traballado cualifican o seu papel dentro da familia extensa como máis duro, tanto en termos de traballo como de liberdade de movemento. Pola contra, valoran que dentro de familias de tipo nuclear o traballo é algo menor, polo aminoramento das cargas familiares, e a liberdade de movemento, maior, pola ausencia de control dos maiores da familia.

Pola contra, a relación dos homes co mundo doméstico é ben diferente: o seu papel non é o de sostén senón o de provedor, consistindo a paternidade responsábel en dotar dos bens materiais (alimentos, teito, vestido, educación) necesarios para o desenvolvemento persoal dos compoñentes do grupo familiar. Tamén forma parte do rol dos pais iniciar aos seus fillos varóns na masculinidade e na sexualidade, alonxándoos así das conductas femininas que modela a nai, da que aprenderán as fillas por imitación, e os fillos por oposición. Con isto reproducense os mesmos modelos de inequidade de xénero que garanten as limitacións na sexualidade da muller.

10.3. O CONTROL DA SEXUALIDADE FEMININA

As mulleres non gozan en ningún caso da mesma liberdade que os homes á hora de viviren a súa sexualidade, o cal está relacionado co seu papel reproductor e coa seguridade que os homes precisan en canto a súa posíbel paternidade. Algunhas teóricas feministas teñen situado o control da sexualidade feminina como punto de partida dos sistemas patriarcais, que ata día de hoxe son practicamente universais nas sociedades humanas coñecidas. A adscrición das mulleres ao rol doméstico non sería máis que unha consecuencia social dun feito biolóxico: a crianza d@s bebés.

Máis alá das diferencias biolóxicas e funcionais determinadas polos órganos xenitais, hai grandes diferencias na vivencia psicolóxica da sexualidade, así como na concepción das relacións amorosas. Nesto é fundamental o peso da Igrexa Católica, aínda vixente, e a súa concepción da sexualidade, especialmente da feminina, como algo sucio e pecaminoso. Dende nenas as mulleres recibemos toda unha serie de mensaxes encamiñadas á represión e autocontrol dos desexos e impulsos sexuais, que na maioría dos casos son profundamente interiorizados.

Mentres que para o home sexualidade significa fundamentalmente pracer, para as mulleres en non poucos casos, ten implicado perigo, por temor a un posíbel embarazo, mais tamén por temor a converterse en branco da crítica social centrada na súa reputación, o que constitúe a peor crítica posíbel para unha muller.

En canto á vivencia da sexualidade, mentres que aos homes non se lles ten en conta, ou incluso se pode valorar positivamente a existencia de "deslices" ou infidelidades no terreo sexual, a muller, como símbolo da moralidade que é, non ten dereito a comportamentos que remotamente se podan asociar cun deslizo. A **represión sexual** que se sofre polo feito de ser muller, exércese habitualmente dende o control social informal, o control do "que dirán".

Tradicionalmente, as mulleres sufriron unha represión sexual moi intensa, ao careceren da liberdade da que sempre ten gozado o home, sendo cruelmente marxinas e castigadas se non se cumprían as normas socialmente correctas en materia sexual. A súa función limitábase a compracer ao varón e a criar @s fill@s.

No caso das mulleres casadas, a conducta sexual axeitada, dictada segundo as normas morais, esíxelles a obriga de gardar non só fidelidade, senón tamén unha actitude considerada "recatada", dentro do matrimonio. Esta é a causa de que a muller se converta en vítima e se lle impoña unha grande represión para evitar o adulterio. Mentres que ao home se lle permite e fomenta un comportamento sexual libre e a infidelidade dentro do matrimonio xa que sempre existen atenuantes como o carácter forte dos homes, as compañías, e en última instancia, "son cousas de homes", razóns que por suposto ningunha delas vale para as mulleres.

O caso das viúvas na Galicia costeira simboliza perfectamente este control patriarcal sobre a vida social e sexual das mulleres. As viúvas teñen un determinado rol baseado no respecto ao seu home morto e que lles esixe unha posición de illamento. Dúas son as formas en que a viúva realiza a renuncia da súa vida ordinaria dentro do grupo: a reclusión e o loito, que pode durar anos ou mesmo toda a vida, apartándose de todas as manifestacións de alegría por parte da comunidade, que toma unha actitude de distanciamento cara elas en todo o que fai referencia a comportamentos lúdicos. No eido da represión sexual, o principal conflito nace na conciencia que teñen as viúvas da especial forma que teñen de miralas os homes, unha vez o seu xa non está. A mordaza do control social impídelles o máis pequeno deslizo. E dada esta situación os homes pensan que están desexosos de botárense nos brazos do primeiro que apareza. (Gondar 1991)

No caso inverso, é dicir, cando o home perde a súa esposa, os cambios aos que se ten que enfrontar son moito menos traumáticos. De feito, un novo e recente matrimonio do viudo é perfectamente aceptado pola comunidade.

10.4. OS TEMPOS E ESPAZOS DE OCIO

Un dos ámbitos nos que facilmente podemos atopar diferencias de trato entre homes e mulleres é o do ocio e a diversión. Mentres os homes gozan do seu espazo para o ocio, que se ubica fundamentalmente nos bares e tabernas, as mulleres carecen de locais destinados ao seu entretemento.

C1: "De ocio para a muller non hai nada. O pobo estase a quedar sen xente xove. Os xoves escapan de aquí porque non hai nada. Eu teño 2 irmáns, un en Londres e outro en Barcelona. Eles van ao ximnasio, van de vacacións e despois do traballo saen a divertirse. Aquí non temos esas posibilidades. Parece que vivimos afastados do mundo."

Xa comentábamos anteriormente que na emigración masiva de mozas inflúen diversos factores, como a falta de traballo, o rixido modelo de muller e o control social asociado ao mesmo tamén o modelo de muller imperante, controlado socialmente, que está relacionado con esa ausencia de espazos de ocio non masculinizados. En palabras dunha xove entrevistada, a emigración constitúe unha fonte de emprego, e polo tanto de independencia económica, así

como unha oportunidade de escapar ao control social e familiar, e acceder a novas formas de ocio que non impliquen un desprazamento con respecto ao lugar de traballo e residencia.

"Jopé, que alá é unha pasada, e que non sei ... Que si vas todos os días á praia porque había sol, porque hai traballo, camas, fas o que ques, normal. Aquí estás na casa dos teus país, e non vas poder facer o que ques nunca, además non tes traballo, non ganas cartos, non podes comprar o que ti ques tampouco. Pa salir, tes que ir a Puenteceeso, tes que ter coche. Si non tes xa non sales. Imaxina, muitas veces facíamos dedo pa ir, que eran ganas de salir, eh?. Ver a todos marchar e ti quedar no pueblo sin haber nadie, é que toleas..." (M2).

11. A VIOLENCIA DE XÉNERO

“A familia é o grupo social máis violento que hai se exceptuamos o exército y la policía.”

Richard Gelles.

A violencia contra as mulleres constitúe un obstáculo para a igualdade e para o desenvolvemento das persoas, pois atenta contra a liberdade e dignidade das mulleres, impedindo que estas poidan disfrutar dos seus dereitos.

Na actualidade atopámonos ante unha situación que poderíamos calificar de crecemento sostido no tema da visibilidade da violencia contra as mulleres. A explicación a esta realidade débese á confluencia de dúas circunstancias: por unha banda o aumento do número de denuncias de situacións que antes non se atrevían a denunciar, pola forte influencia do control social; e por outra banda, o importante papel que están a xogar os medios de comunicación nun intento de sensibilizar á poboación no referente a este tema.

Ademais hai que engadir a aparición de novos modelos de muller que contan cunha independencia económica, maior formación e autoestima, o que moitas veces facilita a toma de decisións de ruptura coa parella e de divorcio. Isto provoca a ira de moitos homes que optan pola violencia como medio para conservar a súa “propiedade”, chegando nos casos máis sangrantes a rematar coa vida da muller.

11.1 O CASO DE CAMARIÑAS

En primeiro lugar, convén definir o que se consideran os malos tratos contra as mulleres: “calquera agresión que recibe a muller por parte do seu marido, parella ou familiar, que teña ou que poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, incluíndo as ameazas de tales actos, a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na privada” (Ministerio Interior-Ministerio de Asuntos Sociais- Instituto da Muller, 1991)

Se nos remitimos ás cifras proporcionadas polas oficinas do EMUME (Equipos Mujer-Menor da dirección da Guarda Civil), sobre os malos tratos en Camariñas os resultados revelan que dende o ano 1994 ata o 2002, se rexistráron 13 denuncias por malos tratos e 4 por agresións sexuais. Nestas oficinas non nos foron facilitados outro tipo de datos solicitados, tales coma o perfil dos agresores ou das vítimas, por motivos que non nos especificaron. O que está claro é que os malos tratos non teñen idade nin responden a un único modo de actuación. Na maior parte deste tipo de malos tratos, destaca a elevada porcentaxe de uso de armas, especialmente paos e arma branca, non sendo infrecuente que a vítima sufra un secuestro na súa propia casa.

Estas son as cifras oficiais das denuncias que se cursaron, sen embargo non as podemos considerar un reflexo fiel da realidade, xa que a través da información obtida cualitativamente mediante observación participante, en Camariñas existen moitos casos de violencia contra as mulleres que non se denuncian e permanecen soterrados dentro do fogar. De feito, durante a celebración das xornadas "Palabras de muller", celebradas en Carballo (28 e 29 de novembro) constatouse que o 60% das denuncias por malos tratos presentadas nos meses de xaneiro a abril, foron cursadas na Costa da Morte, sendo os concellos máis afectados pola violencia de xénero Carballo, Coristanco, Laracha, Ponteceso e Camariñas.

Neste senso, o control social, ao que nos referimos anteriormente dentro deste apartado, exerce unha notábel influencia á hora de denunciar este tipo de agresións. Moitas mulleres senten vergoña pola súa situación, que unida á presión da crítica que a comunidade exerce sobre elas, provoca que prefiren calar e aturar algunha "labazada" de cando en vez. O problema de ocultar este tipo de agresións é que chega un momento en que a vítima o interioriza a violencia ata o punto de asumila como unha actitude normal por parte do home, e non como a agresión que realmente é.

Algúns dos principais desencadeantes de moitas agresións son o alcohol e outras drogas. Se temos en conta que dentro da cultura mariñeira os homes adican gran parte do seu tempo de ocio a beber nas tabernas, nas que desenvolven unha grande parte das súa vida social, podemos imaxinar as consecuencias que en moitos casos isto pode ter nalgúns fogares, o que non quere dicir que todos os homes practiquen a violencia na casa. Nesta situacións é moi frecuente que moitas mulleres xustifiquen este comportamento violento dos homes argumentado que "non sabía o que facía".

En moitos casos, a violencia de xénero maniféstase como o medio que teñen os homes para manter os seus privilexios e a superioridade fronte as mulleres, mantendo así unha situación de desigualdade que se percibe na maior parte dos ámbitos da vida das mulleres, tanto profesionais coma privados.

É preciso que as mulleres do concello tomen conciencia da súa situación de vítimas, para o cal será necesario un cambio de mentalidade e un proceso de educación entorno ao tema da violencia de xénero .

Compre tamén, que as mulleres denuncien os malos tratos nas dependencias da Guarda Civil, e para facilitar este trámite que moitas veces conleva o relato de detalles íntimos que se poden omitir por vergoña, a denuncia debería ser tramitada por mulleres.

Aínda que a denuncia é un paso básico para rematar coa violencia, isto non garante a protección das mulleres xa que a lei e moitos xuíces son moi flexíbeis cos agresores, e a negativa governamental dunha lei integral que regule o tema da violencia de xénero provoca un estancamento na protección das mulleres, que en moitas ocasións supón un freo no momento de cursar unha denuncia, debido á falla de protección con que contan as mulleres.

Ademais da denuncia, outros recursos con que contan as vítimas de malos tratos é a obtención de asesoramento que proporcionan os centros de información a mulleres (CIM) en Carballo, Zas e Muxía, estes centros adoitan contar cunha avogada e unha psicóloga, que canalizan unha boa parte das solicitudes de axuda ás vítimas, así como o teléfono de emerxencia 112. No caso de Camariñas, o departamento de Servicios Sociais xestiona o acceso das mulleres maltratadas ás Casas de Acollida, asegurando a protección das vítimas.

CONSECUENCIAS DO PRESTIGE DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O traballo que dou lugar a esta investigación comezou o 4 de novembro de 2003, unha semana antes da chegada do tristemente famoso Prestige coa súa carga velenosa. A observación participante durante todo este longo ano podería dar para deterse en moitos aspectos, mais só daremos unhas pequenas pinceladas sobre o que aquí pasou. Esta catástrofe produciu e evidenciou un conflito de poder entre dúas institucións, o Concello e as Confrarías (de Camariñas e Camelle), con dúas visións diferentes e politizadas do que estaba a pasar, que optaron por tomarse as cousas de diferente xeito: se por unha banda, dende a institución municipal se traballou para organizar o voluntariado que viña limpar a costa, e se falaba abertamente dunha marea negra, no caso das Cofrarías non se chegaba a negar o evidente, mais se fixo todo o posíbel por desmobilizar á xente a ela adscrita de todo acto reivindicativo ou mesmo do traballo voluntario.

"Impotente, moita rabia, aquilo era horrible, horrible. O día que fun á Cofraria e díxenlles: pero vós non ides facer nada? Que eu desepereime máis que o meu home, eh?... Esto de ir á Cofraria e decir, e:... Non, non, non se pode ir a limpiar, que é o que che decían, eh. Non se pode facer nada co chapapote, que non o permiten, que van vir os especialistas. E a min que me deixen ir! Que me deixen ir, que eu, quito o que poda, ou. Ai, non, non, que non se pode. E ibas pa casa, vías a costa, horrible, non lle vías nada de solución, porque o único que decías é: que facemos agora?, e non sabías se che pagaban, andas a cegas, e, mui impotente, eh."(M3)

Neste caso, o pagamento das axudas, en especial das suplementarias por ir ao chapapote a flote, xestionadas directamente polas Confrarías, deu ao traste co tardío e incipiente movemento de mariñeiros limpadores voluntarios, que, a diferenza dos que se autoorganizaron para salvar o seu medio de vida nas Rías Baixas, tardaron bastante en reaccionar:

"A falta de luita, foi por pagar, directamente. O que pasa que na miña cabeza, non, a ver, realmente, moita xente, foi por eso, por pagar. Eu penso que, pa min, tiñan que decir: si, nós pagamosvos, un sueldo, que nós pagamos efectivamente, non, pero vós tendes que limpar chapapote todo o mundo...Eso non o fixeron, e a xente desinteresouse. Na miña casa non cabía que se desinteresaran tanto de ir limpar chapapote, porque a ribeira é de todos, porque a nosa vida, que son as pedras, que é o mar, e a xente taba contenta, pagaban, a Xunta vai pagando, pois xa non pasa nada"(M3).

O certo é que foron maioritariamente mulleres as que se puxeron a traballar co voluntariado, sobre todo en labores de intendencia, tardando máis en reaccionar os propios mariñeiros. Incluso chegou a suceder que houbera quen pedía "**outro máis**", no canto de unirse ao "**nunca máis**" que berraron milleiros de persoas continuamente para esixir que catástrofes deste tipo, que se levan producindo décadas na nosa costa, non volvan a ocorrer. Parece que a única medida que tomou o

gobierno autonómico, a das axudas económicas e de negación da gravidade da situación, produciron o efecto desexado.

Con respecto a estas axudas, non todos os colectivos directamente afectados tiveron a oportunidade de cobrar. No caso concreto das mulleres que se adican aos labores relacionados co mar desde terra, foron un dos colectivos marxinados á hora de percibir estas, xa que, ao movérense dentro da economía submerxida, non existían nos cálculos oficiais.

Ademais, existen acusacións de certo favoritismo á hora de contratar persoas para a limpeza de chapapote por parte das Confrarías, que incluso segundo algúns testimonios, axudaron á desmobilización social.

"E non pasou nada. Non cobraches un peso, eu non, nin cobrej, nin me deron un traballo, que, a ver, eu estaba no paro, estaba na axuda familiar, mellor dito. Si estás na axuda familiar, entendes, que si van contratar xente pa sacar o chapapote dentro da ribeira, que se había unha empresa que se iba dedicar, e eu fun a varios sitios, chamei na empresa, chamei na empresa, non, a min non me deron traballo. Déronmo despos, mira, déronmo despós cando foron as hidrolimpiadoras, ahí si que mo daban pero xa tiña, tava chamada para o Ayuntamiento, pero hasta ahí...eu movinme pouco!! (M3).

A pesares do moito que se ten escrito sobre os efectos do Prestige a distintos niveis, existe pouca información sobre as súas posíbeis consecuencias no ámbito social, nomeadamente desde unha perspectiva de xénero, que teña en conta dun xeito diferenciado o que pasará no caso de homes por unha banda, e mulleres por outra, e a qué pode pasar coas relacións de xénero.

Con respecto ás consecuencias globais na Costa da Morte, segundo *R. Muñiz (2003)*, se partimos da situación pre-catástrofe, que xa era mala, e da dependencia das actividades pesqueiras, que en Camariñas chega ao 28%, a posíbel merma que se producirá na pesca, xunto co previsíbel abandono paulatino de moitas das pequenas empresas que se adican a estas actividades, producirá con moita probabilidade un maior empobrecemento na zona. Este facto pode dar lugar a distintas **estratexias de supervivencia** por parte da poboación, entre as que este sociólogo destaca catro:

Por unha banda, estaría o aumento, se é posíbel aínda máis, da **emigración**, á que xa nos referimos anteriormente. A emigración na Costa da Morte é un fenómeno cunha forza demoledora, que se repete de xeración en xeración dende hai décadas, e que parece difícil poda ir a máis.

Por outra banda, podería darse un cambio de sector das persoas que traballan no mar, mais isto parece inviábel, dada a conxuntura económica da zona, que non ofrece outros sectores que podan absorber semellante cantidade de man de obra.

Ademais, augura un aumento da demanda de protección social, que xa é bastante alta. Agora que as axudas chegaron ao seu fin, e a vida subsidiada rematou, haberá que ver cales son os efectos nesa demanda a medio e longo prazo.

Por último, outra das opcións para a supervivencia pode ser en torno ás actividades ilegais, coñecidas na zona, onde existen as redes para elo dende os tempos do contrabando de tabaco, actualmente reconvertido cara outro tipo de sustancias como a cocaína ou o haxí.

En definitiva, calquera destas opcións supón unha sociedade sen futuro normalizado, polo que este autor propón o paso da “*cultura da resignación*” na que vive a sociedade da Costa da Morte, á “*cultura da dignidade*”, que suporía abandonar o discurso de crise actual para pasar a tomar parte activa no transcorrer da vida económica e social.

Por outra banda, *Elisa G. Sánchez-Albornoz (2002)*, danos unha visión bastante clara dos efectos sociais da marea negra, desde unha perspectiva de xénero, nun dos poucos traballos que existen sobre o tema.

A maior precariedade económica que se dará na zona redundará nunha maior adicación das mulleres ás tarefas domésticas, xa que producirán na casa moitas das cousas que antes compraban, e prestarán servizos á familia que antes contrataban. Isto deixaralles, se cabe, aínda menos tempo para adicarse a outros labores como a participación social ou o disfrute do tempo de ocio, que xa vimos insistindo neste traballo, son un ben escaso na vida da maioría das mulleres.

Dende este traballo insístese tamén no aumento futuro da emigración en xeral, e especialmente a das mulleres novas, que xa é demasiado importante en termos cuantitativos, cos desequilibrios demográficos que isto implica, e coa súa ausencia no campo social, co que se perderá a inestimábel participación nos procesos de cambio social, especialmente no que se refire aos cambios nas relacións de xénero, xa que as mozas adoitan ser, dentro do colectivo de mulleres, quen máis pode loitar por cambios na estrutura das relacións entre homes e mulleres, e por novos modelos de muller, así como a forzar cambios no modelo masculino.

Esta autora prevé un incremento do desemprego feminino, especialmente nos sectores relacionados co mundo do mar, algúns altamente feminizados, como vimos no punto anterior. Isto irá parello co aumento da precarización dos empregos das mulleres, que como xa vimos, son quen traballa nas peores condicións laborais. Hai que ter en conta que, dada a taxa de dependencia das actividades pesqueiras, se o mar vai mal, isto incidirá tamén en outros sectores da economía.

Dentro da estrutura familiar, os cambios que pode producir toda a situación anterior desembocarán con probabilidade nun aumento da conflictividade e desequilibrios, o que pode dar lugar a un aumento das separacións e divorcios. Diversos estudos teñen demostrado que, cando se produce unha catástrofe, e mentres perduran os seus efectos, aumentan os índices de violencia, especialmente da violencia de xénero que se practica sobre as mulleres.

Ante esta situación, que nos augura por experiencia un negro futuro, os gobernantes non fan máis que apelar ao mito de normalidade, de que nada pasou, e de que en caso de que tivera pasado algo, xa rematou. Non se están a ter en conta as consecuencias sociais que terá esta catástrofe

nunha zona definida pola emigración e a precariedade económica e laboral, que nunca son inmediatas senón a medio e longo prazo. No caso das mulleres, debido ao seu duplo rol, productivo e reproductivo, estas consecuencias serán moito máis duras.

É necesaria e urxente unha intervención desde as administracións que facilite ou favoreza cambios nos roles de xénero, que por diversos factores teñen mudado moi pouco nestas últimas décadas, e que traballe na prevención das posíbeis consecuencias que acabamos de expoñer. Aínda sen ter sufrido esta catástrofe, esta intervención xa era necesaria.

13. MULLERES E PARTICIPACIÓN SOCIAL

13.1 IMPORTANCIA DO ASOCIACIONISMO. O TECIDO ASOCIATIVO HOXE

O estudo do asociacionismo pode servir como indicador da cantidade e calidade da participación social nun territorio determinado. Por unha banda, o tecido asociativo é un vitalizador democrático, posto que é unha das canles máis comprometidas de participación, e por outra, a pertenza a asociacións fomenta a capacidade de intervención no sistema político.

O espazo asociativo cumpre tamén a función de prover de identidade ás persoas involucradas nel, convertíndose para éstas nun medio de referencia e tamén de pretenza.

Aínda que no estado, nos anos da transición política, o movemento asociativo tivo un carácter eminentemente reivindicativo, nos anos posteriores foise producindo un cambio, orientándose gran parte do mesmo cara obxectivos de entretemento. O que as persoas asociadas parecen buscar actualmente é a relación, o contacto, a fuxida do cotiá, e non tanto eses obxectivos de "mellorar a sociedade" ou obter o "ben común". Polo tanto, as asociacións de hoxe son menos reivindicativas, máis centradas nun grupo en un espazo determinados, organizadas en torno a obxectivos moi específicos, con menos persoas asociadas. En definitiva máis grupais, máis informais, menos masivas, máis personalistas e cunha importante carga simbólica e identificadora.

13.2. AS ASOCIACIÓNS DE MULLERES

Este tipo determinado de agrupacións teñen sido un dos principais instrumentos para a reivindicación da igualdade de oportunidades entre os sexos e a non discriminación das mulleres. Gracias ao Feminismo e aos múltiples colectivos xurdidos en torno a él, as mulleres gozamos hoxe dunha serie de dereitos dos que anteriormente carecíamos.

Os movementos sociais e o asociacionismo teñen sido o verdadeiro motor do cambio social, xa que os fins que perseguen os movementos sociais dificilmente se poden conseguir se non é a través do diálogo cos poderes públicos. A importancia do asociacionismo feminino reside en que é unha das vías máis importantes para que as mulleres expresen e fagan valer os seus dereitos. Ademais, estas asociacións supoñen unha alternativa ao aillamento persoal e social, así como á falla de formación das mulleres, constituíndo unha referencia excelente para recibir demandas a través da súa actividade directa. As asociacións de mulleres, en resumo, representan unha das canles máis axeitadas para que éstas se impliquen na sociedade, se expresen colectivamente, decidan as súas prioridades e defendan os seus intereses.

Paralelamente ao que ten sucedido co movemento asociativo en xeral, a partir da década dos 80 produciuse a desmobilización dunha boa parte dos grupos de mulleres de carácter máis reivindicativo, que coincideu coa chamada "institucionalización dos grupos de mulleres", e a creación

de organismos como o "Instituto de la Mujer", en 1983, ou, no noso caso, case unha década máis tarde, do "Servicio Galego de Igualdade", en 1991. A partir deste momento comezan a xurdir outro tipo de grupos de mulleres, moito menos reivindicativos, máis sectoriais ou de ocio, situados máis perto das estruturas do poder e/ou dos distintos partidos políticos e organizacións sindicais.

Actualmente, está estendida a idea de que a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres xa está conquerida, o cal faría innecesario o Feminismo, que por outra banda ten sido un dos movementos máis ridiculizados, anatematizados e ignorados. Aínda hoxe hai quen ten medo desta palabra. Moitas persoas comparten a idea estereotipada de que o que queren as feministas é unha especie de machismo ao revés.

As autoridades din ser conscientes da necesidade de promover a participación das mulleres nos procesos de organización, expresión e toma de decisións colectivas que lles atañen. Deben ser as mulleres as que asuman por sí mesmas o exercicio e defensa dos seus dereitos e, exerciten plenamente as funcións que no marco xeral lles corresponde como cidadás. A pesar dos cambios producidos no sistema de xénero noutros ámbitos como o da educación, non é fácil conquerir unha maior presenza activa das mulleres na vida socio-política, xa que o seu nivel de participación sigue sendo moi baixo. Todo isto xustifica que o fomento do tecido asociativo se converta nunha constante no traballo de políticas de igualdade, xa sexa contribuíndo a novas asociacións ou apoiando as actividades das xa existentes.

Seguindo esta liña, o IV Plan de Oportunidades das Mulleres Galegas, propón dous obxectivos fundamentais: o empoderamento das mulleres e a súa participación no ámbito socio-político. A través do asociacionismo feminino o IV PIOM pretende impulsar o mecanismo de participación social entre as mulleres, fomentar o autoapoio, valorar a importancia do grupo organizado para conseguir obxectivos comúns.

Os obxectivos que se perseguen co fomento do asociacionismo son os seguintes:

- Potenciar a organización e desenvolvemento de colectivos de mulleres.
- Informar e asesorar sobre recursos e actividades.
- Proporcionar información específica para a xestión de asociacións e intervención no medio social.
- Fomentar o intercambio de experiencias ente distintos colectivos de mulleres.
- Apoio a creación de grupos de autoaxuda.
- Sensibilizar e motivar sobre a situación e o papel da muller.


13.3. SITUACIÓN ACTUAL DO ASOCIACIONISMO EN CAMARIÑAS

No caso de Camariñas, as 30 asociacións censadas fan-no baixo os epígrafes que se poden ver no gráfico 36. A metade do tecido asociativo do municipio está formado por asociacións relacionadas con actividades de ocio e esparcemento, que acadan o 50% do total (se sumamos as

culturais-esportivas, culturais e esportivas, que corresponden a distintos epígrafes na clasificación oficial, aínda que sexan moi semellantes na práctica). Segundo estes datos, o asociacionismo camariñán está orientado cara obxectivos de ocio e entretemento. Non se trata de asociacións reivindicativas orientadas á mellora da sociedade senón que teñen un carácter máis lúdico e social.

No referente á participación das mulleres no mundo asociativo, podemos distinguir entre as asociacións exclusivamente femininas e as asociacións nas que existe unha participación activa das mulleres.

Na actualidade Camariñas conta con 3 asociacións formadas exclusivamente por mulleres: RENDAS, de tipo profesional, "Palillada", de tipo cultural, e "Mulleres Rurais Río Grande", da Ponte do Porto.



Fonte: Datos Municipais

Ademais, a presenza feminina é moi importante ou maioritaria nos casos da "Asociación de Amas de Casa" e na "Agrupación de Mariscadoras", dependente da Cofradía de Camariñas.

A pesar de que no territorio municipal existe un forte movemento asociativo, ao igual que sucede en moitos lugares, na práctica son unhas poucas as persoas que se encargan de que estas entidades tiren para diante, militando varias delas en diferentes asociacións.

Se nos fixamos no acceso das mulleres a postos de responsabilidade, é dicir, a formar parte das equipas directivas, exceptuando o caso das entidades exclusivamente femininas, o peso destas é minoritario, aínda que non excepcional.

Isto non quere dicir que sexa imposíbel a participación das camariñas no mundo asociativo. Temos exemplos que demostran a capacidade destas: unha muller da ría representa á maioría das mariscadoras a pé de Galicia, integradas en AREAL.

13.4. DEBILIDADES DA PARTICIPACIÓN FEMININA NO MUNDO ASOCIATIVO

A pesar de que no territorio municipal existe un forte movemento asociativo, ao igual que sucede en moitos lugares, na práctica son unhas poucas as persoas que se encargan de que estas entidades tiren para diante, militando varias delas en diferentes asociacións.

Se nos fixamos no acceso das mulleres a postos de responsabilidade, é dicir, a formar parte das equipas directivas, exceptuando o caso das entidades exclusivamente femininas, o peso destas é minoritario, aínda que non excepcional.

Isto non quere dicir que sexa imposíbel a participación das camariñas no mundo asociativo. Temos exemplos que demostran a capacidade destas: unha muller da ría representa á maioría das mariscadoras a pé de Galicia, integradas en AREAL.

Entre os factores que dificultan ou impiden a participación das mulleres no mundo asociativo, destacan, por unha banda a falla de tempo libre para as mulleres, debido ás cargas familiares en solitario, ao traballo doméstico e extradoméstico, así como ao palillo como actividade que ocupa o tempo que podería ser de ocio ou desenvolvemento persoal. A nivel formativo, existe unha falla de capacidade de xestión e liderazgo, debido á deficiente escolaridade das persoas a partir de 40 anos, sobre todo. No caso das mozas, a emigración leva ás mellor preparadas, que poderían impulsar iniciativas de participación social de todo tipo, como é o caso actualmente das asociacións "*As Baleas*", de Camariñas, e "*Abrindo Rejo*", de Xaviña, nas que as mozas teñen unha importante e activa presenza.

En moitas asociacións é palpábel a falla de implicación e apatía da maioría das asociadas, o que fai que todo o peso e responsabilidade recaian nunhas poucas persoas, que se "queiman". Asimesmo, a desconfianza nas relacións intergrupais e a visión de que as persoas con cargos de responsabilidade teñan escuros intereses, fai que sexa moi difícil o entendemento común. Varias das actuacións que se levaron a cabo este ano tiñan por obxectivo dotar ás mulleres de coñecementos e ferramentas para solucionar conflitos mediante o diálogo, e non polo modo tradicional, enraizado no "falar por detrás", que nunca resolve os problemas, senón que os agrava.

Por último, existe unha excesiva identificación das asociacións de mulleres, e tamén das de tipo mixto, cos distintos partidos políticos, o que é fonte de conflitos internos, que poden mesmo dar ao traste co proxecto asociativo, funcionando tamén como impedimento para a captación de novas asociadas.

Segundo as propias mulleres, neste caso as participantes da Xornada de Demandas celebrada en Camariñas en marzo de 2003, entre os elementos que impiden ou dificultan a participación social das mulleres están:

- As cargas familiares, que a muller adoita levar en solitario
- A falta de iniciativa das mulleres, que fan autocrítica a este respecto, incluso falando de "comodidade" pola súa parte
- O rol feminino, é dicir, en palabras das participantes "o feito de ser muller xa nos impide ter moitas portas abertas"
- A falta de información axeitada e cercana sobre o tema

Para superar esta situación de escasa participación social das mulleres, elas propuxeron como necesario:

- Loitar por conseguilo, abandonar a apatía
- Unha escola infantil, e un centro de día, que atenderan ás cargas familiares
- Unha mellor valorización das mulleres na sociedade camariñá
- Máis información a nivel municipal
- Máis formación das mulleres

Por último, o que estas mulleres expresaron que precisaban para que a súa voz sexa escoitada e tida en conta, foi:

- Ter iniciativa propia por parte das mulleres
- Ser respectadas no traballo
- Estar asociadas
- Contar con apoios na administración municipal, que subvencionasen e apoiasen tanto a participación social das mulleres como as iniciativas que favorecesen a igualdade de oportunidades
- Unha maior presenza de mulleres na vida política

13.5. A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NA POLÍTICA

A nivel social, os ámbitos nos que as camariñas son fortes, son aqueles que están adscritos ao rol feminino. A participación pública e política non é un papel atribuído xenericamente ás mulleres, que non somos socializadas para exercelo. Despois da ruptura que supuxo a 2ª República neste campo, no algunhas mulleres chegaron a ocupar postos de relevancia e a loitar por temas como o voto feminino, o dereito ao aborto libre, etc., o franquismo significou a desaparición das mulleres da esfera pública, exceptuando as que arengaban ás nosas antecesoras para que non se saísen do seu rol por excelencia: nais, esposas e amas de casa.

Polo tanto non debería parecer nos raro que a participación política das mulleres en postos públicos de responsabilidade, nos que as mulleres son bastante reazas a participar, sexa aínda escasa. No noso caso, nas seis lexislaturas que leva habido, a participación das mulleres nas listas dos partidos políticos concorrentes ás eleccións municipais iniciouse na primeira convocatoria de eleccións municipais.

Un dato a ter en conta neste caso é o do posto que ocupan as mulleres dentro destas listas, xa que en moitos casos fano en lugares nos que resulta improbábel a súa elección. Ate o momento ningunha muller se ten presentado como cabeza de lista por ningunha formación política das que teñen presentado candidatura municipal.

Alén de teren sido electas, as mulleres que teñen tido responsabilidades de goberno nestas seis lexislaturas son aínda menos, todas elas do PSOE, partido que goberna o concello dende 1983, excepto unha concelleira por U.C.D. que exerceu ese cargo na primeira corporación en democracia, despois das eleccións municipais de 1979. Estas concelleiras teñen ostentado áreas como Pesca, Asuntos Sociais, Cultura e Deportes, e actualmente unha muller ostenta a primeira tenencia de alcaldía. Asimesmo, unha camariña é Deputada no Parlamento galego.

Os mesmos factores que influían na escasa presenza feminina no mundo asociativo, tamén dificultan a presenza feminina na política, xa que as mulleres que exercen cargos políticos deben dispor dunha certa liberdade de movemento e tempo para elo, co que se fai difícil o acceso a nais

con fill@s pequen@s ou outro tipo de cargas familiares, que son a maioría. Unha vez máis atopámonos co peso do social, que dificulta enormemente o cambio nos distintos aspectos da vida.

De todos xeitos, a presenza de algunhas mulleres camariñás en postos de responsabilidade, tanto no mundo político como no asociativo, incluso en ámbitos máis extensos que o municipal, ofrece uns modelos de muller que poden axudar a rachar cos prexuízos e alentar a que outras sigan o mesmo camiño.

CUARTA PARTE:

CONCLUSIONES E LINEAS DE ACTUACIÓN



14. Conclusións finais

1.4.1 A CREACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES

A elaboración deste estudo de diagnose sobre a realidade das mulleres de Camariñas realizouse á par que outros traballos diversos (animación, motivación para a participación, consecución e xestión de fondos ante os organismos competentes para a organización de actividades, etc.), durante o primeiro ano de vida do servizo de atención especializada ás mulleres neste Concello, que apostou deste xeito por impulsar unha iniciativa en favor da igualdade de oportunidades entre os xéneros. Polo tanto, parte do material desta investigación ven dado polo coñecemento da realidade camariñá que fomos adquirindo no desenvolvemento do noso traballo como axentes de igualdade, unha denominación ás veces difícil de entender para a cidadanía en xeral, sobre todo tendo en conta que non xestionamos axudas económicas nin subvencións individuais, senón que procuramos a participación das mulleres en distintas actividades, co fin de crear persoas motivadas cara un cambio social nos roles de xénero. Alén diso, temos realizado diversas actividades de tipo participativo nas que se buscaba coñecer as opinións e pensamentos das mulleres sobre os seus problemas e necesidades, á par que se creaban espazos de intercambio de opinións e propostas de actuación entre elas.

Os obxectivos que guiaron o noso traballo dende un principio, aparte da realización desta investigación, foron os seguintes:

- **Dinamizar, orientar e promover a participación e asociacionismo das mulleres**, ben sexa nas organizacións estritamente femininas, como no mundo asociativo en xeral, a través de actividades formativas e participativas.
- Sentar as bases para a elaboración futura do **Plan Municipal de Igualdade** de Camariñas.
- Dar os primeiros pasos cara a constitución dun **Consello Municipal da Muller** (información, motivación, compromiso).
- **Sensibilizar** aos distintos axentes sociais da necesidade e pertinencia de poñer en marcha proxectos deste tipo, que non só benefician ao colectivo feminino, senón a toda a sociedade.
- Búsqueda de recursos para desenvolver actividades co colectivo de mulleres camariñas (SGI, EQUAL, Leader Plus, Deputación, orzamentos municipais...), mediante presentación de proxectos subvencionábeis.

Para elo realizáronse unha serie de **actividades concretas**, orientadas á consecución destes obxectivos. Entre elas queremos salientar as seguintes:

- Dous pequenos "Obradoiros de Asociacionismo", de 9 horas de duración cada un, que se realizaron nas localidades de Camariñas e Ponte do Porto, que contou coa participación de mulleres de distintas asociacións do territorio municipal. (Decembro 2001/Xaneiro 2002).
- Obradoiro de Políticas de Igualdade, de 6 horas de duración, dirixida aos representantes políticos do Concello, así como ao persoal que nel traballa. (Decembro de 2001)
- Charla Informativa "Traballando pola Igualdade de Xénero", na que se contou coa colaboración do Concello de Mugardos, a través da Concelleira de Muller, a traballadora encargada desta área, e unha mariscadora da Agrupación desta localidade. Estas mulleres explicaron a experiencia que se está a desenvolver no seu concello. (Febreiro de 2003).
- Xornada de detección de Necesidades das mulleres camariñas, da que se fala máis amplamente noutros apartados deste estudo. (Marzo de 2002).
- Participación dunha das axentes de igualdade, xunto cunha das compañeiras do Museo do Encaixe nos actos do 8 de Marzo, Día da Muller Traballadora, en Pamplona e Lizarra (Navarra), onde se expuxo a realidade das mulleres relacionándoa coa catástrofe do Prestige. Participación nas celebracións do 8 de marzo no concello de Mugardos.
- Obradoiro de Habilidades Sociais, celebrado no Centro Social de Arou, para mulleres da parroquia de Camelle. (Agosto 2003).
- Organización e xestión do Curso de Adornista Téxtil, de Formación Ocupacional para mulleres, financiado polo S.G.I. e o F.S.E. Este curso, de 200 horas de duración, foi o primeiro que se realiza en Camariñas especificamente para mulleres. (Outubro/Novembro 2003).
- Organización dun "Obradoiro de Xestión de Asociacións" para mulleres do movemento asociativo. (Novembro 2003).

14.2. AS DEMANDAS EXPRESADAS POLAS MULLERES

Unha das actividades que acabamos de citar foi a "**Xornada de Recollida das Necesidades das Mulleres**", que se celebrou na vila camariñá en marzo de 2002. A ela asistiron un total de 27 mulleres, de 23 a 73 anos de idade, estando representadas todas as parroquias e lugares do territorio municipal. Nesta xornada organizáronse 3 grupos de debate, por idades (menores de 30, entre 30 e 45, maiores de 45), que no remate da xornada fixeron unha posta en común. Os temas a tratar eran os problemas e necesidades que atopaban nos ámbitos laboral-formativo e participación social, así como os apoios que precisaban das súas familias, das administracións e delas mesmas.

As demandas máis importantes que xurdiron nesta xornada, nos ámbitos laboral-formativo e dos apoios que necesitan as mulleres (xa que os da área de participación social se atopan no apartado correspondente), foron:

NO APARTADO TRABALLO E FORMACIÓN

- En canto á **situación do mercado laboral e das actividades formativas**, as participantes de todos os grupos de debate identificaron como definitoria da zona a escaseza de postos de traballo, e de formación axeitada para os distintos colectivos de mulleres. No grupo de mediana idade incidíuse ademais na falta de servizos de apoio ás mulleres traballadoras, e na falta de colaboración dos homes no doméstico. Por último, no grupo das mozas, introducíuse o tema do traballo submerxido das mulleres, especialmente das palilleiras e amas de casa, e das escasas e deficientes comunicacións e medios de transporte público.
- Todos os grupos de debate identificaron a ausencia de responsabilidades compartidas no doméstico como o principal elemento que impide o **acceso das mulleres ao mercado laboral**. Outros temas neste punto do debate foron a inexistencia de traballos a media xornada, que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral, a escasa iniciativa empresarial que podería crear emprego, a escasa formación do colectivo feminino, e as deficiencias nas comunicacións.
- Nas **demandas e necesidades** explicitadas neste campo, as repetidas en todos os grupos de debate foron a creación de servizos de apoio ás traballadoras, fundamentalmente unha **escola infantil** para nen@s de 0 a 3 anos, e un centro de coidado de persoas anciás. Ademais, as mulleres reclamaron cursos de formación laboral para elas, unha rede de transporte público dentro do concello, recursos de ocio e mellores comunicacións.

NO APARTADO DOS APOIOS QUE SE NECESITAN PARA O CAMBIO

- As mulleres reclamaron **das súas familias**, apoio moral e entendemento (o grupo de maior idade), e traballo doméstico ao 50% ou compartido (as de mediana e menor idade).
- Das **administracións e organismos** esíxese asesoramento a medida, é dicir, un servizo especializado como o que se acaba de crear, así como máis recursos de todo tipo dirixidos a favorecer ás mulleres.
- Por último, con respecto aos apoios que se precisan dentro do propio colectivo feminino, as participantes apelaron á **unión e colaboración das mulleres** como grupo social (considerando que por agora non existe, e facendo polo tanto autocrítica con respecto ás

súas relacións), a unha maior autoestima que permita levar a cabo calquera iniciativa, e, no caso do grupo das mozas, un cambio na concepción dos roles de xénero.

15. DIAGNOSE: A REALIDADE DETECTADA, DENDE UN PUNTO DE VISTA TÉCNICO

Ademais das demandas explicitadas directamente polas mulleres, a través de este estudo de diagnose temos constatado, dende o punto de vista das relacións de xénero, outra serie de feitos que xogan un papel fundamental na realidade das mulleres do territorio camariñán. Non se debe esquecer do marco en que nos atopamos, dentro dunha zona, a Costa da Morte, periferia da periferia, definida pola forte emigración, así como polo desmantelamento do sector pesqueiro, motor da economía comarcal. Tampouco que moitos elementos desta realidade non son exclusivos da zona, senón que se repiten en moitos lugares da Galicia non urbana.

15.1. O MODELO DE MULLER

- O discurso dominante afirma a existencia dun poder que as mulleres exercen, un suposto e mítico **matriarcado**, que se basea sobre todo na súa posición no ámbito doméstico (*a muller manda porque ten os cartos*). A pesar dos cambios acaecidos nestas últimas décadas no mundo occidental, atopamos que o sistema de xénero, e polo tanto o rol masculino e feminino, está bastante anclado no modelo tradicional, bastante lonxe desa idea de poder das mulleres. Este modelo social, que atribúe aos varóns o mundo público e social, e reclúe ás mulleres no doméstico, co único escape do mundo laboral (porque é produtor de renda), ten como consecuencia principal que os modelos de convivencia doméstica se fundamenten nun modelo de **sobrecarga de traballo** das mulleres, que dispoñen escasamente de tempo para si mesmas, que poderían adicar a actividades de formación, participación social ou ocio.
- A **falla de valoración cara todo o feminino**, está interiorizada polas propias mulleres, de forma que moitas minusvaloran as súas capacidades e oportunidades de desenvolvemento persoal, deixando pasar as poucas oportunidades que teñen de ir cambiando esta situación, nomeadamente a través da formación e do coñecemento de outras experiencias. Isto fíxose patente para nós na dificultade de lograr a participación feminina nas diversas actividades que se organizaron durante este ano, xa que calquera outra obriga fai que pospoñan as actividades orientadas á mellora da súa situación persoal. Se falamos das accións formativas especificamente, está moi arraigada a concepción de acudir a cursos a cambio dunha prestación económica, co que non se ten a idea da formación como un valor en si. O feito de acudir a actividades sen percibir un diñeiro a cambio, é visto como un abandono das obrigas familiares que non é compensado economicamente.

- Do mesmo modelo dominante derívase que as **relacións entre mulleres** se baseen fundamentalmente na competitividade e a tensión, dificultando a creación de relacións de apoio e unidade entre elas, baseadas na identificación como grupo social. De feito, un dos espazos exclusivos de mulleres máis importantes que existen tradicionalmente en Camariñas, o dos grupos que se reúnen para palillar, lonxe de servir como espazos de reflexión e unidade feminina para cambiar a realidade, son unha das ubicacións da práctica de control social á que aludíamos no terceiro capítulo, sendo as propias mulleres ao mesmo tempo vítimas e xuízas do que sucede nas súas vidas.
- As **rapazas** escapan dun sistema que, como sucedeu coas súas nais e avoas, as controla e castiga se non cumpren o seu papel, e no canto de loitar por novos modelos de muller aquí, elixen a **emigración**, especialmente cara as cidades, onde se poden comportar de acordo con roles de muller máis modernos e máis libres, ser cidadás anónimas, lonxe do control social, e independentes economicamente.

15.2. NO SECTOR DO ENCAIXE

- O palillo, verdadeiro elemento identitario de Camariñas, a pesar de ter sido un oficio produtor de renda, ata agora ten sido considerado polas propias palilleiras como unha atribución de xénero máis dos distintos roles que se adscriben á muller camariñá, e que está profundamente imbricado na súa identidade.
- O feito de que o palillo estea integrado dentro do modo de produción doméstico, sen horario nin espazo determinado, salario, cobertura social ou organización sindical, fai que teña unha pésima auto-imaxe entre quen o practica.
- No caso das rapazas non é considerado como unha alternativa laboral, polo que foxen desta possibilidade, que é vista como a última opción. Ademais, as rapazas que queren romper co rol tradicional de muller, rompen tamén coa actividade palilleira, debido á súa asociación co mesmo.
- As economías domésticas de tipo mariñeiro, como a camariñá, baséanse tradicionalmente na entrada inconstante e inestábel de diñeiro. Neste contexto, o encaixe distribuído a través das intermediarias, que pagan ao contado, constitúe unha fonte clave de entrada de pequenos ingresos, enraizada nesa tradición.
- A venda directa a través das asociacións, que ata agora é o único intento colectivo de organizar a distribución do encaixe fóra do sistema tradicional das intermediarias non resulta válida como alternativa sólida a este modelo, nin trasladábel a todo o colectivo de palilleiras.
- Ata agora non ten existido un apoio institucional decidido aos cambios neste sector, alén do realizado dende o Concello, que non conta coa suficiente capacidade económica para

desenvolver proxectos de cambio e desenvolvemento do mesmo, polo que é preciso o apoio e implicación de institucións con maior capacidade económica (Xunta, Deputación, UE).

- Toda acción encamiñada ao desenvolvemento do sector debería ter en conta, alén do sistema de comercialización, clave para que sexa unha actividade rendíbel para as produtoras, o factor humano que realiza a produción, que se caracteriza por unha baixa formación e ausencia de iniciativa e cultura emprendedora.
- As accións que pretendan relanzar o oficio de palilleira e convertelo nunha **alternativa laboral digna** para as mulleres camariñas, que contribúa a frear a forte corrente migratoria das últimas décadas, terán que separar o palillo do modo de produción doméstico.

15.3. NO MERCADO LABORAL

- A inexistencia de **servizos de apoio ao coidado de persoas dependentes**, como unha escola infantil para nen@s de 0 a 3 anos, así como dun centro de día ou similar para o coidado de persoas maiores, discapacitadas, enfermas, etc., fai que a cargas familiares ocupen unha boa parte do tempo das mulleres, impedíndolles desenvolver outro tipo de actividades, xa sexan productivas, formativas, ou de ocio.
- Asimesmo, a resistencia dos homes a un cambio de rol que lles permita compartir tarefas dentro do terreo doméstico, agrava a situación de sobreexplotación de moitas mulleres, no caso maioritario de dupla xornada laboral.
- A sobrecarga dáse fundamentalmente nas mulleres dende o momento en que se converten en nais, de xeito que moitas vense obrigadas a abandonar o mercado laboral, e tentan voltar a el unha vez pasados uns anos. En moitos casos, a sobrecarga se traslada ás avoas, que pasan a ocuparse do coidado d@s net@s.
- Neste contexto, o palillo se presenta como unha das poucas oportunidades de acadar uns ingresos extra sen saír do fogar, mais sempre considerados complementarios do traballo masculino. No caso das mulleres de mariñeiros, o traballo para a embarcación familiar, fundamental para a renda que se consegue finalmente, é valorado como unha extensión do doméstico, sen dereitos de ningún tipo, nin valoración social. O mesmo sucede no caso das actividades agrícolas practicadas polas mulleres, que neste territorio xa son algo marxinal, debido á súa orientación maioritaria cara o autoconsumo.
- Dentro do colectivo de mulleres que traballa en actividades relacionadas co mundo do mar, existe a necesidade de que o seu traballo sexa apoiado, e de que se loite para que as distintas actividades que realizan se convertan en alternativas de traballo sólidas, que poidan absorber algunhas das mozas que adoitan emigrar cara as cidades galegas ou Canarias fundamentalmente. De feito, existe un bo número de mozas nestes traballos.

- A incorporación de mulleres a traballos non feminizados nas actividades pesqueiras, como as percebeiras ou enroladas, non responde a unha flexibilización dos roles de xénero, nin a ese mítico matriarcado, senón que ven dada pola posibilidade de aportar unha renda á economía familiar; eso si, sempre en compañía dalgún home da familia.
- En canto ao mundo laboral, non temos oído practicamente a ningunha camariña dos sectores estudados **valorar** positivamente o seu traballo, sexa do tipo que sexa: palilleiras deixándose a columna en interminábeis horas de labor a menos dun euro a hora, mariscadoras dentro do mar guindando dos pesados raños, percebeiras realizando un traballo dos máis duros e perigosos que hai, constantemente cuestionadas por ocuparen un espazo masculino, operarias da conserveira con eses ríxidos sistemas de autoridade e produtividade,...e todas elas, ao chegaren a casa, asumindo en solitario o coidado das súas familias e fogares. Mentres non exista unha valoración e recoñecemento social dos traballos que as mulleres realizan, será difícil que elas mesmas a teñan.
- A imaxe negativa que as mulleres teñen dos traballos que desenvolven está relacionada ademais de co anterior, coa súa concepción ligada á supervivencia, así como a consideralo complemento do salario masculino. Isto a pesar de que sempre houbo mulleres que sacaron ás súas familias adiante sen a presenza de homes a quen servir de complemento, e de que nos meses ao ano nos que non se pode ir ao mar, en moitas familias, o salario da conserveira ou os ingresos do palillo convértense no salario principal.
- A maioría das mulleres que teoricamente se dedican en exclusiva ao traballo doméstico, na realidade desempeñan algunha actividade productiva, nomeadamente o palillo. É moi minoritario o modelo de muller "burguesa", adicada unicamente á familia, e con posibilidade de tempo de ocio.
- Sen embargo, a fortaleza máis importante das mulleres camariñas ven dada pola súa capacidade de traballo e de adaptación a circunstancias adversas, que de desenvolverse en outras condicións laborais, familiares e sociais, probabelmente daría lugar a un xeito de vida diferente, e ao xurdimento de iniciativas de todo tipo.

16. RECOMENDACIÓNS PARA O CONCELLO COMO ADMINISTRACIÓN

A pesar de que a realidade que acabamos de resumir se presenta bastante desoladora, con vontade e compromiso pódese loitar e traballar por cambiala, saíndo do discurso de crise bastante extendido en toda a sociedade camariñá. Para iso é precisa a aportación e o compromiso de tod@s.

Unha vez que este servizo xa conta cun ano de vida, no que pensamos quedou patente a súa necesidade, pensamos que as accións que o Concello de Camariñas podería tomar no futuro poderían seguir estes camiños:

- Continuar impulsando o **servizo de atención específica ás mulleres**, dotándoo de orzamento, competencias claras, persoal cualificado e motivado, así como **apoio político**.
- Crear unha "**Concellaría da Muller**", que se ocupara de aplicar os principios de igualdade de xénero en todas as áreas de traballo do Concello, non identificando o seu traballo unicamente cos servizos sociais ou de desenvolvemento local, aínda que unha boa parte do traballo ata agora se canalice a través destas áreas, senón buscando a transversalidade en todas as delegacións.
- Elaborar un **Plan Municipal de Igualdade** para os vindeiros anos, por exemplo ata o final da presente lexislatura. Os Plans de Igualdade (P.I.), son marcos referenciais que conteñen estratexias e instrumentos baseados no dereito das mulleres a seren tratadas e consideradas como cidadás de primeira categoría, tentando erradicar a desigualdade dende o respecto ás diferencias. Mais este tipo de plans require duns requisitos previos, que, na súa maior parte, xa se desenvolveron durante este último ano: xa se conta cun coñecemento das políticas de igualdade existentes noutros concellos e administracións; asimesmo, dispónse dunha análise, dende unha perspectiva de xénero, da situación que se pretende mellorar, que pode proporcionar a información necesaria para a posterior formulación de obxectivos e actuacións. Por último, existe o coñecemento da relación de recursos de todo tipo cos que conta o Concello, en base á súa utilización diferencial por razón de xénero. Polo tanto, só resta que no proceso da súa elaboración se consiga un compromiso político firme e responsábel. Este Plan debe ser consensuado cos distintos grupos políticos do concello, buscando unha proxección de futuro, independentemente de quen governe.

Como todo plan, debe constar dunha ou máis **ÁREAS DE ACTUACIÓN**, dependendo dos temas nos que se quera intervir, nas que se debe explicitar o **OBXECTIVO** ou obxectivos globais que se pretenden acadar, así como dun conxunto de **ACTUACIÓNS** ou medidas concretas que se axustarán aos obxectivos do plan, dependendo das necesidades

e dos recursos dispoñíbeis, unha TEMPORIZACIÓN na que se procurará a súa execución, e un ORZAMENTO axeitado para levar estas accións a cabo.

Pensamos que, dada situación actual, a posibilidade de constituír un **Consello Municipal da Muller** está aínda moi verde, polo que se recomenda pospoñer esta actuación ata que esté asentada a participación das mulleres no proceso.

- Asimesmo, é necesario establecer un compromiso coas mulleres de todo o territorio municipal, a través das asociacións ou das individualidades, que garanta a súa participación na elaboración do P.I. Poderíanse realizar de novo xornadas participativas con este fin. Sería preciso tamén buscar a participación e o compromiso do colectivo masculino, que probabelmente presente fortes resistencias a estes cambios.
- Realizar accións concretas de **conciliación da vida laboral e familiar**, que inclúan explicitamente ao colectivo de homes, xa que sen a súa participación este proceso de cambio sería incompleto.
- Continuar a fomentar e impulsar a **participación social** das mulleres, un labor duro e ás veces ingrato, dadas as dificultades para elo, expostas neste estudo. Para elo é necesaria unha boa dose de creatividade e constancia.
- Prestar unha atención e apoio especial ao colectivo de **mulleres mozas**, fomentando a súa permanencia no territorio, xa que constitúe un grupo privilexiado para o cambio social.
- Crear un **espazo de ocio** que ofrezca un lugar de reunión, esparcemento e realización persoal ás mulleres, dado que é unha das carencias por elas expresadas en innumerábeis ocasións. Ese espazo debería ser deseñado de acordo con estes fins, partindo das demandas das propias mulleres. Podería ser un local municipal que se adxudicara por concurso público, mais cunhas condicións determinadas, que favorezan o desenvolvemento da unión das mulleres, que podería ser apoiado polo servizo municipal dende o concello. Sería interesante evitar que se convertera nun centro de palillo, que xa existen varios e non o consideramos como ocio propriamente.
- Á hora de realizar actuacións concretas, sería bo guiarse, na medida do posíbel, polos resultados da Xornada de Demandas, sen perder de vista o sistema de xénero imperante e os obxectivos de cambio social que deberían guiar toda actuación neste campo.

ANEXOS E BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS
DEMOGRAFÍA

**INDICADORES PARA A ANÁLISE DE POBOACIÓN DE
CAMARIÑAS**

1. Relación nen@s/mulleres: Poboación de nen@s de menos de 14 anos/nen@s entre 15-49 anos.
2. Peso d@s xoves: Poboación de 0-14 anos/total da poboación *100.
3. Peso da Terceira Idade: Poboación de 65 e máis anos/total da poboación *100.
4. Peso da poboación activa: Poboación de 15- 64 anos /total da poboación *100.
5. Relación de dependencia: Poboación de 0-14 anos /total da poboación *100.
6. Índice de xuventude: Poboación de 0-14 anos /poboación 15-64 anos *100.
7. Índice de vellez: poboación de 65 e máis anos / poboación entre 15 e 64 anos * 100.
8. Índice de envellecemento: Poboación de 65 e máis anos /poboación entre 15-64 anos *100.
9. Índice de reemprazo da poboación economicamente activa: Poboación de 60-64 anos /poboación de 15-19 anos *100.
10. Indicador do sistema de pensións: Poboación de 60-64 anos /poboación de 15-64 anos *100.
11. Razón de masculinidade (por grupos quinquenais). Homes /mulleres
12. Idade media da poboación: Volume *Promedio /poboación

	CAMARIÑAS		GALICIA	
	ANO1991	ANO2001	ANO1991	ANO2001
Relación nenos/mulleres	0,90	0,26	0,72	0,47
Peso dos xoves	21,25%	13,25%	17,34%	11,85%
Peso da 3ªIdade	12,5%	19,44%	16,77%	21,03%
Peso da poboación activa	66,30%	63,30%	65,87%	67,08%
Relación de dependencia	51,02%	48,57%	51,79%	49,06%
Índice de xuventude	32,05%	19,68%	26,33%	16,6%
Índice de vellez	18,9%	28,89%	25,46%	31,39%

Índice de envellecemento	59,17%	146,75%	96,69%	177%
Índice de reemprazo da Poboación económicamente activa	65,12%	73,81%	72,73%	86,35%
Indicador do sistema de pensións	7,75%	7,57%	8,94%	7,5%
Idade media da poboación	36,14	41,7		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos dos anos 1991 e 2001.

TABOA DE RAZÓN DE MASCULINIDADE

GRUPOS DE IDADE	RAZON DE MASCULINIDADE
0-4 ANOS	1,02
5-9 ANOS	0,92
10-14 ANOS	1,11
15-19 ANOS	1,05
20-24 ANOS	0,98
25-29 ANOS	1,05
30-34 ANOS	1,16
35-39 ANOS	1,44
40-44 ANOS	1,20
45-49 ANOS	1,06
50-54 ANOS	0,83
55-59 ANOS	0,98
60-64 ANOS	0,99
65-69 ANOS	0,82
70-74 ANOS	0,65
75-79 ANOS	0,65
80-84 ANOS	0,33
85 E MÁIS ANOS	0,24

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos censos de 1991 e 2001.

INDICADORES DE FECUNDIDADE DOS ANOS 1991 E 2001

1. Taxa bruta de fecundidade: Nacid@s nun determinado ano /poboación total dese mesmo ano *1000.
2. Taxa de fecundidade xeral: Nacid@s nun determinado ano /poboación total dese mesmo ano *1000.
3. Taxa de fecundidade por idade: Nacid@s viv@s de nais dunha determinada idade /mulleres nesa mesma idade *1000.
4. Índice sintético de fecundidade: Sumatorio das taxas por idade /mil.
5. Taxa bruta de reprodución: Índice sintético de fecundidade *coeficiente de masculinidade. (0,488).
6. Idade media de fecundidade: Multiplícanse os nacementos polo intervalo de idade da nai e divídese ente o total de nacid@s.

TABOAS DE FECUNDIDADE DE CAMARIÑAS E GALICIA DOS ANOS 1991 E 2001

	CAMARIÑAS		GALICIA	
	ANO 1991	ANO 2001	ANO1991	ANO2001
Taxa bruta de natalidade	9,17 por mil	4,74 por mil	8,02 por mil	7,20 por mil
Taxa de fecundidade xeral	38,99 por mil	19,9 por mil	33,32 por mil	28,98 por mil
Índice sintético de fecundidade	0,24	0,12	0,22	0,19
Taxa bruta de reprodución	0,117	0,05	0,107	0,09
Idade media de fecundidade.	26,76	30.6		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos dos anos 1991 e 2001.

TABOA COMPARATIVA DA FECUNDIDADE DE GALICIA E CAMARIÑAS NOS ANOS 1991 E 2001.

Idades (Grupos Quinquenais)	Taxa de fecundidade por idade das mulleres de Camariñas		Taxa de Fecundidade por idade das mulleres de Galicia	
	1991	2001	1991	2001
15-19 anos	24,6 por mil	0	13,61 por mil	7,00 por mil
20-24 anos	65,7 por mil	17,7 por mil	55,48 por mil	24,63 por mil
25-29 anos	83,03 por mil	38,91 por mil	77,47 por mil	53,06 por mil
30-34 anos	49,8 por mil	46,69 por mil	53,68 por mil	69,36 por mil
35-39 anos	19,9 por mil	24,39 por mil	20,3 por mil	31,84 por mil
40-44 anos	5 por mil	0	4,56 por mil	5,2 por mil
45-49 anos	0	0	0,31 por mil	0,2 por mil

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos dos anos 1991 e 2001.

INDICADORES DE MORTALIDADE DE CAMARIÑAS DOS ANOS 1991 E 2001

INDICADORES	1991	2001
TAXA BRUTA DE MORTALIDADE	6,34 por mil	4,59 por mil.
TAXA DE MORTALIDADE INFANTIL	0	0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos dos anos 1991 e 2001.

TAXA ESPECIFICA DE MORTALIDADE POR IDADES.		
GRUPO DE IDADE QUINQUENAIS	ANO 1991	ANO 2001.
0-4 ANOS	0	0
5-9 ANOS	0	3,30 por mil
10-14 ANOS	0	0
15-19 ANOS	0	0
20-24 ANOS	0	0
25-29 ANOS	0	0
30-34 ANOS	3,5 por mil	0
35-39 ANOS	0	1,98 por mil
40-44 ANOS	18,14 por mil	2,06 por mil
45-49 ANOS	0	0
50-54 ANOS	5,9 por mil	2,36 por mil
55-59 ANOS	6,07 por mil	2,34 por mil
60-64 ANOS	2,62 por mil	2,90 por mil
65-69 ANOS	13,8 por mil	4,26 por mil
70-74 ANOS	13,3 por mil	8,87 por mil
75-79 ANOS	21,05 por mil	8,69 por mil
80-84 ANOS	48,78 por mil	34,96 por mil
85 E MÁIS ANOS	169,8 por mil	98,48 por mil

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos anos 1991 e 2001.

ESTANDARIZACIÓN.			
IDADES	PESO DA POBOACIÓN DO ANO 1991 (1)	TAXA ESPECIFICA DE MORTALIDADE DO ANO 2001 (2)	(1)*(2)
0-4 ANOS	3,14%	0	0
5-9 ANOS	7,07%	0	0
10-14 ANOS	7,97%	3,30	26,31
15-19 ANOS	7,89%	0	0
20-24 ANOS	8,15%	0	0
25-29 ANOS	7,69%	0	0
30-34 ANOS	7,61%	0	0
35-39 ANOS	6,62%	0	0
40-44 ANOS	5,95%	1,98	11,78
45-49 ANOS	6,05%	2,06	12,46
50-54 ANOS	4,50%	0	0
55-59 ANOS	6,66%	2,36	15,71
60-64 ANOS	5,14%	2,34	12,02
65-69 ANOS	3,90%	2,90	11,31
70-74 ANOS	3,02%	4,26	12,86
75-79 ANOS	2,56%	8,87	22,70
80-84 ANOS	1,65%	34,96	57,68
85 E MAIS ANOS	1,43%	98,48	140,82

TOTAL			323,65
-------	--	--	--------

TAXA BRUTA DE MORTALIDADE:
323,6/100= 3,23 POR MIL.

INMIGRACIÓN EXTERNA DO ANO 1997.

Lugar de procedencia	Camariñas	%	Terra de Soneira	%
Andalucía	1	1,63%	1	0,8%
Asturias	0	0	1	0,8%
Canarias	3	4,91%	6	4,8%
C.León	3	4,91%	3	2,4%
Cataluña	3	4,91%	7	5,6%
Madrid	3	4,91%	18	14,4%
P.Vasco	1	1,63%	1	0,8%
Resto das CC.AA.	5	8,19%	9	7,2%
Extranxeiro	42	68,8%	79	63,2%
Total	61	100%	125	100%

Fonte. Elaboración propia a partir dos datos do Movemento Natural de Poboación do ano 1997.

TABOA DE MORTALIDADE DAS MULLERES DE CAMARIÑAS PARA O ANO 1991									
IDADES	POBOACIÓN	DEFUNCIÓNS	T.E.M.	nqx	nlx	ndx	Lx	Tx	Eo
0 4	217	0	0	0	100.000	0	500.000	7966120,62	79,6612062
5 9	277	0	0	0	100.000	0	500.000	7466120,62	74,6612062
10 14	279	0	0	0	100.000	0	500.000	6966120,62	69,6612062
15 19	284	0	0	0	100.000	0	500.000	6466120,62	64,6612062
20 24	304	0	0	0	100.000	0	500.000	5966120,62	59,6612062
25 29	277	0	0	0	100.000	0	500.000	5466120,62	54,6612062
30 34	261	1	0,00383142	0,02873563	100.000	2873,56322	507183,908	4966120,62	49,6612062
35 39	201	0	0	0	97126,4368	0	485632,184	4458936,71	45,9085791
40 44	200	4	0,02	0,15	97126,4368	14568,9655	522054,598	3973304,53	40,9085791
45 49	217	0	0	0	82557,4713	0	412787,356	3451249,93	41,8042108
50 54	182	1	0,00549451	0,04120879	82557,4713	3402,0936	421292,59	3038462,57	36,8042108
55 59	249	0	0	0	79155,3777	0	395776,888	2617169,98	33,0637041
60 64	191	1	0,0052356	0,03926702	79155,3777	3108,19546	403547,377	2221393,09	28,0637041
65 69	158	0	0	0	76047,1822	0	380235,911	1817845,72	23,9041824
70 74	135	0	0	0	76047,1822	0	380235,911	1437609,81	18,9041824
75 79	115	3	0,02608696	0,19565217	76047,1822	14878,7965	417432,902	1057373,89	13,9041824
80 84	92	5	0,05434783	0,4076087	61168,3857	24932,7659	368173,843	639940,992	10,4619565
85 E MAIS	85	15	0,17647059	1	36235,6198	36235,6198	271767,148	271767,148	7,5

TABOA DE MORTALIDADE DOS HOMES DE CAMARIÑAS PARA O ANO 1991									
IDADES	POBOACIÓN	DEFUNCIÓS	T.E.M	nqx	nlx	ndx	Lx	Tx	Eo
0 4	223	0	0	0	100.000	0	500.000	7554603,45	75,5460345
5 9	257	0	0	0	100.000	0	500.000	7054603,45	70,5460345
10 14	312	0	0	0	100.000	0	500.000	6554603,45	65,5460345
15 19	301	0	0	0	100.000	0	500.000	6054603,45	60,5460345
20 24	300	0	0	0	100.000	0	500.000	5554603,45	55,5460345
25 29	293	0	0	0	100.000	0	500.000	5054603,45	50,5460345
30 34	303	1	0,00330033	0,02475248	100.000	2475,24752	506188,119	4554603,45	45,5460345
35 39	290	0	0	0	97524,75248	0	487623,762	4048415,33	41,5116699
40 44	241	4	0,01659751	0,12448133	97524,75248	12140,0107	517973,789	3560791,57	36,5116699
45 49	232	0	0	0	85384,74179	0	426923,709	3042817,78	35,6365518
50 54	152	1	0,00657895	0,04934211	85384,74179	4213,06292	437456,366	2615894,07	30,6365518
55 59	245	3	0,0122449	0,09183673	81171,67888	7454,54194	424494,749	2178437,7	26,8374109
60 64	190	0	0	0	73717,13694	0	368585,685	1753942,95	23,7928794
65 69	131	4	0,03053435	0,22900763	73717,13694	16881,7871	410790,152	1385357,27	18,7928794
70 74	89	3	0,03370787	0,25280899	56835,34985	14368,4873	320097,968	974567,115	17,1472001
75 79	75	1	0,01333333	0,1	42466,86253	4246,68625	222951,028	654469,148	15,4112903
80 84	31	1	0,03225806	0,24193548	38220,17628	9246,81684	214217,923	431518,119	11,2903226
85 E MÁIS	21	3	0,14285714	1	28973,35944	28973,3594	217300,196	217300,196	7,5

TABOA DE MORTALIDADE DOS HOMES DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2001									
IDADES	POBOACIÓN	DEFUNCIÓNS	T.E.M.	nqx	nlx	ndx	Lx	Tx	Eo
0 4	100	0	0	0	100.000	0	500.000	8381694,47	83,8169447
5 9	154	0	0	0	100.000	0	500.000	7881694,47	78,8169447
10 14	203	0	0	0	100.000	0	500.000	7381694,47	73,8169447
15 19	222	0	0	0	100.000	0	500.000	6881694,47	68,8169447
20 24	275	0	0	0	100.000	0	500.000	6381694,47	63,8169447
25 29	248	0	0	0	100.000	0	500.000	5881694,47	58,8169447
30 34	245	0	0	0	100.000	0	500.000	5381694,47	53,8169447
35 39	257	0	0	0	100.000	0	500.000	4881694,47	48,8169447
40 44	251	1	0,00398406	0,02988048	100.000	2988,04781	507470,12	4381694,47	43,8169447
45 49	244	0	0	0	97011,9522	0	485059,761	3874224,35	39,9355364
50 54	216	1	0,00462963	0,03472222	97011,9522	3368,47056	493480,937	3389164,58	34,9355364
55 59	211	1	0,00473934	0,03554502	93643,4816	3328,55977	476538,808	2895683,65	30,9224262
60 64	156	1	0,00641026	0,04807692	90314,9219	4342,06355	462429,768	2419144,84	26,7856606
65 69	221	1	0,00452489	0,03393665	85972,8583	2917,63094	437158,369	1956715,07	22,7596838
70 74	162	2	0,01234568	0,09259259	83055,2274	7690,29883	434501,884	1519556,7	18,2957383
75 79	89	2	0,02247191	0,16853933	75364,9285	12701,9542	408579,528	1085054,82	14,3973442
80 84	44	2	0,04545455	0,16853933	62662,9743	21362,3776	366720,815	676475,291	10,7954545
85 E MÁIS	37	3	0,08108108	0,34090909	41300,5967	41300,5967	309754,475	309754,475	7,5

TABOA DE MORTALIDADE DAS MULLERES DE CAMARIÑAS PARA O ANO 2001									
IDADES	POBOACIÓN	DEFUNCIÓNS	T.E.M.	nqx	nlx	ndx	Lx	Tx	Eo
0 4	88	0	0	0	100.000	0	500.000	8492650,36	84,9265036
5 9	149	1	0,00671141	0,05033557	100.000	5033,55705	512583,893	7992650,36	79,9265036
10 14	200	0	0	0	94966,443	0	474832,215	7480066,47	78,7653642
15 19	244	0	0	0	94966,443	0	474832,215	7005234,25	73,7653642
20 24	225	0	0	0	94966,443	0	474832,215	6530402,04	68,7653642
25 29	224	0	0	0	94966,443	0	474832,215	6055569,82	63,7653642
30 34	257	0	0	0	94966,443	0	474832,215	5580737,61	58,7653642
35 39	246	1	0,00406504	0,0304878	94966,443	2895,31838	482070,511	5105905,39	53,7653642
40 44	233	0	0	0	92071,1246	0	460355,623	4623834,88	50,2202499
45 49	177	0	0	0	92071,1246	0	460355,623	4163479,26	45,2202499
50 54	207	0	0	0	92071,1246	0	460355,623	3703123,64	40,2202499
55 59	215	0	0	0	92071,1246	0	460355,623	3242768,01	35,2202499
60 64	188	0	0	0	92071,1246	0	460355,623	2782412,39	30,2202499
65 69	248	1	0,00403226	0,03024194	92071,1246	2784,40901	467316,645	2322056,77	25,2202499
70 74	176	1	0,00568182	0,04261364	89286,7156	3804,83163	455945,657	1854740,12	20,7728564
75 79	141	0	0	0	85481,8839	0	427409,42	1398794,46	16,3636364
80 84	99	3	0,03030303	0,22727273	85481,8839	19427,7009	475978,672	971385,045	11,3636364
85 E MÁIS	95	10	0,10526316	1	66054,183	66054,183	495406,373	495406,373	7,5

ANEXOS DA EDUCACIÓN**CADRO Nº1: POBOACIÓN SEGÚNDO TITULACIÓN ACADEMICA
POR SEXO, GRUPO DE IDADE E NIVEL DE INSTRUCCIÓN.**

Idade	<=15		16-27		28-39		40-51		52-63		64-75		76 e máis	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
Analfabetos	0	0	0	1	0	2	4	3	7	20	14	94	44	154
Est. Prim. Sen acabar	222	229	254	213	252	236	377	377	414	419	393	389	134	207
Cer. Est prim. Sen titulo de bacharelato.	0	0	218	238	221	218	88	58	19	9	7	2	-	-
Grad. Esco. Elem con revalida	6	2	9	11	11	15	24	23	10	12	7	3	-	-
F.P.I.	0	0	11	5	2	4	1	0	1	0	0	0	0	0
BUP ou F.P.II	0	0	68	65	98	92	47	38	16	7	11	5	-	-
Tit. Universitaria.	0	0	2	1	5	2	2	0	1	1	1	0	0	0
Totais.	228	231	562	534	589	569	543	499	458	468	432	493	178	361

Fonte: Elaboración propia, a través dos datos proporcionados no Padrón Municipal de Camariñas.

FICHAS DAS ENTREVISTADAS

Mulleres do mar.	Idade	Ocupación Actual	Ocupación Anterior	Lugar
M ₁	35 anos	Percebeira	Operaria da conserveira	Sta Mariña ¿?
M ₂	20-30 anos	Mariscadora a flote	Operaria da conserveira	Camariñas
M ₃	35-40 anos	Traballadora en terra para embarcación familiar		Camelle.
M ₅	50-55 anos	Mariscadora	Operaria da conserveira	Camariñas
M ₆	50-55 anos	Mariscadora (directiva)		Camariñas

Mulleres da conserveira	Idade	Lugar	Ocupación actual	Ocupación anterior.
C1	30-40 anos	Camariñas	Operaria da conserveira	
C2	20-30 anos	Camariñas	Percebeira	Operaria da conserveira
C3	40-45 anos	Camariñas	Membro da directiva da conserveira	

Outras entrevistas	Idade	Lugar	Ocupación actual	Ocupación anterior.
PS	40-45 anos	Camariñas	Profesional da saúde	
F	40-45 anos	Camariñas	Farmacéutica	

PT	45-50 anos	Ponte do Porto	Empresaria do têxtil	Incrustadora de palillo
IP	60-65 anos	Camariñas	Vendedora	Palilleira

FICHA TÉCNICA DO GRUPO DE DISCUSIÓN DAS PALILLEIRAS.

CRITERIOS EMPREGADOS PARA A DETERMINACIÓN DO GRUPO: a principal variable utilizada para a configuración do grupo de discusión foi a da **idade**. Esta é unha variable fundamental á que lle asocian múltiples aspectos que determinan unha tipoloxía de mulleres rurais. Ademais da idade a outra variable utilidade foi a do **habitat**, referido neste caso a cada unha das parroquias que componen o concello de Camariñas: Ponte do Porto, Camelle, Xaviña e Camariñas.

DESCRIPCIÓN DO GRUPO DE DISCUSIÓN.

No grupo participaron un total de 7 mulleres.

Denominación	Idade	Orixe	Asociación a que pertence	Especialidade dentro do palillo
P1	35-64 anos	Camariñas	Rendas	Palilleira
P2	Máis de 64 anos	Camariñas	Ningunha	Palilleira
P3	9-34 anos	Xaviña	Ningunha	
P4	35-64 anos	Camariñas		
P5	35-64 anos	Ponte do Porto	Ningunha	
P6	9-34 anos	Camariñas		
P7	35-64 anos	Camelle	Ningunha	Incrustadora

DINÁMICA: O grupo foi semidirixido a través dun guión moi xenérico.

LUGAR DE REALIZACIÓN DO GRUPO: O grupo desenvolveuse nunha sala habilitada polo concello e facilitada polo concello de Camariñas

REXISTRO: audio e observación presencial de carácter non verbal.

TRATAMENTO: análise do discurso a partir das transcripcions de rexistros, atendendo a imputacións de relevancia das emisións segundo a súa observación nas polaridades: consenso-disenso, implícitude-explicitude espontaneidade-carácter reactivo.

FICHA DAS MULLERES PARTICIPANTES NA XORNADA DE DEMANDAS

Rexistro	Idade	Nivel de estudos	Poboación	Ocupación	Estado Civil
D1	40-45 anos	Primarios	Xaviña	Mariscadora	Casada
D2	Máis de 65 anos	EGB	Ponte do Porto	Palilleira	Casada
D3	55-60 anos	EGB	Camariñas	Ama de casa	Casada
D4	55-60 anos	Primarios	Camariñas	Ama de casa	Casada
D5	Máis de 65 anos	EGB	Camariñas	Ama de casa	Solteira
D6	50-55	Primarios	Camariñas	Palilleira	Viuva
D7	45-50 anos	Primarios	Arou	Ama de casa	Casada
D8	45-50 anos		Camariñas	Conservera	Casada
D9	35-40 anos		Santa Mariña	Marinera	Casada
D10	40-45 anos		Santa Mariña	Mariñeira y Armadora	Casada
D11	40-45 anos		Camariñas	Ama de casa	Casada
D12	35-40 anos		Santa Mariña	Marinera	Casada
D13	30-35 anos	COU	Santa Mariña	Mariñeira	Casada
D14	40-45 anos	Primarios	Arou	Ama de casa	Casada
D15	30-35 anos	Primarios	Arou	Mariñeira e percebeira	Casada
D16	35-40 anos	Superiores	Camariñas	Economista	Solteira
D17	30-35 anos	Diplomada	Camelle	Secretaria	Casada
D18	25-30 anos	Cursando estudos supriores	Camariñas	Axente de seguros	Solteira
D19	30-35 anos	Graduado escolar	Xaviña	Autónoma da hostelería	Casada
D20	30-35 anos		Camariñas	Conserveira	Solteira
D21	25-30	Graduado escolar	Camariñas	Ama de casa	Casada
D22	30-35 anos	FP2	Camariñas	Auxiliar	Casada

				administrativa	
D23	20-25 anos	Diplomada	Camariñas	Traballadora social	Solteira
D24	20-25 anos	FP2	Camariñas	Auxiliar administrativa	Solteira
D25	20-25 anos	FP2	Camariñas	Encuadernadora	Solteira
D26	Máis de 65 anos	EGB	Camariñas	Ama de casa	Viuva
D27	50-55 anos	Primarios	Camariñas	Mariscadora	Casada

ANEXOS DO PARO FEMININO.

Registro de parados de Camariñas por sexo e idade no 2003.

CAMARIÑAS	MES MAIO	ANTERIOR	VARIACIÓN	-25 ANOS	+25 ANOS	TOTAL
HOMES	216	226	-10	15	77	186
MULLERES				13	109	

Fonte: "Registro do paro da Xunta de Galicia de Maio do 2003".

Registro de parados de Galicia por sexo e idade no 2003.

GALICIA	TOTAL IDADE	MENORES DE 25 ANOS	%	MAIORES DE 25 ANOS	%
HOMES	55.400	10.118	7,14	45.282	32
MULLERES	86.144	13.397	9,46	72.747	51,4
TOTAL	141.544	23.515	16,61	118.029	83,38

Fonte: "Estudios estadísticos do INEM de Xunio do 2003".

Distribución da poboación desempregada de Galicia por sector económico y sexo

GALICIA	AGRICULTURA	%	INDUSTRIA	%	CONSTRUCCIÓN	%	SERVICIOS	%	TOTAL SECTORES	%
HOMES	2.127	1,50%	9.235	6,52%	13.532	9,56%	22.619	15,98%	55.400	39,13%
MULLERES	1.196	0,84%	13.975	9,87%	1.780	1,25%	47.472	33,53%	86.144	60,86%
TOTAL	3.323	2,34%	15.312	10,81%	70.091	49,51%	29.608	20,91%	141.544	100%

Fonte: Estudios Estadísticos do INEM de Xunio do 2003.

Demandantes de emprego en Camariñas por sexo e grupos de idade.

	<=17		18-25		26-35		36-45		46-55		56-65		TOTAIS	
HOMES	2	0,67%	39	13,17%	41	13,85%	24	8,1%	19	6,41%	10	3,37%	135	45,6%
MULLERES	4	1,35%	43	14,52%	51	17,22%	36	12,1%	19	6,41%	8	2,70%	161	54,4%

Fonte: Datos do S.G.I.

BIBLIOGRAFÍA DA PRIMEIRA PARTE

Castro, R., *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 1996

De la Cruz, C., *Guía metodológica para integrar la perspectiva de género en proyectos y programas de desarrollo*, Emakunde Dir. Geral de Cooperación al Desarrollo, Vitoria-Gasteiz, 1988

Del Campo, Salustiano. *Nuevo análisis de la población española*. Editorial Ariel. 1987
Barcelona.

Gómez Redondo, Rosa. *La mortalidad infantil en el siglo XX*. Edita CIS 1992. Madrid.

Gondar, M., *Mulleres de Mortos. Cara a unha antropoxía da muller galega, Xerais, Vigo, 1991*

Gondar, M., *Enciclopedia Gallega*

Livi-Bacci, M. *Introducción a la demografía*. Editorial. Ariel. 1993. Barcelona

Méndez, L., *Cousas de mulleres: campesinas, poder y vida cotidiana. Lugo (1940/1980)*, Anthropos, Barcelona, 1988

Puyol Antolín, Rafael. *La emigración 1988*.

Puyol Antolín, Rafael. *Emigración y desigualdades regionales en España (XIX-XX)*.

Puyol Antolín, Rafael. *La Población*. Editorial Síntesis. 1994. Madrid.

Tapinos, George. *Elementos de demografía*. Editorial Espasa-Calpe. 1998. Madrid.

Tapinos, George. "Las migraciones internacionales y el desarrollo". En revista de estudios migratorios. Nº2.

Weeks, John. *Sociología de la población*. Editorial Alianza Universidad. 1990. Madrid.

Censo de la población de A Coruña de 1991. Madrid.

Censo de la Población de A Coruña de 2001. Madrid.

Movimiento Natural de la Población de A Coruña de 1997. Madrid.

BIBLIOGRAFÍA DA SEGUNDA PARTE

Blanco Campaña, Jose Luis, *Camariñas, terra de palilleiras*, Xerais, 1991

Bruquetas Callejo, María; González Rodríguez, Nuria; Lorenzo Vila, Ana; Vila Fernández, Xose Manuel; *Economía Doméstica e economía social. Estratexia de conciliación das mulleres cooperativistas de Vigo*. Concellería de Muller. Concello de Vigo. Estudio sen divulgar.

Calo Lourido, Francisco, *Peculiaridades da sociedade mariñeira*, en Galicia. Antropoloxía, tomo XXVI, Hércules, A Coruña, 1997

Canoura, Concepción, Vilar Pan Eva e Escola Obradoiro de Camariñas, *Características del encaje de Camariñas*, Deputación Provincial, A Coruña, 1995

Durán, M.A., *La jornada interminable*, Barcelona, Icaria, 1986

Gallego Rey, Mario, *Os Encaixes*. Ir Indo Edicións 1979

Palenzuela, P (cit.. por Palmón), *Las culturas del trabajo. Una aproximación antropológica*, en Sociología del Trabajo, nueva época, nº 24, primavera de 1995

Palmón Díaz, Míriam, *No oficio dos percebeis*, en Actas do V Congreso Internacional de Estudantes de Antropoloxía, Compostela, 1997

Santasmariñas Raposo, Prudencia, *A muller mariscadora e o proceso de cambio*. Artigo sen publicar.

VV AA, *Galicia: O oficio de vivir. O mar, Nigra, S.L.Produccións Culturais, Vigo, 1991.*

ARTIGOS

Bertojo, Micky, *Camariñas, los tesoros en algodón y lino*, en "Revista Artesán", nº 0, Asociación Galega de Artesáns, A Coruña, 1988

Fernández, Begoña, *artigo* na revista *Mujer Trabajadora*, nº 6, C.G.T., primavera 1993

Encaixe de Camariñas, en "Revista Artesán", nº 4, Asociación Galega de Artesáns, A Coruña, 1992

Vilar Ponte, Antón, *As encaixeiras*, artigo en "Rexurdimento" (facsimil), 2ª época, 1923

ESTUDOS SECTORIAIS

Estado actual del Encaje en Camariñas, Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas, 2000 (non editado)

Proxecto Encaixe: estudo de situación sobre o sector do encaixe nos concellos de Camariñas, Muxía e Vimianzo, OBZ Management Consulting, 2000, para a Consellaría de Familia, Muller e Xuventude (non editado)

Diagnose da situación das mulleres nas terras do Navea-Bibeí. Concellos de Pobra de Trives, San Xoan de Río e Manzaneda. Eira S.C. Equipo profesional de Estudos sociais. (Estudo sen publicar)

EN INTERNET

www.mecam.com

Primo de Rivera, Pilar, 1942. Extracto de www.nodo50.org/despape/Eventos/femeninas.htm

BIBLIOGRAFÍA TERCEIRA PARTE

Gondar Portasany, Marcial, *Mulleres de Mortos. Cara unha antropoloxía da muller galega*, Xerais, Vigo, 1991.

ARTIGOS

G. Sánchez-Albornoz, Elisa: "Os efectos da marea negra nas mulleres galegas: As mulleres galegas, viúvas de vivos en Galiza", en www.adegagaliza.org/prestige_catastrofe/documentacion/documentos.htm

Muñiz de las Cuevas, Ramón: "Efeitos sociolóxicos do Prestige". Conferencia pronunciada no Peche Aberto, que organizou a Plataforma Nunca Máis en Muxía, o día 18 de Xaneiro de 2003.